


ACTAS DO
SIMPOSIO INTERNACIONAL
DE ANTROPOLOXÍA



In memoriam
Fermín Bouza-Brey



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

R. DEZAS

CCG
1994
60

ACTAS DO SIMPOSIO INTERNACIONAL DE ANTROPOLOXÍA

In memoriam
Fermín Bouza-Brey

Folklore
Etnografía
Literatura oral



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Ponencia de Antropoloxía Cultural

EDITA:

© Consello da Cultura Galega

ISBN: 84-87172-85-7

D.L.: VG-57-94

MAQUETACIÓN: DINATEX

IMPRIME: Gráficas Pomba. Vigo

ACTAS DO SIMPOSIO DE
ANTROPOLOXÍA
«In memoriam Fermín Bouza Brey»

Santiago de Compostela, 10, 11 e 12 de setembro de 1992

Comisión organizadora:

Presidente: Antonio Fraguas Fraguas


Vocais: Xosé Manuel González Reboredo

Xosé A. Fidalgo Santamariña



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Ponencia de Antropoloxía Cultural



ÍNDICE

NOTA INTRODUCTORIA	7
A ANTROPOLOXÍA CULTURAL NOS ESTUDIOS DE GALICIA (Discurso de apertura) Por Xosé Filgueira Valverde	9
DON FERMÍN BOUZA BREY TRILLO DE FIGUEROA Por Antonio Fraguas Fraguas	15
FERMÍN BOUZA-BREY ETNÓGRAFO E FOLKLORISTA Por Xosé M. González Reboredo	25
CULTURA E EXPERIENCIA HUMANA NA ANTROPOLOXÍA ROMÁNTICA DE GALICIA Por Xaquín Rodríguez Campos	41
A ETNOGRAFÍA NA OBRA DE F. BOUZA BREY: UN PASADO CON FUTURO Por J. M. Vázquez Varela	49
BOUZA BREY E O ENTROIDO Por Xosé R. Mariño Ferro	57
BOUZA-BREY E A OFIOLATRÍA EN GALICIA Por Manuel Mandianes e Fina María Antón Hurtado	67
OS NOMES DA FOLLA DO PIÑEIRO NO CONCELLO DE ROIS. Achegamento escolar á obra de Fermín Bouza-Brey Por Clodio González Pérez	177

«SARMIENTO DE GAMBOA, NAVEGANTE GALEGO. UNHA HISTORIA-ENQUISA ANTROPOLÓXICA» Por Xosé Filgueira Valverde	91
INSTITUCIÓN ANTROPOLÓXICAS EN GALICIA Por Xosé Fuentes Alende	99
LA ANTROPOLOGÍA GERMANA Por R. Valdés del Toro	107
EL MUNDO FOLK EN LOS ESTUDIOS ANTROPOLÓGICOS Por Claudio Esteva Fabregat	125
SETENTA AÑOS DE ANTROPOLOGÍA CULTURAL EN EL PAÍS VASCO (1920-1990): LA ESCUELA ETNOGRÁFICA DE JOSÉ MIGUEL DE BARANDIARÁN Por Gurutzi Arregi Azpeitia	151
LA TRADICIÓN ORAL. UN ENSAYO SOBRE LA CONFUSIÓN ENTRE TEXTOS Y PROCESOS Por Honorio M. Velasco	165
SOBRE LAS DEFINICIONES DE FOLKLORE: VIEJOS CONDICIONAMIENTOS Y NUEVOS ENFOQUES Por Luis Díaz Viana	179
LE SYSTÈME AGRAIRE ATLANTIQUE EN FRANCE AU XIX ^e SIÈCLE: DEFINITIONS E HYPOTHÈSES Por Jean René Trochet	189
LA LEYENDA DEL COMTE ARNAU: TRADICIÓN ORAL Y TRADICIÓN ESCRITA Por JOAN PRAT	203
LE SAINT ET LE SERPENT, LÉGENDE DE PÈLERIN D'AUXERRE, EN PUYSAYE Por Denise Glück	217
TÉCNICAS NARRATIVAS DEL CUENTO POPULAR GALLEGO Por Alicia Ramos	229
CONTOS POPULARES DE TRADICIÓN ORAL RECOLLIDOS EN GALICIA: ESTRUCTURA E SENTIDO Por Xosé Antón Fidalgo Santamariña	243
DE LA COPLA AL CONTENIDO: ANÁLISIS CONTEXTUAL DE LA NARRATIVA POPULAR GALLEGA Por Miguel M ^a López Coira	285
ESTRUCTURAS SOCIALES Y MANIFESTACIONES RELIGIOSAS EN <i>LOS RAMOS CANTADOS EN LA PROVINCIA DE LEÓN</i> Por José Luis Alonso Ponga	301

NOTA INTRODUCTORIA

O Simposio Internacional de Antropoloxía en lembranza de Fermín Bouza-Brey, eminente etnógrafo e folklorista, ademais de erudito nos máis diversos saberes e importante poeta, tivo lugar en Compostela os días 10, 11 e 12 de setembro do 1992. A Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega programou o encontro co fin de que xirara arredor de tres temas específicos, que foron os dos enfoques teóricos no tempo de Bouza e a análise da súa obra, a relación entre Antropoloxía e Folclore e, finalmente, a literatura oral, tema este último cultivado con asiduidade polo homenaxeado.

Para abordar esta temática conseguiu-se a colaboración dun grande feixe de investigadores galegos e foráneos que, agás algunha excepción, entregaron os seus orixinais para proceder á publicación das Actas que agora ven a luz. Dentro da diversidade que o lector podera apreciar, tanto no enfoque coma na temática, tratamos de agrupar as contribucións por bloques de contido, resultando unha primeira parte na que predominan os traballos centrados en Bouza-Brey, na súa obra e na historia da Antropoloxía de Galicia. Veñen a seguir contribucións de tipo xeral, ou referidas a zonas concretas da Península, do que poden ser bo exemplo as de dous eminentes profesores, os Sres. Esteva Fabregat e Valdés del Toro. Finalmente situamos un feixe de traballos nos que dominan contribucións ó estudio da literatura oral, tema, como dixemos, moi querido por Fermín Bouza-Brey.

A comisión organizadora do Simposio quere agradecer a todos os participantes a súa valiosa colaboración. Resultado da mesma é esta publicación que coidamos resulta un importante paso nos estudos antropolóxicos tanto para Galicia coma para Europa en xeral.

No noso labor contamos co apoio decidido tanto da Dirección do Consello da Cultura Galega coma do Plenario da Institución. Mención especial merecen tamén os funcionarios do Consello da Cultura Galega, que coa súa experiencia e bo facer converteron a organización do encontro en algo realmente efectivo. A todos eles, pois, as nosas sinceras gracias.

A. FRAGUAS FRAGUAS
X.M. GONZÁLEZ REBOREDO
X.A. FIDALGO SANTAMARIÑA

A ANTROPOLOXÍA CULTURAL NOS ESTUDIOS DE GALICIA (Discurso de apertura)

Xosé Filgueira Valverde
Presidente do Consello da Cultura Galega

Benvidos. Gracias por teren acollido a chamada do Consello da Cultura a este Simposio das «ciencias novísimas» do home, dedicado a Bouza Brey no ano que Galicia consagra á súa memoria. Falamos de «dedicarlle» e deberamos mellor dicir que nos preside, tan vizosa está a súa memoria en compañeiros e amigos que todos podemos considerarnos discípulos seus. Vinculeiro dos mestres da «Xeración Nós», sentiu, coma eles, o profundo de servir a Galicia en tódolos eidos da cultura. Mais, na actividade de polígrafo, á par da creación literaria e do cultivo da arqueoloxía, da historia dos feitos, das vidas e das artes, foi, sobre todo, un antropólogo. Con Risco soubo acha-lo senso transcendente dos mitos; con Cuevillas, axunta-los saberes da arqueoloxía e da tradición oral; con Otero aprendeu a recoñece-la pegada da Natureza nos homes; con Castelao inqueriu o pasado nas labras; con Cotarelo a entraña viva da lingua; con Cabeza de León, leis e bibliografía; con Pérez Costanti soletreou a escrita dos devanceiros... Na súa obra está patente a fidelidade para con todos eles e para cantos viñeron na súa axuda. Nos relatorios desta xuntanza vanse pescudar tantas contribucións valiosísimas de Fermín Bouza á etnografía galega, nas seccións do «Seminario de Estudos», no Instituto «P. Sarmiento»; na «Academia», en Congresos e Coloquios, no libro, no arquivo, nas conferencias; nas escavacións, na conversa siareira.

E xa que louvámola súa fidelidade ós que o encarreiraron no camiño das letras, será ben que lles dediquemos un anaquiño de tempo, nesta apertura, ós precedentes no cultivo do que hoxe chamamos «Antropoloxía».

ANTIGAS FONTES

Dise que raro será o libro no que os antropólogos non atopen unha liña de proveito. Os nosos lucráronse das que fornecen datos da vella «Gallaecia», sobre todo, nos xeógrafos (paradigma «Os Oestrimnios» de Cuevillas e Bouza) e mesmo nos poetas (glosas a Sílio Itálico). Os cánones conciliares esclarecen as brétemas do priscilianismo. Idacio revela agoiros. O «De correctione rusticorum» é coma un tratadiño das crenzas galegas. As visións do máis alá recollidas por Díaz e Díaz son un tesouro aínda pouco asollado. O sermón «Veneranda dies», os «Cancioneiros», os milagres afonsís son manadoiros que non se esgotan.

Poucas son as referencias que os viaxeiros deixaron sobre a vida, costumes e folclore do pobo; poucas e, por veces, noxentas. Fóra de agardar unha colleita

abondosa, tendo en conta a presenza de tantos peregrinos que relataron a súa vinda e que mesmo trouxeron cronistas e, nalgún caso, debuxantes.

Foi mágoa o fracaso da iniciativa de Álvaro Cadaval para unha descrición consultada ás vilas e señoríos (1569). A de Molina (1550) é moi parca en referencias e son poucas, aínda que tamén valedeiras, as que poden achegar apuntamentos anteriores coma os do Bacharel Olea (1536).

En troques, ten un valor senlleiro a presenza galega nos «Refranes o proverbios en romance» do Comendador Hernán Núñez, editado no 1555, e do que fixo no cuarto centenario un axeitado comentario Fermín Bouza.

Contería curiosísimas noticias «La garatusa gallega, que trata de las cinco provincias y de las gentes naturales dellas» de Vasco Días Tanco.

Fonte importantísima son as «Constitucións sinodais» recollidas agora baixo a dirección de García y García; as haxioloxías do xorne da celanovense de San Rosendo, as historias de ordes e mosteiros (Peralta, Cárabajo, Castro), as de santuarios (Castellé Ferrer, Pallares, Muñoz de la Cueva), os nobiliarios (Barcelos, Aponte, Porreño, Saavedra), e a abondosa bibliografía xacobeá.

AS HISTORIAS XERAIS E OS SEUS PROEMIOS

A relación das historias xerais de Galicia que se teñen perdido confirma o dito de que somos «un país de desfeitas». Cómpre salientar, nas que restan aínda inéditas, a de Rodríguez Novoa (1648), recuperada de recente, e a de Álvarez Sotelo (comezos do XVIII), coa presenza de capítulos referentes á vida e costumes, precursores das que ilustrarían logo as do século XIX.

Os «Anales» de Huerta y Vega (1733) teñen para nós un dobre interese. Cando acolle datos certos con rigor crítico, digno de gabanza na época, e cando ó recoller fábulas, con candor ou con tolerancia, nos pon en camiño de coñecer-las súas orixes.

OS ILUSTRADOS DO XVIII

Non só nos estudos atinxentes a Galicia senón no horizonte xeral das ideas, dous grandes ilustrados deixan contribucións de transcendental valor: Feixoo e Sarmiento. Os dous teñen un posto na historia da Antropoloxía. Nos eidos do pensamento, o autor do «Teatro Crítico», aínda que na súa loita contra prexuízos e tópicos non esquecera a súa terra, á que lle dedicou páxinas tan significativas como as referentes ás supersticións, á «campá profética», á maxía, ás insuas, á medicina... Sarmiento, verdadeiro planificador dos «Estudios galegos» no que chamariamos «plan Alethophilo», indagador da entraña da lingua, iniciador da toponomástica-histórica, recolleu tamén o que el chamaba «fórmulas y costumbres singulares».

No ronsel delas traballan Sobreira e Cornide.

O P. Sobreira, discípulo e continuador de Sarmiento, proxecta a «Idea de un Diccionario» e xunta materiais para compoñe-lo estudio conxunto da «Galicia Ilustre», a «Territorial», a «Eclesiástica», a «Jurisdiccional», a «Secular», a «Rural», incluíndo nesta, coa «razón de todas las aldeas, "moleixas" y barrios», o «carácter de cada pueblo, vestidos, viviendas, juegos, ferias y mercados (...), y cuantos objetos puedan conducir a una primera y completa Historia de Galicia». El foi un dos primeiros recolectores de cantigas do acervo tradicional.

Cornide Saavedra, bo coñecedor dos clásicos e da bibliografía foránea, deixounos copiosos traballos sobre a mitoloxía, a xeografía histórica, a minería, a pesca e os peixes, os xogos... e pormenorizadas impresións de viaxes polos nosos camiños.

O «REXURDIMENTO»

No «Rexurdimento», á par dos autores que senten o anxeio de traballar con certo rigor histórico (Gil Rey, Neira de Mosquera, Vereá, μvila, Barreiro...) xorde unha faceta que é para nós moi atraente. O cultivo da novela histórica, moitas veces con base tradicional, e a aparición da historia-novela, da que é arquetipo a obra de Vicetto. E non só estas dúas liñas, senón toda a literatura de acción, e a poesía descritiva, pintoresquista merecen o interese do antropólogo. Bouza Brey dá bo exemplo nas análises de Rosalía.

A monografía descritiva inicial, básica, que comeza nos historiadores barrocos, desenvólvese no «rexurdimento». Así, na «Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia» de Martínez Padín (1849), despois dun exordio, baixo o título «¿Qué es Galicia?», detense nunha descrición polo miúdo dun amplo panorama da xeografía e da vida social cuns capítulos onde se fala da lingua, carácter, alimentación, traxe, diversións, costumes relixiosos...

No 1866 sae o primeiro tomo da «Historia de Galicia» de Manuel Murguía, «pater patriae». O «Preliminar» é longo, elocuente. As «Consideraciones Generales» comprenden xa: poboación, razas, costumes, divertimentos, semellanzas cos pobos celto-arianos, tradición, aptitudes, poesía popular, fala... Villamil y Castro, moi crítico para el, tivo que recoñecer que conseguira figurar «al tanto de los conocimientos del día en punto a arqueología, etnografía y filología».

Estas monografías previas chegarían a acadar un valor sobranceiro coas que abriu a frustrada «Historia» de Otero Pedrayo, exemplo e cumio da nosa antropoloxía.

PRECURSORES DA RECOLLIDA FOLKLÓRICA

Polo mesmo tempo iniciábase o traballo en áreas antes desleixadas. Valladares, Adalid, Tafall, Arana, Montes... colleitan o folclore musical. O exemplo e a achega monográfica de Milá i Fontanals aguilloan a colleita de cancioneros da tradición oral; Saco y Arce, Pérez Ballesteros, Casal, do refraneiro e do conto.

A par do modelo catalán e do pulo recibido desde Sevilla, do que axiña falaremos, chega o influxo dos mestres lusitanos, encabezados por Leite de Vasconcelhos, Gama e Braga, por xuntoiros e sociedades, por revistas da altura de «Portugalia». Culminaría nos Congresos e Coloquios do noso tempo. Ten un grande avance a xeografía descritiva, cos colaboradores de Madoz, Fontán, Valladares...

Comeza a interesar así mesmo o dereito peculiar (Porto, García Ramos...), a vida rural (Tenorio) e non tardaron en chegar outros mestres de fóra que abrían camiño ó estudio da cultura material (Frankwuski, Krügar).

O LABOR COLECTIVO

Hai un século, na derradeira década do XIX, chega o intre dunha fonda renovación. Pásase do labor illado, individual, a unha colaboración en institucións que logo tería o seu cume no «Seminario de Estudos Galegos».

A verba «folklore» nacera, como é ben sabido, no ano 1846, nunha comunicación de Thomas ó «Atheneum» de Londres. No ano en que Sébillot inicia co mesmo nome o seu boletín (1891), fúndase en Sevilla a primeira «Asociación del Folklore» por iniciativa de Antonio Machado y Álvarez («Demófilo»), seguindo as indicacións de Schuchardt e de Federico de Castro.

Machado era galego. Nacera en Compostela no ano memorable do 1846, aínda que nunca puxera aquí os pés, como el dicía, porque a familia marchou axiña. Alonso Montero e mais eu temos falado da súa relación con Galicia. Nos anos oitenta publicou unha recensión do artigo precursor de Milá y Fontanals e notas sobre xogos, adiviñas, refráns, romances, cantigas... Logo promovería o «cancioneiro» de Pérez Ballesteros e a súa edición, cun importante apéndice. Foi Machado quen promoveu a fundación da «Sociedad del Folklore Gallego». A xuntanza para o lograr celebrouse o 29 do nadal do 1883, no pazo urbano da Condesa de Pardo Bazán que é hoxe sede da Academia Galega. Alí foi nomeada presidenta Dona Emilia non só polo seu entusiasmo e dotes senón tamén por «su posición social y hasta la indiscutible autoridad de su sexo». Formaron con ela a primeira xunta Salinas, La Iglesia, Pérez Ballesteros, Pérez Regojo, Segade e Salvador Golpe. Entre os traballos redactouse un «Cuestionario» xulgado «en medios internacionais como el más completo, metódico y científico que hasta hoy ha visto la luz en Europa»; tratou da iniciación dun Museo. A «Sociedad» foi a única presenza española nos xantares de «Ma Mére l'Oie», verdadeiros coloquios internacionais de antropoloxía cultural.

Dez anos despois, a Asociación acorda disolverse, para se constituír en «Academia Gallega», logro que se retrasaría ata o ano 1906 en que acaba o esforzo de Fontenla Leal e Curros que a promovían desde A Habana. A nova Corporación engádelle ás súas finalidades as da «Sociedad del Folklore». Será Murguía o primeiro director, pero Pardo Bazán é nomeada Presidenta de Honra e Pérez Costales, académico honorario. No «Boletín» e tamén en moitos dos discursos de ingreso recolléronse valiosas contribucións á etnografía galega.

O «Ateneo de Madrid» levou a cabo novas enquisas nos anos 1901-1903. Unha enquisa sobre nacemento, matrimonio e morte, afortunadamente conservada e publicada por este Consello da Cultura cun prólogo ilustrativo de González Reboredo e notas de Mariño Ferro, Hermida, Ledo e Rei. O Consello reeditou ademais a «Arqueología jurídico consuetudinaria de Galicia» de Alfredo García Ramos, que é resposta a outra información da «Real Academia de Ciencias Morales y Políticas» no 1910. Leva outra interesantísima introducción de Antón Fraguas.

Entretanto agromaba a «Sociedad Arqueológica de Pontevedra» en torno á figura excepcional de Sampedro y Folgar, humanista, polígrafo, musicólogo, estudioso da arqueoloxía, paleógrafo, erudito na historia local e na da pesca e dos gremios de mareantes. A institución tivo orixe na xuntanza que salvou da desfeita, no 1889, as ruínas de San Domingos. Foi establecida o 12 de agosto do 1892. Nos estatutos quedaba sinalado o interese polos costumes, a música e a poesía popular. Neste aspecto tivo, entre outros, tres excelentes cooperadores: Casal Lois, pouco coñecido, investigador da antropoloxía popular, recolector dun abondoso cancionero, precursor do estudio monográfico da parroquia rural co seu traballo sobre a de Salcedo; Víctor Said Armesto, medievalista, músico, con excelente técnica no inquerito da literatura oral; Enrique Campo, hábil debuxante de monumentos e lugares, do hábitat e das labras. A máis do abuntante estudio sobre as artes, os gremios e os costumes da xente mariñeira, a «Sociedad Arqueológica» colixiu a primeira Colección de Música Popular Galega, realizada por Sampedro coa eficazísima axuda de Víctor Said e coas achegas de cantos traballaban daquela sobre o tema en Galicia. Recolleu, tamén, as verbas e mailos ditos da xiria dos «arghinas», os canteiros. Iniciaba no Museo onde recolleu instrumentos e aparellos de traballo ademais de antigüidades e publicou tres volumes de «Documentos» para a historia local.

Tamén en Ourense, baixo a égida do egrexio humanista, Marcelo Macías, outro grupo dedicouse á investigación do pasado, das letras e das artes, e non esqueceu a literatura popular. Alí foi Saco e Arce quen levou a cabo un traballo máis eficaz, agora reeditado. Estes eruditos influíron moito na formación dos homes da «Xeración Nós» e dos seus seguidores.

En Compostela o labor ten outro cabezaleiro insigne, López Ferreiro, a quen tanto lle debe a nosa historia. Sen constituír unha entidade especializada, pero sempre á beira das Universidades e da «Sociedad Económica», os homes que chamáramos promotores da Exposición do 1909, continuadores do precursor Neira de Mosquera e dos redactores da «Galicia diplomática». Abonda lembralos nomes de Cotarelo, Oviedo Arce, Vázquez Queipo, os Rodríguez Seoane, Portela. Cando se inicia a revista «Utreya» saíron nela colaboracións primeirizas de Fermín Bouza.

En Lugo e as súas comarcas a actividade conxunta foi moi tardía. O maxisterio de Villa-amil e Castro, os traballos de López Peláez, Amor Meilán,

Lence Santar, Noia, Lanza, Noriega, Bo Pita... responderon a esforzos illados. O novo impulso viría xa nos anos trinta, partindo da comisión de Monumentos e do Museo: Vázquez Seixas, Vázquez Saco, Trapero Pardo...

O «Seminario de Estudos» tivo precedentes inmediatos: o Instituto coruñés, de curta vida, convocou o «Congreso» do 1910 e promocionou traballos. E a «Xuntanza» ou «Centro de Investigacións Históricas» de Pontevedra, onde Losada Diéguez e Castelao intentaron dar nova vida á «Arqueolóxica» de Sampedro. Nel comezamos a traballar Fraguas, Sabastián González e mais eu. Incorporouse ó Seminario santiagués un ano despois.

Remato. Árbore sen raigaña pouco medra. Aviventa-la memoria histórica non é deterse a ollar atrás, coma a muller de Loth, é afincarse no chan para acadar un novo pulo. Os feitos recontados hoxe non son estrelas mortas senón lumaradas acesas nos nosos camiños; os de «Nós», do «Seminario» e de Bouza, «porque non tolle a morte a árbore dos cantores», dicía no 1941. Por iso nos axuntamos hoxe, no vizoso lembrar do mestre. Coma noutros días de señardade diremos coas verbas de fillo de «Demófilo», que, coma el, benquería a este pobo de Galicia:

«¿Murió?... Sólo sabemos
que se nos fue, por una senda clara,
diciéndonos: «Hacedme
un duelo de labores y esperanzas».

DON FERMÍN BOUZA BREY TRILLO DE FIGUEROA

Antonio Fraguas Fraguas
(Consello da Cultura Galega)

Fermín Bouza Brey Trillo de Figueiroa, como asinaba algunha vez, naceu en Ponteareas o 31 de marzo do 1901. Era fillo de Don Luis Bouza Trillo, natural de Vilagarcía e de Dona Orenxia Brey Lores, natural de Pontevedra. Seu avó paterno, Don Manuel Bouza, era natural de San Xurxo de Sacos, en Cotobade e a súa avoa Narcisa Trillo era natural de Santiago.

Don Luis Bouza, o pai de Don Fermín, estudiou para crego e deixou a carreira. Era poeta e periodista e fundou en Santiago *La Estrella Galaica e Fin de Siglo*. O periódico valeulle ter un posto no traslado de Rosalía de Iria a San Domingos en Compostela. En Vilagarcía *El Faro de las Rías, El Pueblo e La Opinión*, e en Carril funda e dirixe *Crónica Carrileña*, onde publica a súa novela por entregas *La Torre de Mirandelo*. A poesía deulle a Don Luis bastantes premios, por iso Non Aforcou as musas, non fixo máis que aparcaldas e deixar que acougasen ó redor do seu fillo, porque don Fermín todo via con sensibilidade de poeta e dona Emilia, a súa esposa, ó falar do seu home e dar o seu xuízo dixo que «*ante todo era un poeta*» e para xulgalo denantes de nada debemos coñecer a súa composición ós vinte anos: «*Romance dos vinte anos*»

¡Vinte anos...! Foron vinte
as doridas badaladas
que no relox da Existencia
espallaron as campanas.
Tremeo toda a honesta torre
da miña vida pasada.
Un bando novo de pombas
feito de ensonos de nacra
veu a mergullar a pruma
na miña festa Castalia
e na aresta mais esquiva
da torre nunha escalada
a bandeira do Desexo
despreguizou suas azas.
¡Vinte anos! ¡Leda idade!
¡Inda se soña cas fadas!
Temos todos unha noiva:
a estreliña da esperanza.

Ri pra nós a Natureza
con líricas gargalladas;
e pregan por nos as nais;
e nos unxen de rapazas
ca dozura dos seus bicos
e co mimo das suas bágoas,
alcenden pra nos mais mundos
as noitiñas estreladas...
¡cada luceiro un diamante
e cada estrela unha lámpara
pra ver millor os carreiros
de camiño pras fiadas!
¡Vinte anos...! Cando cruxan
as trabes da miña casa
co rudo empuxe do vento
dos anos y-a treboada
da Vida; cando xa teña
croa de guedellas brancas,
¡quero que fuxa a mamoria,
que non veñan os pantasma
do tempo ido a cravarme
o coitelo das lembranzas!

Unha mostra como poeta neotrobadorista, dando vida as formas medievais que tanto estimaba Cunqueiro. Velaquí unha mostra de Don Fermín, adicada á súa meniña morta, que está no cemiterio de Cortegada de Miño. A estrofa é esta:
No Cemiterio de Cortegada de Minho:

Bem vim o gaio
do corpo lavrado
na pola do pino delgado.
Bem vim o gaio
do peito chorido
na galha do pino brandido.
«Bem hajas, gaio,
c'o teu cantorio,
que eissi lavras o meu rechouchio...»
«Bem hajas gaio, co teu leixaprem,
«que eissi me brandeas o peito tamén...»
Bem vejo ao gaio
do bico amaranto
na maceira brava do campo santo.
Bem vejo ao gaio

c'o seu peteirar
orvalhada de froes ceivar.
«Bem hajas, gaio,
c'o teu abaneo,
que eissi compres as mandas do Ceo...»
«Bem hajas, gaio,
c'a tua depena,
que eissi me decoras a campa da Nena!...»

Agora o canto dos *Ultreayas*, que era unha agrupación moi semellante ós Exploradores, antiga formación de mociños á que pertencera Fermín; os *Ultreayas* eran mociños que pertencían a unha organización formada por Alvaro das Casas Blanco e a el está adicada a estrofa, celebrando o periplo, unha viaxe pola costa galega por un grupo de *Ultreayas* acompañados dos profesores Isidro Parga e Ramón Matínez López. A viaxe dirixíaa Alvaro das Casas, daquela catedrático do Instituto de Noia. A música era de Antonio Iglesias Vilarelle. Así era a Canción:

A balandra dos «Ultrateyas»
leva os corazóns por vela;
navega cara ao Futuro
¡Toda Galiza vai nela!
Toda Galiza vai nela,
prenda do meu paladar.
¡Os mares polo Infinito
que levians son de pasar!
Que levians son de pasar,
prenda do meu corazón,
os astros forman triskeles
en cada constelazón.
En cada constelazón,
oise cantar unha estrela:
«Velaivén a fror das naos,
¡¡¡toda Galiza con ela»!!!

E para rematar a parte de poesía o comezo de *Nao Senlleira*, unha das poesías máis belidas para nós:

¡Quen dera ser nao senlleira
n-aquel mar non presentido
das ja mergulladas terras!
Sen ceo, sen astros, sen vento,
sempre â toa polas ondas

deitado no esquecemento.
Sin andar nin desandar,
nin ter outro coído acedo
que leixarde ir polo mar.
¡Quen dera ser nao senlleira!
Sen fito -estrela nin porto-
ser eu a propia ribeira!
¡Quen dera...!

Ó lado da poesía é preciso lembrar a prosa da colección Lar. Na colección Lar publicouse a noveliña *Cabalgadas en Salnés*. A novela forma o número 15 da colección, o que corresponde ó mes de novembro do 1925. Leva unha graciosa introducción falando con ledicia do Primeiro Aniversario por facer un ano que levan publicando as novelas. «Con ledicia cómprenos anotar esta data. A ledicia de ver que o noso proxecto vai camiño adiante, por bon camiño, según nos din os que se preocupan pola cultura da nosa Terra, por bos camiños como nos din os amantes de literatura galega...» *Cabalgadas en Salnés*, ten unha segunda indicación do título, mellor unha aclaración ó título (*Lembranzas de un Fidalgo*).

Andan de comezo os medos ós da gavilla de Xan Quinto, noutros lugares estaban os de Felipe Fiel. Os de Xan Quinto saíranlle ós de Oliveira no rego de Matamulleres. O Fidalgo denantes de saír vai ver o retrato do parente, antigo Inquisidor, Luaces «que escribira alá polo mil seiscentos e pico: *Prado espiritual ou fresco feixe de celeste herba onde a i-alma pode pastar saudabres doutrinas*. Pulábame o desexo de conocer mais aínda aquela caraute que poucos chegaran a comprender, turraba de min, con todo turrar o perigo de me ver envolto como principal monifate daquela farsada moi coñecida na bisbarra de Fiolleda. Vai caíndo a serán e ten moito que andar se non colle a barca de Resende. En Resende pregunta se xa saíu a barca para Fiolledo, que non ia para Fiolledo, que ia para Iñobre, e levaría unha carta para Don Amaro Oidor de Real Audencia conqueridor de rapazas novas. Vivía con un vello criado. A xente tíñelle medo. Agora entre-tíñase con Florenza a moza que tamén el namoraba. Había faladurías de envenenamentos e hai que arredarse da moza.

Cando chegou á Ponte das Partidas había xente con lus debaixo dela. Pasaba da media noite e no grupo estaba o arrieiro cantando él tamén tivo que tomar parte porque celebraban un bautizo dun non nato. Logo o roubo da carta; agora él, o señor de Pantrigueira vai xantar con Don Amaro e desenrola un episodio descuberto o lugar da moza e as loitas que alí se desenrolan coa entrada de Don Amaro e logo Xan Quinto que agañota a Don Amaro no escureto encerro. Cando o Señor de Pantrigueira está amezando coas pistolas, baixa Xan Quinto como un deus vingador. Entranto pasa a escea da loita, a moza desaparece e foron a dar con ela, «dous días andados, enguedellada nos xuncos do esteiro do Rial de Corvos levada pola corrente rio abaixo».

Pero non deixou nunca a investigación. Na prehistoria xúntase con Cuevillas e publican nos ARQUIVOS, no Tomo II, *Os Oestrinnios, os Saefes e a Ofiolatría* en Galicia. Aquí está o contido de canto se sabía de prehistoria e da protohistoria. É necesario lembrar a viaxe de Obermaier a Galicia e a impresión da súa viaxe: *Impresiones de un viaje prehistorico por Galicia, Bol. de Monumentos de Orense*, 1923. Incorpóranse os estudiosos Don Federico Maciñeira y Pardo de Lama que estudia *Un notable grupo de círculos líticos. Escollera fenicia*, e o pontevedrés Don Ramón Sobrino Buhigas, que estudia *El Arte Rupestre*. Don Fermín fai reconto de deuses: Bandua, Navia, Aerno, Coso, Lucubus, Verore, Bormánico, Edovio, Lares e Ninfas das que hai máis de sesenta e seis nas inscricións.

As lendas das serpes contan que botaron a xente que vivía nos castelos de Entrimo que debían ser moitas e velenosas. Hai máis, moi grandes como a Serpe de Troña, que facía moito mal e matárona cun novelo grande. Enterrárona no adro e puxeron sobre ela un cruceiro. E a da Cova da Serpe que a matou un mozo que fuxía cunha moza, filla dun fidalgo. A serpe botouse á moza e o mozo defendeuna pero a serpe deixouno morrendo e o fidalgo enterrouno nun panteón e concedelle a fidalguía. Noutra versión matan a serpe coa corda e nunha terceira cun burriño. As cobras, de vellas, marchan para Babilonia e din:

Pra Babilonia vou,
mália quen me veu de nova
que me non matou.

Os mouros son moradores dos castros e algúns loitan ou castigan á xente. Cóntase que a cidade de Cachiquimbra foi atacada polos do Furriolo e ocasionaron 11.000 mártires. Hai mouros que deben sucumbir en loita con cristiáns e queda a súa perduranza no pé, na columna do púlpito. Hai fermosas lendas como a da tenda e a do pote e a máis fermosa, a da Franqueira, que poetizou Cavanillas. A da Fonte Pormás que eu publiquei, as lendas do Pico Sagro, que Murguía recolleu. O Pico foi unha montaña sagrada, como indica o seu nome, e ten a súa fórmula recollida xa por Murguía:

Pico Sagro, Pico Sagro
que te consagrou o bendito Santiago,
con seus bois e con seu carro,
líbranos deste fogo airado
pola intercesión da Virxe María
cun Padre Nuestro e unha Ave María.

Coa colaboración do seu primo Luis Brey Bouza, de Pontearreas, publica o *Cancioneiro das ribeiras do Tea*.

Había en Galicia necesidade dun centro que se preocupase das inquedanzas da xuventude. Era un problema que se tratou na casa de Losada Diéguez e no ano 1923 xorde en Santiago o *Seminario de Estudos Galegos*; e do mesmo xeito uns cantos mozos do sexto curso do Instituto, fundan en Pontevedra a chamada *Sociedade da Lingua*, e propúñanse facer un Dicionario Galego. No ano seguinte Luis Brey e mais eu viñemos estudar á Universidade. Eu asistía ás sesións públicas celebradas polo Seminario na aula número 4 da Facultade de Dereito, pero non fun nunca ó Seminario. Ó mercar a *Historia* de López Ferreiro púxenme a facer un Índice, que inda hoxe non se publicou. Agora vexamos como se funda o *Seminario de Estudos Galegos*.

O primeiro que manifestou o desexo de ter un centro onde se xuntar para falar de cousas de Galicia foi o vigués Wenceslao Requejo Bouet falando con Tobío. Parecelle ben a Tobío e para dar forma á idea faláron con Fermín Bouza e con Xosé Filgueira e xuntáronse a estes tres, Ramón Martínez López, Manuel Magariños Negreira, Xosé Pena e Pena, Francisco Romero Lema e Alberto Vidán Freiría e algúns máis. Acordaron facer unha viaxe á casa do Castro de Ortoño, onde pasara Rosalía os dez primeiros anos da vida. Foron observando o que podían atinguir polas beiras do camiño. Na casa firmaron o compromiso da formación e trataron de buscar quen presidise.

Dende o primeiro intre presentáronse dúas tendencias; unha sería un centro onde se estudiasen problemas de Galicia e de España e outra que se preocupase soamente de Galicia. Non se trataba de cousas políticas, era por ser moito o que había que facer por Galicia e se ía tamén ás cousas de fóra menos poderíamos facer por Galicia. Triunfou o criterio de soamente Galicia e algúns afastáronse pero non o fixeron outros. Un dos que primeiro se alonxou foi Requejo Bouet.

Os máis distinguidos eran Fermín, Filgueira e Martínez López. Fermín estivera en Ourense, coñeceu a Blanco Amor e este presentouno a Vicente Risco e a Don Ramón Otero Pedrayo, catedrático do Instituto de Ourense. Axiña fixeron amizade e poida que don Ramón lle dera unha carta para Cotarelo na que o presentaba como poeta e investigador. Filgueira viña de asistir ás sesións continuas de temas a resolver, tertulia da que saíu o xornal Galicia, que dirixiu Paz Andrade, a Polifónica, que dirixiu Blanco Porto, e o Museo de Pontevedra, e Martínez López era o membro das Irmandades da Fala, grande amigo de Camilo Díaz, o representante máximo en Santiago da Irmandade.

Parece que era o presidente ideal Don Armando Cotarelo y Valledor, catedrático de Literatura y Teoría de la Literatura y de las Artes. Viñera para Santiago no ano 1905, o ano que veu examinarse a Santiago Don Ramón Otero Pedrayo. Don Armando foi o primeiro Presidente e o local conseguírono na Económica que ocupaba o antigo Colexio de San Clemente de Pasantes, unha pequena habitación que daba ó que hoxe é a Avenida de Rodrigo del Padrón para onde había unha porta de saída.

Don Armando escolleu un grupo de estudantes de Facultade para presentar *Lubicán*, poñendo como ordenador da Compañía a Posada Curros, que

desempeñou o papel de Antón. Foi primeira actriz Basilisa Piñeiro, no papel de Inesa, estudante de Farmacia, Fermín Bouza era Cristobo, Martínez López era o Mozo, Xosé Teixeira no papel de Damasio. Facía de Traspunto Tobío Fernández. *Lubicán* representouse con decorados e arranxos de escena dun gran pintor, Don Mariano Tito Vázquez.

As principais publicacións: *Arquivos, Bibliografía da Prehistoria galega*, pero debemos mencionar primeiro os traballos do Neixón, importante estación prehistórica situada na zona marítima. No ano 1927 na Imp. de Casal, inda na Coruña, publícase: *Prehistoria e folclore da Barbanza*. Vai adicado a Ramón Martínez López, Manuel F. Sendón, Xosé Outeiro Espasandín e Enrique F. Sendón.

No mesmo ano e na mesma imprenta aparece a *Bibliografía da Prehistoria Galega*. Adicaron este volume a Casiano do Prado, precursor dos estudos prehistóricos en España, e declaran a razón de ser da publicación: «Co fin de facer doado o estudo e a consulta de amantes da investigación no eidos prehistóricos de Galiza damos á estampa os nosos conocimientos bibliográficos, notas dificultosas de recadar en moitos casos por toparse en publicazóns xa mortas, en revistas que o tempo fixo raras, ou en xornaes dos que non existen apenas ou apenas existen exemplares...»

«Non pretendemos (seguen dicindo) ter agotado o estudo e recolleita de papeletas inda que coidamos que o mais interesante non se topará ausente das presentes notas».

«Un comentario discreto (engaden os autores) acompaña os mais dos traballos, verbas necesarias pra se decatar do contido cando o tiduo non apareza o suficientemente espricito, pois, sendo o noso propósito informativo e non crítico leixamos alleo a aprezazón do valor científico de cada un de eles».

Galicia é un dos lugares onde poden traballar moitos investigadores ó redor dos temas castrexos, hai tantos que constitúen un paraíso de cantos se dediquen á prehistoria e á protohistoria. O Seminario de Estudos Galegos intentaba facer un Catálogo dos castros de Galicia e daba as indicacións xerais para a súa catalogación que reproducimos porque aquí non se fixo máis que o comezo. As liñas xerais son as seguintes: «Poden concretarse os fitos da Catalogazón que hoxe emprende iste Seminario nos puntos seguintes:

a.- Determinanza da localización xeográfica dos castros que presentan obras defensivas.

b.- Determinanza da localización de certos lugares, que levando aquil nome, non ofrecen vestixios de fortificación e conservan soio lembranzas folklóricas, (contos, lendas, celebrazón de foliós ou romaxes etc.)

c.- Recollida de todol-os datos relativos á forma, mensuras, xeitos defensivos, situazón, obxetos asoellados e referenzas bibliográficas de cada unha das estacións estudadas.

d.- Acadamento de notizas respecto ás mámoas, acochos, achadegos soltos e restos de intrés arqueolóxico de toda cras, existan ou teñan aparecido nas veciñanzas dos castros.

e.- Recollida do folklore localizado en cada recinto castreño.

Dividiremos o noso Catálogo en seizóns que se correponderán no posibel con bisbarras naturaes e, dentro de elas, as notizas relativas a cada estazón irán repartidas baixo os epígrafes seguintes: Defensas, Mensuras, observazóns, Folklore e Bibliografía.

A documentación gráfica costará de un croquis con pranta e corte ou cortes pra cada castro catalogado, sempre que istes teñan obras defensivas, e dos dibuxos e fotografías que sexan indispensables para o escrarecemento do testo.

Cada seizón irá precedida de unha pequena nota xeográfica da bisbarra que dende logo debe considerarse como esprorada por completo, e seguida de algunhas consideracións xeraes de orde arqueolóxico e folklórico e de un mapa, onde a mais de sinalarese o dos outros xacementos prerromanos ou romanos da sua veciñanza.

Encetamos a nosa laboura ca pubricación de tres bisbarras do sul de Galiza: Val de Viamarín, Terra de Carballiño e Terra de Celanova, que tencionamos axuntar en tres fascículos tirados aparte.

Non se nos oculta a manitude da tarefa que oxe emprendemos, mais o entusiasmo e as forzas mozas que latexan dentro do noso Seminario dannos a seguranza de que ha ser levada a cabo nun tempo relativamente curto».

Como outras moitas cousas a guerra matou as ilusións e os castros inda están sen rematar de catalogar. Cuevillas nomeoume a min no posto de Fermín para estudia-lo Deza, O Sabiñao e Melide. O do Deza perdeuse, os de Melide e O Sabiñao publicáronse, o da comarca de Melide xa vai pola segunda edición. Don Fermín era tan constante na investigación que por onde andou deu mostras do seu labor: o Val de Arán, as terras de Lleida, Asturias. Non era home de xogar ó dominó ou ás cartas, pero íría ver un moimento, escoitar un conto ou tomar notas no arquivo.

Foi tanto no Seminario de Estudos Galegos coma no Instituto P.Sarmiento un entusiasta do centro e un buscador de valiosos colaboradores. O lugar do P. Sarmiento indicouno el por observar un día que ía para o xulgado que aquela estancia era un vulgar trasteiro; e relizadas as obras quedou tan xeitoso que foi acolledor e moi buscado polos investigadores.


Pero no poeta, no investigador e no ensaísta había un amigo de servir ó próximo. Favoreceu a moita xente para quen conseguiu cousas que non se lograrían sen as súas mediacións.

As doenzas atacárono con moita forza, pero inda asistiu a unha reunión do P. Sarmiento. El, que sempre apuntaba valiosas ideas, estivo calado todo o tempo. Ó rematar a reunión, acerqueime a falar con el preguntándolle pola súa saúde,

xa que me inquietaba o seu silencio. Entristecía moito non atopar os libros por ter cambiado a biblioteca para outra morada.

Debemos aclarar, unha vez máis, que o Luís Brey Bouza que colaborou con el no Cancioneiro das ribeiras do Tea era seu primo, tamén avogado e tamén poeta. Parece que desapareceran por falecemento Luís e os demais familiares. Eu recordo aquí a este familiar de Fermín que publicaba no *Faro de Vigo* poesías, firmando co pseudonimo de Lazo Azul. Non sei o que escribiu, no libro de *Historia Natural* que estudiabamos, e que perdín, había poesías manuscritas, tan só lembro a estrofa que publiquei, xa hai anos, na *Galiza Insólita*:

Currunchiño como aquel
na i-alma non ten cabida
pois sempre me lembro del.
Non quero terras nin mares,
nin amigos, nin diñeiro,
solo quero nesta vida
que levamos fuxida,
lembranza daqueles lares
¡Meu curruncho feiticeiro!



FERMÍN BOUZA-BREY ETNÓGRAFO E FOLKLORISTA

Xosé M. González Reboredo

INTRODUCCIÓN

Na presente comunicación tentaremos situar a obra etnográfica e folclórica de Bouza-Brey tanto no contexto galaico concreto como no outro máis amplo das terras peninsulares e europeas en xeral. Nado en Pontearreas no 1901 e morto en Compostela no 1973, Don Fermín coincide cronoloxicamente cunha xeración de eruditos galegos que viñeron ó mundo na primeira década do presente século e que cultivaron a etnografía e o folclore con dedicación que nalgúns casos foi dilatada e realmente meritoria; nomes como os de A. Fraguas, Xaquín Lorenzo, X. Taboada Chivite, X. Filgueira Valverde e R. Martínez López teñen no seu haber, xuntamente con Bouza, unha obra neste eido coa que todos temos unha débeda contraída. No seo do Seminario de Estudos Galegos ata o 1936 e, a partir do 1944, no Instituto de Estudos Galegos «P. Sarmiento» do CSIC, ou en museos como os de Ourense e Pontevedra, todos eles —agás Martínez López, que viu truncada a súa actividade en Galicia por mor de forzado exilio— contribuíron a darlle un pulo decisivo ó coñecemento da nosa cultura popular colaborando con ou inspirándose en investigadores de maior idade, especialmente os membros da chamada Xeración Nós (Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco ou mesmo Castelao). Tanto nestes coma naqueles sedimentaron posicionamentos herdados da tradición decimonónica, pero tamén novos matices tomados das ideas sobre os estudos etnográficos e folklóricos que agromaron en Europa no primeiro tercio do presente século. Co fin de enmarcar axeitadamente a obra de Bouza e os seus compañeiros de xeración, imos aproximarnos ós posicionamentos teórico-prácticos derivados de ámbolos dous compoñentes denantes citados.

A HERDANZA DO SÉCULO XIX

Como xa indicamos noutro lugar¹ —no que nos preocupamos da figura de Taboada Chivite— os etnógrafos que inician o seu labor no Seminario de Estudos Galegos no 1923 van asumir dos precursores actitudes complementarias que se poden sintetizar así:

A) Un afán por recoller costumes, tradicións, literatura oral, instrumentos e técnicas que, por considerar que estaban en vías de desaparición, era necesario recolectar, clasificar e dar a coñecer. Estamos diante dun programa no que

¹ X. M. González Reboredo: «Xesús Taboada Chivite etnógrafo». *Actas do Simposio de Antropoloxía Lindeiros da Galegidade II*. Ed. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1993. (No prelo)

predomina o desexo de salvación do testemuño sen pretensión nomotéticas, do mesmo xeito que o historiador pode levar a cabo un labor inicial de catalogación e transcripción de documentos sen entrar nunha análise pormenorizada dos mesmos, que se reserva para unha ulterior fase do proceso investigador.

Con importantes antecedentes que omitimos, esta preocupación por salvar do esquecemento as creacións do pobo medrou con forza nunha Europa romántica e posromántica na que proliferaban os discursos centrados na identidade. Aínda que con anterioridade ó 1880 algúns investigadores, como Milá i Fontanals ou M. Murgía, xa se preocupaban pola literatura popular galega, o certo é que este tipo de pescudas non atinxen un nivel organizativo en Galicia ata o 1883, ano no que, seguindo o camiño aberto por Machado Álvarez, un feixe de coruñeses, presididos por D^a Emilia Pardo Bazán, fundaron a sociedade «El Folklore Gallego»², que, pese á súa curta vida, conseguiu logros como a publicación do «Cancioneiro» de Pérez Ballesteros e a elaboración da primeira enquisa sistemática para recoller materiais folklóricos con que contou o noso país. A intención primeira e primaria da Sociedade non era a de xustificar ou explicar, senón a de recoller e arquivar, independentemente do uso científico ou mesmo extracientífico que se lles puidera dar ós materiais obtidos. De todos os xeitos, na nacente ciencia do Folklore latexa un sentimento amplamente compartido na época de que os datos do presente poden servir para completar o coñecemento do pasado, anhear, en definitiva, o discurso histórico do mesmo xeito que, nos estudos da natureza, certas especies animais viventes poden servir para recompoñer o aspecto e comportamentos doutras xa desaparecidas. Por iso historiadores como Murguía, do que falamos de seguido con algo de detalle, saudaron con ledicia o nacemento do Folklore en España³.

B) En relación lóxica co anterior, nacerá un desexo de utilizar os materiais recollidos como documentos aptos para afondar no noso pasado histórico —específico, como fontes para completar a reconstrucción da nosa historia étnica. Se a intención anterior se reducía inicialmente a un labor de salvación, tamén atopamos simultaneamente un nidio intento de aproveitar a cultura popular como elemento que reforce a nosa singularidade plurisecular, é dicir, unha identidade baseada nun presente no que persiste a lembranza dun desenvolvemento histórico singular. As interpretacións históricas de Vereia y Aguiar, de Vicetto, e máis amplamente de Murguía, destacaron un horizonte etnohistórico no que a etnia galaica adquiriu principalmente unhas características que perderán no tempo. Trátase do período prerromano de estirpe céltiga, tentando así

² A. Fraguas: «La condesa de Pardo Bazán y el Folklore». *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*. N. 10-11, 1974-75, páx. 55 e ss.

X. M. González Reboredo: «Introducción». En *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. Ed. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1990. Páx. 7 e ss.

³ M. Murguía: «El Folk-Lore español». *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Tomo III, n.28. Madrid, 8-X-1881.

de vencellar a nosa terra coa Europa centrooccidental, territorio no que se estimaba que a humanidade chegara a uns niveis de perfeccionamento cultural e racial máximos. Murguía, o máis importante dos historiadores citados, axiña se sumará ó principio, amplamente compartido no seu tempo, de que nas creacións e tradicións populares pervive, con máis ou menos aditamentos, un cerne orixinario e constante do que o noso pobo conserva o sentimento e mesmo as capacidades e formas herdadas de tan afastada época. Entre as variadas citas nas que Murguía profesa fe neste presuposto escollemos unha tomada do seu libro «Galicia» que se refire á mitoloxía popular:

...«y en verdad que la historia religiosa de la Galicia prerromana quedaría reducida a bien poco si las supersticiones, creencias, fiestas y prácticas especiales que aún conservamos no vinieran a llenar tan gran vacío. Ellas son numerosas e interesantes; por ellas se va directamente a la reconstrucción de aquella vivaz sociedad que, a través de dos mil años, aún deja percibir los ecos de su antigua vida y permite calentarse a los rayos de un sol que no se ha extinguido todavía»⁴.

O vieiro aberto polos investigadores citados supón a asunción dun método historicista no que, máis que explicar ou relacionar, o que se pretendía era reconstruír o pasado dende o presente. E hai que sinalar que esta aspiración era actuante en disciplinas que xurdiron no mesmo século XIX, tal é o caso da Lingüística histórica ou, máis preto da nosa temática, a nacente Antropoloxía, na que figuras como Morgan, Tylor, e máis tardiamente Frazer tentaban facer unha reconstrucción dos estadios culturais polos que pasara a Humanidade seguindo parámetros inspirados no evolucionismo posto de moda polo darwinismo para a natureza e por Spencer para a sociedade. En todos eles as culturas diferentes da occidental, consideradas como «menos evolucionadas», manteñen no presente formas de vida pertencentes a estadios pretéritos, polo que a súa observación e estudio pode ser de grande utilidade no labor de elaboración dunha historia do desenvolvemento do home⁵. A diferenza de matiz con respecto ós folkloristas europeos pode estribar en que estes puxeron énfase nos elementos diferenciais dos grupos que estudiaban, namentres que os antropólogos recalcaron máis os aspectos comúns a toda a humanidade. En moitos casos, ademais, existía nos historiadores e folkloristas a conciencia de que moitas formas culturais se debían non a procesos evolutivos, senon ó espallamento de grupos étnicos por espacios xeográficos máis ou menos amplos. Tal foi, sen saír de Galicia, o caso de Murguía, que consideraba non só a chegada aquí de trazos culturais celtas, senón a arribada á nosa terra dunha poboación céltiga portadora dunha cultura específica europeo-occidental. Este nacente difusionismo, que cobrará grande pulo no primeiro tercio do século XX, está tamén presente en investigadores

⁴ M. Murguía: *Galicia*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1982. Vol. I, páx. 160.

⁵ P. Mercier: *Historia de la Antropología*. Ed. Península. Barcelona, 1974. Páx. 38.

C. Lison Tolosana: *Ensayos de Antropología Social*. Ed. Ayuso. Madrid, 1973. Páx. 230.

decimonónicos como Bastian ou Ratzel. Pero en calquera caso existe en todos, evolucionistas ou difusionistas, un lugar común, a saber: no presente etnográfico e folclórico existen «supervivencias» postas de manifesto en estudos de xuristas, historiadores, folcloristas, etnógrafos, etc, resultando este principio lugar común nos enfoques do máis diverso matiz. Se como di Mercier⁶, a pregunta que se formularán os estudiosos da cultura por estes tempos será ¿A semellanza de trazos culturais observados débese a unha converxencia evolutiva ou ó resultado da difusión? o certo é que nun caso ou noutro a teoría das supervivencias se manifesta como alicerce sólido aproveitado polos militantes nos dous campos.

NOVOS MATICES NO SÉCULO XX

Se tivesemos que elixir unha data para o inicio dos estudos etnográficos e folclóricos en Galicia nos que agroman novas preocupacións, esa podería ser a do 1923, ano da fundación do *Seminario de Estudos Galegos*, do que Bouza-Brey foi etnógrafo destacado. Creo que compre salientar, nembargantes, que o labor etnográfico de Bouza, Risco, Filgueira, Fraguas, etc., iniciado por estas datas, non supón en absoluto unha ruptura total coas achegas decimonónicas citadas anteriormente, existindo unha continuidade máis que notoria. Agora ben, si se poden detectar novidades que matizan e anchean as perspectivas anteriores. Entre elas salientamos as seguintes:

A) Un afán de achegamento do investigador cara ó obxecto de estudio. Xeralmente, aínda que con excepcións, o labor dos estudiosos decimonónicos era indirecto, manexando as máis das veces datos de segunda man, obtidos mediante informes indirectos e tomados fóra de contexto. A Enquisa ou Cuestionario, remitido para que persoas cualificadas o encheran, era o método máis elaborado en uso (Sebillot, Folklore español, Ateneo, etc.) Agora, sen renunciar totalmente a este tipo de información, esta verase amplamente complementada pola recollida en directo de datos de campo que lle permiten ó investigador comprobar directa e primariamente a amplitude e fidelidade da información. Cómpre sinalar que non se trata, nembargantes, dunha «observación participante» como a propugnada polo funcionalismo anglosaxón pola mesma época, pois neste caso aspirábase (Malinowski é bo exemplo disto) a obter unha visión global da cultura estudiada para entender o seu funcionamento sincrónico, namentres que os nosos etnógrafos, orientados cara ó historicismo, recreábanse no dato illado e insólito que lles permitira unha relación temática e formal co pasado. De todos os xeitos hai que recoñecer que o documento etnográfico-folclórico gaña con esta nova técnica en precisión e rigor.

B) Un reforzamento da interdisciplinabilidade no labor do campo e na elaboración de interpretacións. Aínda que a arela por combinar datos tomados de disciplinas diversas latexaba en investigadores decimonónicos, a verdade é que

⁶ Mercier: *op. cit. supra*. Páx. 63.

os investigadores do Seminario, e posteriormente do Instituto «P. Sarmiento» foron os que por primeira vez tracearon programas con equipos interdisciplinares ou levaron a cabo xeirras de investigación de campo —do que soe citarse como exemplo *Terra de Melide*⁷— nas que se recolectaban, ordenaban e interpretaban materiais pertencentes a disciplinas colaterais. Como se mantén o principio das supervivencias herdado do período anterior e como tamén se segue a pensar, pese a matizacións que veremos, que a nosa cultura oral mantén trazos que se poden remontar a tempos primixenios, o vencellamento máis intenso establecerase coa Prehistoria. Neste sentido citaremos por primeira vez traballos feitos por Bouza-Brey e por Florentino L.A. Cuevillas de grande importancia, como *Prehistoria e folklore da Barbanza* ou *Os Oestrímnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*⁸; neles o dato arqueolóxico convive co folclórico e mesmo co documental para testemuñar unha tradición que, pese a sufrir aditamentos e mesmo cambios de senso nun proceso plurisecular, mantén ininterrumpidamente un núcleo prístino.

C) A asunción primaria e parcial do credo difusionista, especialmente o defendido pola escola histórico-cultural de raíz xermánica, que tivo iniciadores como Frobenius e continuadores que perfilaron definitivamente un método específico desta corrente, tal como Gräbner e W. Schmidt⁹. Segundo esta perspectiva as diversas civilizacións formáronse a partir de núcleos, espallándose dende eles a cultura por intercambio ou por migracións nunha área máis ou menos ampla, pero sempre limitada. A reconstrución dun «círculo cultural» pode facerse mediante a comparación de distintos compoñentes da cultura, establecendo similitudes de acordo con catro criterios: a) o criterio de forma ou cualidade; b) o criterio de cantidade; c) o de continuidade; e d) o de relación. A aspiración última era a de poder chegar a construír unha historia cultural da humanidade; máis que explicar como funcionan e se organizan as culturas, o que se intentaba era «reconstruír» o proceso de espallamento das mesmas, a diferenza dos funcional-estructuralistas británicos e dos socioloxistas franceses. A ciencia da cultura resultante do posicionamento histórico-cultural recibe normalmente o nome de Etnoloxía, e non o de Antropoloxía Social ou Cultural, utilizados por

⁷ *Terra de Melide*. Ed. Seminario de Estudos Galegos. Compostela, 1933 (hai reedición de Ed. O Castro, Sada-A Coruña, 1978).

⁸ F1. L. A. Cuevillas / F. Bouza-Brey:

—*Prehistoria e folklore da Barbanza*. Nós, A Coruña, 1927.

—«*Os Oestrímnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*». *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*. Vol. II, 1929 (hai edición facsímil feita pola Universidade de Compostela e o Instituto de Estudos Galegos, 1992).

⁹ Un resumo desta perspectiva de análise pode verse en W. Koppers: «El pensamiento histórico en Etnología y en la ciencia de las religiones». *Cristo y las religiones de la Tierra*. Ed. B.A.C. Madrid, 1960. Tomo I, páx. 77 e ss.

outros enfoques da época (aínda que teñamos que recoñecer que non existe unha absoluta fidelidade terminolóxica neste sentido).

O enfoque histórico-cultural resultaba próximo a Bouza e compañeiros de investigación, en tanto que eles aspiraban tamén a reconstruír un pasado no que Galicia amosara unha personalidade cultural propia, compartida co norte de Portugal (terra coa que se establecen non só lazos culturais, senón tamén persoais a nivel de investigadores), pero sempre vencellada por afinidade cos pobos da Europa occidental. Mais compre chamar a atención de que esta adscrición nunca supón unha fidelidade ó método absoluta e rigorosa, nin sequera en moitos casos (Bouza é un exemplo) unha aplicación a fondo da teoría e metodoloxía. Aínda que o director da Sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos, Vicente Risco, afirme en dúas publicacións, unha do 1928 e outra do 1962, unha toma de postura histórico-cultural¹⁰, o certo é que a filiación moitas veces se reduce a aceptar principios xenéricos (entre os que destaca o de que existe unha área cultural europeo-atlántica e que Galicia e o norte de Portugal son unha provincia etnográfica) e a adoptar algún dos criterios propostos como base metodolóxica polos investigadores xermanos, especialmente o de Forma, en tanto que admiten que formas semellantes, aínda que con funcionalidade diferente, poden indicar unha orixe común. Como sucede con outros investigadores de España e de Portugal (citemos o exemplo español de Hoyos Sáinz ou o portugués de J.R. dos Santos Junior, moi vencellado este último a Bouza Brey por amizade), os nosos etnógrafos e folkloristas refúxianse por veces nun particularismo temático, nun comparativismo xenérico unhas veces e local outras, ou nun eclecticismo parapetado detrás da necesidade de salvar os testemuños, aproveitando sempre os recursos que facilitaba a tradición dos estudos folklóricos en Europa, representados por figuras como Saintyves ou Van Gennep, a quen Bouza aludirá repetidas veces. O estable guieiro que teñen é o de ollar os documentos etnográficos do presente como mostras dun horizonte histórico determinado. Nesta tarefa botarán man de conceptos e exemplos que non se corresponden estrictamente co credo dos «Círculos culturais», aínda que non os contradigan.

D) Precisamente nesta afirmación historicista atopamos outro avance con respecto ós estudos decimónicos, en tanto que as investigacións levadas a cabo polo Seminario de Estudos Galegos, xunto co desenvolvemento natural da ciencia histórica, permitiu albiscar que a tradición céltiga prerromana, sendo máis importante, non era a única que xustificaba a totalidade da nosa cultura popular, a que manterá, segundo eles, lembranzas tanto do pasado precéltigo como de etapas posteriores históricas, especialmente a romana, a xermano-suévia e a medieval.

¹⁰ V. Risco: *Elementos de metodología de la Historia*. Ourense, 1928. —«Etnografía. Cultura espiritual», en *Historia de Galiza*. Dirixida por R. Otero Pedrayo. Aka editor. Madrid, 1979. Tomo I, páx. 256-257.

Investigadores do século pasado xa percibiran este feito, mais serán Bouza-Brey e os compañeiros de investigación os que cheguen a afondar nos diversos horizontes históricos ós que se poden remitir as tradicións populares en cada caso.

OS PRINCIPIOS ACTUANTES NOS ESCRITOS DE BOUZA-BREY

Penso que o dito ata o presente é unha posible introducción ó contexto epistemolóxico no que se moveron os homes da xeración de Bouza-Brey ó longo da súa vida, principios, por outra parte, que perviven con certo brío no presente en máis dun estudio a pesar das críticas xurdidas dende outros posicionamentos calificados como «máis modernos». En calquera caso a obra de Fermín Bouza-Brey pode resultar un exemplo singular de traballo meritorio dentro dos parámetros expostos. Preocuparémonos a partir de agora de abordar a súa obra etnográfica concreta dende tres perspectivas:

1.- Como se reflectan en Bouza os principios programáticos denantes expostos, é dicir, o aparello teórico-metodolóxico no que se afirman as súas aseveracións.

2.- Cales son os temas, mellor diríamos as teimas, que atraen a Bouza.

3.- En que autores se apoian os seus posicionamentos.

PRINCIPIOS

De acordo co que predominaba no pensamento dos etnógrafos do Seminario de Estudos Galegos, ó fronte de todos Risco, Bouza admitirá en traballos de mocidade o principio de que o pobo galego conservou ó longo da historia un espírito específico, unha especie de alma colectiva diferenciada, a cal se pon de manifesto no estilo das creacións populares e na selectividade que practicou á hora de aceptar ou adaptar novas influencias. Un exemplo nidio disto témolo nun temperán artigo seu (o primeiro de temática plenamente etnográfica que publicou, segundo coidamos) titulado «*Do arte popular galego e dalgunha das súas manifestacións*»¹¹, onde fai afirmacións como a seguinte: «Todo o que queira coñecer o espírito dun pobo ten que sorprendelo in franganti na elaboración do seu arte íntimo, liberto de regrañas e medidas, porque nel, nas sagras especies dunha pedra, dun ferro ou dun madeiro xacen patentes e verdadeiramente tódolos espoentes da raza, as características todas que ela plamóu no vieiro da Hístórea».

Este espírito específico que xera unhas constantes colectivas comúns, tende, nun sentido, a perpetuar seleccións máis ou menos inconscientes das contribucións que se producen ó longo da historia. Tal circunstancia apunta Bouza-Brey no estudio titulado «*El tema romancesco del ciervo del pie blanco en la*

¹¹ F. Bouza-Brey: «Do arte popular galego e dalgunha das suas manifestacións». *Nós*, n. 21, 1925.

novelística popular gallega»¹², onde se centra na presenza en Galicia dun tema propio do ciclo artúrico que puido chegar á nosa terra a través do camiño da peregrinaxe a Santiago, pero que enraizou aquí en Galicia e non así en Castela porque, como xa indicara Menéndez Pelayo, existía un substrato étnico celta que facilitaría a asimilación dunha temática idealista e marabillosa, característica do ciclo bretón.

A aceptación deste pasado peculiar e desa persistencia da actitude vital do pobo, que se podería explicar pola existencia dun inconsciente colectivo, ou pola chamada psicoloxía dos pobos, conduce inevitablemente, como xa temos sinalado, a considerar a presenza de múltiples «supervivencias» na cultura popular que Bouza estudiou repetidamente con espírito crítico, tratando de asignarlles un horizonte histórico determinado. Estas supervivencias poden servir para completar os datos da Historia e da Arqueoloxía, pero poden tamén ser explicadas por estes, nun movemento interpretativo de ida e volta no que se trata de fundir o pasado prehistórico e histórico co presente etnográfico. Un primeiro e documentado exemplo de análise deste tipo témolo na importante obra *Os Oestrimnios, os Saefes a Ofiolatría en Galiza*. A demorada análise dos testemuños prehistóricos que poden ser indicio de culto arredor da serpe, os documentos históricos que presentan a cristianización do vello culto pagán mediante unha negativización e as lendas e tradicións de serpes conservadas oralmente pónense en íntima relación para amosar un continuísmo entre prehistoria, historia e presente etnográfico, que os autores exemplifican no caso do castro de Troña coas seguintes verbas:

«Admitida a contemporaneidade da representación serpentiforme, das casarellas redondas e cos obxectos nelas asoellados, alcontrámonos co feito incuestionable dun seguro culto pagán da serpe no lugar en que o folklore actual coloca unha lenda cuio protagonista é asimesmo unha serpe»... «Ora, hai a posibilidade de establecer entre os dous fenómenos unha crara relación de continuidade? Coidamos que sí ... A Galiza, terra onde a relixión dos mortos ten torgos moi fondos, non quixo matar por comprobante ós seus abós da xentilidade. Sentíndose lonxe de eles polo tempo, polos costumes e pola fe, repunou o botalos nun total esquecemento, e pra conservalos distantes e perto de sí a un tempo mesmo, soupo crearlles un vivir de maravilla... A serpe do Castro de Troña ten todo o aspecto de un de istes deuses trocados en demos»¹³.

No seo da sociedade cristiá actual atopamos pois, ben por integración, ben por demonización, a presenza de vellas crenzas prehistóricas que, segundo Bouza, figuran en múltiples exemplos etnográficos. Ademais do xa exposto, imos

¹² Este escrito de Bouza, e outros que citaremos, están recompilados en *Etnografía y Folklore de Galicia*. Ed. Xerais de Galicia, Vigo 1982 (2 volúmenes). Salvo que aludamos a algún escrito non incorporado nesta obra, do que daremos referencia bibliográfica, o lector debe ter en conta que os que mencionemos aquí están incluídos.

¹³ Cuevillas/Bouza-Brey: «*Os Oestrimnios...*». Páx. 139-140.

citar outros poucos exemplos. Así, no escrito «*El Santuario de la Barca y su tradición marinera*» (1942), considera que este centro relixioso cristián conserva lembranzas da paganía, do mesmo xeito que sucede con outras terras do occidente europeo, o que se reflecta nestas verbas:

«En este aspecto, Galicia, al igual que Armórica, ha sustituido los credos sin alterar los cultos, y así en una y otra parte puede sospecharse que estos lugares donde la tradición viste sus galas más originales traen un origen remoto, precristiano, con el que se enlazan, en el caso concreto que nos mueve la pluma, mitos marinos ungidos de la grandiosa poesía que el Océano sabe imprimir a cuanto con él se relaciona»¹⁴.

Valoración das supervivencias como fonte de información histórica aparece tamén no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (1941) dedicado á mitoloxía da auga no noroeste, ou, por citar outro exemplo, no escrito que lle dedicou á liturxia popular dos petos na procesión da Quinta Angustia de Compostela e outros semellantes de Galicia, ritual no que estariamos diante dun ciclo lúdico «que encierra en sí, bajo el aspecto banal del juego, una antigua ceremonia que en casos como el de Compostela se ha querido cristianizar aplicándola a la Virgen María»¹⁵.

O método de análise das «supervivencias» debe ser, segundo Bouza, rigoroso, pois só con este rigor se pode chegar a percibir con visos de verosimilitude o horizonte prehistórico ou mesmo histórico no que se orixinou a tradición estudada. Neste senso cómpre salientar que as xeneralidades de historiadores decimonónicos se ven frecuentemente superadas por matices, sempre probabílisticos, o que permite abrir un amplo abano de asignacións históricas ou, noutros casos, anchar o horizonte aberto por outros investigadores. Un exemplo disto témolo no artigo titulado «*Ritos agrarios propiciatorios del espíritu de la tierra en Galicia*» (1953), onde pasa revista a prácticas populares nas que ve a perduración de vellos rituais propiciatorios do espírito da terra, personificado nos datos por el recollidos nun animal: o grilo; neste traballo, no que segue as ideas da maxia de Frazer, apunta horizontes históricos como o seguinte:

«Parece ser que entre las sociedades agrícolas de fines del eneolítico y los primeros tiempos del Bronce fue donde ha surgido esta religión mágica de la fecundidad con seres demoníacos influyentes en las cosechas, de carácter itifálico que quizás se refleje en el aspecto dionisiaco de las fiestas agrícolas actuales»¹⁶.

Aínda que o método seguido por Bouza-Brey conduce na meirande parte dos casos a situar o cerne das tradicións populares nun pasado prehistórico máis

¹⁴ F. Bouza-Brey: *Etnografía y Folklore de Galicia*. 1, páx. 218.

¹⁵ *Idem*, 1, páx. 124.

¹⁶ *Idem*, 1, páx. 113.

ou menos preciso, a verdade é que en ocasións se decanta, por análise propia ou por asunción do exposto por outros autores, cara a asignar certos obxectos ou prácticas populares a períodos posteriores, ou mesmo a negar a validez da tradición popular como testemuño do pasado. O primeiro está exemplificado en «*Supervivencias antroponímicas, toponomásticas, antropológicas, jurídicas y folklóricas de la Galicia sueva*» (1968), no que acepta, seguindo neste a Murguía e ó portugués J. Días, que costumes de noivado e casamento propias da Galicia rural ou trebellos como o noso arado cuadrangular poden ser remitidos a un horizonte suévico. Hai que sinalar, nembargantes, que neste artigo Bouza non realiza unha análise demorada e un comparativismo exhaustivo, polo que a demostración desta asignación ven dada máis polo criterio de autoridade dos autores citados que por outra razón ou dato de novo. En canto ó segundo temos que aludir a «*Referencias a una eutanasia familiar primitiva en el folklore gallego-portugués*», escrito no que se recollen documentos etnográficos nos que se pode reflectir a lembranza dunha antiga tradición de abandono dos vellos; o establecemento dun diálogo entre o dato folklórico e os escritos clásicos sobre os galaicos permítelle desbotar esta posibilidade coas seguintes verbas:

«De lo antedicho no puede inferirse, racionalmente, otra cosa sino que existe arraigada en el folklore gallego-portugués una tradición referente a abandono por causa de vejez en otros tiempos; pero no es lícito concluir que el hecho se diese entre la población primitiva de *Gallaetia*, por cuanto ninguno de los historiadores de la antigüedad clásica que sepamos, alude a tan bárbara costumbre..., si el homicidio de piedad social entre nuestras tribus aborígenes carece de antecedentes literarios, mucho menos los posee el homicidio de necesidad, por cuanto, salvo la gente de las Cassitírides... las demás tribus del noroeste peninsular aparecen en las fuentes como sedentarias y, por tanto, sin que concurra en ellas el caso de necesidad para el abandono de la muerte de los ancianos o enfermos»¹⁷.

Sinalemos, ademais, que Bouza se nos presenta frecuentemente como investigador prudente que non aventura horizontes históricos para supervivencias que, dentro dos seus coñecementos e enfoque, carecen dunha base probabilística de asignación. Tal fai, por exemplo, nunha breve síntese titulada «*Prácticas lúdico-entomológicas del niño en Galicia*» (1974), na que se limita a apuntar que existe «sospecha vehemente de que en estas férvidas dedicaciones de la infancia gallega a ciertos insectos se conserva, al igual que entre los antiguos germanos, el resabio de un viejo culto a alguna deidad que se consideró encarnada en ellos, cuya circunstancia y nombre no nos es dable alcanzar»¹⁸.

Tanto os estudos etnolóxicos como os feitos por folkloristas botaron man dun método baseado na comparación. A comparación do dato do presente co do pasado (comparativismo historicista) ou a comparación de datos etnográficos de áreas culturais diferentes resulta un lugar común en todas as investigacións

¹⁷ *Idem*, 1, páx. 90.

¹⁸ *Idem*, 2, páx. 251.

de tempos de Bouza-Brey. O método comparativo sempre presentou varias alternativas que pasamos a enumerar brevemente:

1.- Podemos compara feitos illados, unidos pola semellanza ou, pola contra, comparar estruturas ou conxuntos homoxéneos de feitos que están unidos pola súa funcionalidade ou por relacións de xustaposición ou subordinación.

2.- Podemos facer unha comparación formal indiscriminada, aceptando que os parecidos de forma poden indicar orixe ou intencionalidades comúns, ou podemos acudir a comparar os feitos etnográficos dentro dunha área restrinxida, limitando a comparación a un espacio cultural determinado. Trataríase neste caso de establecer un paralelismo condicionado, que defenderá a escola histórico-cultural, fronte ó paralelismo libre.

Se precorremos a obra de Bouza-Brey atopamos que, do mesmo xeito que sucede con outros etnógrafos e folcloristas da súa época, recorre no primeiro caso a comparar elementos illados, cousa propia dos etnólogos evolucionistas e historicistas que priorizan o criterio de forma. En canto ó segundo, temos que dicir que en ocasións Bouza-Brey trata de comparar os datos dentro dunha provincia xeográfica restrinxida ou dentro duns horizontes históricos-culturais determinados, pero tamén aparece por veces na súa obra un afán comparativista xeneralizado que toma datos dos máis diversos pobos e horizontes sempre que teñan algún indicio de relación co feito estudado. Vexamos estes aspectos por partes.

Bouza-Brey admitía plenamente que Galicia, o norte de Portugal e mesmo as terras próximas de Asturias e León formaban unha provincia etnográfica uniforme, dentro da que se podían atopar matices, pero nunca diferencias. Esta provincia etnográfica viña respaldada non só polo presente senón tamén pola historia, e representaba unha parte dunha área cultural máis ampla que, en liñas xerais, abranguíña o occidente de Europa. Consecuentemente con este enfoque, os principais paralelos no estudio dos distintos feitos culturais debían de atoparse en primeiro termo entre os seus semellantes do noroeste e, en segundo termo, nas terras do occidente europeo. No escrito «*El lagarto en el Folklore gallego-portugués*» (1949) D. Fermín alude á provincia etnográfica do noroeste con verbas como: ... «no necesitamos ciertamente de tal labor para saber que la Galicia histórica, hasta el Duero, es un mismo pueblo, con unas mismas tradiciones y una misma alma saudosa.. El método de investigación más científico requiere en este caso que el estudio se extienda a toda la región etnográfica»¹⁹. Do mesmo xeito, no xa citado artigo «*Ritos propiciatorios del espíritu de la tierra en Galicia*», inclúense datos do Bierzo e de Portugal, considerando que a primeira comarca encádrase no sector oriental da provincia etnográfica de Galicia. Este primario comparativismo de datos de Galicia, norte de Portugal e zonas próximas está amplisimamente documentado na obra de Bouza, e mesmo presenta algúns

¹⁹ *Idem*, I, páx. 61.

exemplos de estudio limitado no espacio e no tempo no que se intenta reforzar a identidade etnográfica-folklórica destas terras. Un bo modelo témolo en «*Analogías gallego-portuguesas en el cancionero popular*» (1946), onde, tomando exemplos do cancionero, Bouza trata de demostrar que entre as cantigas do norte de Portugal e as de Galicia existen non só «afinidades de concepto», senón tamén «identidades de dicción», é dicir que os dous cancioneros, o portugués e o galego, están unidos tanto pola expresión de conceptos idénticos como polo uso de formas idénticas, do que Bouza achega numerosos casos²⁰.

A comparación con datos de Europa e mesmo doutros continentes está tamén presente nos seus escritos, aínda que neste caso, xa fóra dos eidos da «provincia etnográfica» antes definida, os datos aducidos son máis ben ilustrativos ou definidores dun contexto xenérico dentro do que logo hai que perfilar o caso específico do noroeste. Un exemplo característico deste enfoque témolo en «*Máscaras galegas de orígen prehistórico*» (1933), no que bota man de exemplos europeos do Paleolítico xunto con outros tomados de segunda man e citados sen entrar en detalles, como os indios Kwakiutl de América do Norte ou negros de Camerún e o Congo, ou aborixes de Nova Guinea. Todo isto sinxelamente para establecer unha xeneralización sobre as máscaras galegas de Entroido que non entra en detalles, establecendo unha semellanza global que arrinca da mesma prehistoria e que fai de enmascarados como os «peliqueiros» ou «cigarróns» figuras que manteñen, aínda que adaptada ó presente, unha tradición xurdida nos máis remotos tempos. En verbas súas: «Dende os tempos prehistóricos, sen solucións de continuidade que abondarían para encher as poboacións primitivas de hoje, podemos perseguir o verdadeiro carácter das nosas máscaras, que, baixo un aspecto de banalidade pasaxeira, poseídas dun lene tinte sacerdotal, son restos das sociedades tribales da Galiza prehistórica, pra os que aínda conserva o pobo, fidel custodio da tradición, acochado na subconsciencia, unha lembranza esvaída de respecto e temor»²¹. Precisamente neste último parágrafo atopamos unha alusión psicoloxista, en tanto que o pobo conserva no seu inconsciente común unha constante que, en certo modo, sería a xustificación, tanto no caso de Bouza como doutros estudiosos da época, de que teñamos tan abondosas supervivencias que resistiran o paso do tempo.

A dimensión psicoloxista que acabamos de mentar de pasada está presente nun último aspecto da obra de Bouza, o da súa concepción da relixión popular. Hai xa anos que Evans-Pritchard fixo unha síntese das teorías da relixión primitiva vixentes en Europa ata mediados do presente século²², distinguindo dous grandes grupos, as psicolóxicas e as sociolóxicas, segundo se fixaran para

²⁰ *Idem*, 2, páx. 255.

²¹ F. Bouza-Brey: «Máscaras galegas de orígen prehistórico». *Homenaje a Martins Sarmiento*. Guimarães, 1933.

²² E. E. Evans-Pritchard: *Las teorías de la religión primitiva*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1973.

a interpretación na psique humana ou na sociedade. Pois ben, aínda que sen profesar un credo teórico explícito, Bouza-Brey, como era de agardar dado o seu enfoque, sempre acode a conceptos ou termos acuñados pola corrente psicoloxista, as máis das veces tomados de autores evolucionistas que permiten unha análise das supervivencias (boa mostra esta de apertura a diversas correntes interpretativas). Así, en «*La mitología del agua en el noroeste*» utiliza termos como «espíritu de las aguas» ou «personificación de los ríos», ademais de establecer nas crenzas populares galegas sobre as augas un horizonte «preanimista» no que «el agua es un ser vivo que guarda vida y que la otorga»²³ e outro animista, segundo o cal as nosas augas están poboadas por seres como xenios ou encantos. Outro exemplo témolo en «*Ritos agrarios propiciatorios del espíritu de la tierra en Galicia*», onde afirma, seguindo a Frazer, que os entes divinos encárnanse en plantas e animais, conservando os labregos europeos nas súas prácticas lembranza destes vellos cultos. E aínda nun terceiro caso que citaremos, «*Ritos impetratorios da choiva en Galicia*» (1956), no que moitas prácticas se fan corresponder cunha esfera da relixión na que predomina a maxia.

Tanto os autores citados por Bouza como a terminoloxía da que bota man xorden da corrente psicoloxista de interpretación da relixión á que aludimos denantes. Xa no século XIX Max Müller sinalou que o home adquire todo o coñecemento a través dos sentidos e que neles se basea o raciocinio. Pero o home percibe polos sentidos cousas que son intanxibles, como o sol, a lúa ou o ceo, o que lle permitiu crear unha idea do infinito, chegando os atributos destes obxectos a personificarse en deidades, é dicir, como sinala Evans-Pritchard, «os nomina trocáronse en númina»²⁴.

Mais a presenza de deidades derivadas da incidencia da natureza na psique humana foi ampliada por outros investigadores decimonónicos. Así Tylor preocúpase polo nacemento en etapas primitivas da humanidade do concepto de alma, ó que o home chega a través de experiencias diversas, (morte, enfermidade, soños), aplicando logo esta idea a outras criaturas ou mesmo obxectos inanimados, ós que dota desta compoñente. Precisamente foi Tylor quen acuñou o termo «animismo»²⁵ para definir estadios primitivos da relixión, e a el acode Bouza como xa sinalamos. A idea, tamén presente en Bouza, de que existe un período no que a maxia predomina sobre a relixión foi amplamente defendida por Frazer, brillante evolucionista que, seguindo a Comte, consideraba que a humanidade pasou por tres estadios, o de maxia, o de relixión e o de ciencia. Finalmente Marett concluíra, a diferenza de Frazer, que tiña que haber un estadio moi primitivo da humanidade no que maxia e relixión non se diferenciaban,

²³ F. Bouza-Brey: *La mitología del agua en el noroeste hispánico*. Ed. Real Academia Gallega. Vigo, 1973. Páx. 18.

²⁴ Evans-Pritchard: *op. cit.* supra, páx. 44.

²⁵ *Idem*, páx. 48 e ss.

chamándolle a este estadio «preanimismo», termo utilizado por Bouza nun sentido específico no que pretende situar as personificacións das augas dentro dunha liña que nacera no citado Müller. Cómpre, para finalizar este breve percorrido, sinalar unha vez máis que Bouza fará uso de todos estes conceptos de maneira un tanto liberal e arbitraria, como simples medios para reforzar a antigüidade das supervivencias presentes na cultura popular, e non como conceptos sólidos incardinados nunha teoría xeral das relixións.

TEMAS

Se aceptamos a división tradicional en Galicia da cultura en dous grandes campos, o da cultura material e o da cultura espiritual, podemos dicir que Bouza (como Risco, como Taboada Chivite ou como A. Fraguas) cultivou a segunda de maneira case que exclusiva agás nalgún episódico caso. Nunha ollada de urxencia pola súa produción etnográfica atopamos abordados temas como os seguintes:

A) Literatura popular (cancioneiro, romanceiro, contos, refraneiro, teatro popular, etc.) Exemplo disto témolo en publicacións como «Un conto oriental na Galicia» (1936), «Cancioeiro das ribeiras do Tea» (1931), «Cantigas populares de Arousa» (1931), «Teatro de Carnaval en Galicia» (1949), ou «Los villancicos gallegos cantados en el hospicio de Santiago en la Navidad de 1848» (1957).

B) Prácticas relixiosas e pararelixiosas. «Ritos propiciatorios del espíritu de la tierra en Galicia» (1953), «La mitología del agua en el noroeste hispánico» (1941), «El santuario de la Barca y su tradición marinera» (1942), «Ritos impetratorios da choiva en Galicia» (1963), «Las enfermedades infantiles de Rosalía de Castro y los ritos de medicina mágica en Galicia» (1967).

C) Folklore de animais, en moitos casos en relación coa infancia. «La mantis religiosa en la tradición gallega» (1949), «Nombres y tradiciones de la *coccinella septem-punctata* en Galicia» (1948), «Costumbres lúdico-entomológicas del niño en Galicia» (1974).

D) Como dato orixinal e como mostra do universalismo de Bouza, salientamos aquí dúas entregas que tratan sobre o folklore do val de Arán publicadas no «Arxiu de Tradicións Populares de Catalunya» (1929), froito da súa estada como xuíz nestas terras aranesas do Pirineo.

E) Outros temas:

- Oficios: «Os cesteiros de Mondariz e a súa fala gremial» (1954)
- Entroido: «Máscaras gallegas de origen prehistórico» (1933)

FONTES

Un percorrido de urxencia polas citas que fai Bouza nos seus traballos permítenos ter unha primeira impresión sobre os autores nos que bebe

información para efectuar comparacións ou dos que aproveita conceptos e interpretacións. Brevemente atopámonos na súa obra etnográfica co seguinte.

A) Escritores galegos do século XIX e principios do XX ou coetáneos seus do Seminario de Estudos Galegos e do Instituto «P. Sarmiento». Entre os primeiros destacan as citas de M. Murguía, pero tamén alude a outros, como Barros Sivelo, Saralegui y Medina, Barreiro de V.V., Pérez Ballesteros, Rodríguez López, Montenegro Saavedra, Nicolás Tenorio, García Ramos, Carré Aldao, F. Maciñeira, Saco y Arce, Valladares,... Entre os segundos destacaremos a Risco, Cuevillas, Ben-cho-sey, A. Fraguas.

B) Investigadores doutras terras de España: Menéndez Pelayo, Menéndez Pidal, A. de Llano, Espinosa, Diego Cuscoy, Pérez Vidal, Casas Gaspar, Rodríguez Marín.

C) Hispanistas estranxeiros, como Meyer Lübke, Piel, Reinhard, Krüger, Entwistle, Frankowski.

D) Investigadores portugueses, dos que existe unha ampla nómina dado o vencellamento intenso de D. Fermín con Portugal. Entre eles podemos citar a Leite de Vasconcellos, T. Braga, Rodrigues Lapa, Santos Júnior, Castro Pires de Lima, Abel Viana, E. Veiga de Oliveira, Santos Graça e J. Días.

E) Folkloristas e etnólogos, lingüistas e historiadores doutros países de Europa como Francia (Van Gennep, Saintyves), Alemaña (Mannhard, Frobenius, Wolf e Hofmann) e Inglaterra, destacando deste último país Frazer, especialmente a partir da edición castelá de «La Rama dorada».

Como se pode apreciar na relación anterior, e como, por outra parte, era de esperar, pesaron pouco na obra de Bouza os antropólogos funcional-estructuralistas tanto británicos como franceses (Durkheim, Mauss, Radcliffe-Brown, etc.) e tamén sucede o mesmo cos etnólogos americanos do seu tempo, o que se podería explicar pola dificultade de acceder ós seus escritos, pero tamén, e sobre todo, porque as súas teimas estaban arredadas destes enfoques.

REMATE

Concluimos xa esta exposición reafirmando que Bouza-Brey é un etnógrafo e folklorista vencellado a unha tradición historicista nacida no século XIX e continuada na primeira metade do século XX en Europa, con vencellos parciais co evolucionismo e co difusionismo. Este mesmo posicionamento está presente en numerosos investigadores tanto de España como de Portugal, coma Hoyos Sainz, Amades, Barandiarán ou os portugueses denantes citados. En calquera caso podemos afirmar que a súa laboura deu froitos abondosos e contribuíu á construción dunha corrente interpretativa da nosa cultura popular que ninguén debería pasar por alto por moi superada que a considere. Quizais nada mellor para rematar que unhas verbas de Don Julio Caro Baroja, postas no prólogo que escribiu para a compilación da obra etnográfica de Don Fermín, e que din o seguinte:

«Los escritos de Don Fermín Bouza-Brey aquí reunidos son sobre todo, por encima de todo, obra de amor; del amor de un gallego a su tierra y a su raza. En segundo lugar son obra de un erudito escrupuloso, de un letrado fino. Para él Galicia no era un campo de observación actual solamente. Galicia era una realidad histórica, dibujada, perfilada desde la Antigüedad y como otros folkloristas gallegos y portugueses procuró adentrarse en ella, buscando la conexión de lo actual con lo anterior... La erudición de Bouza-Brey hace sondeos impresionantes. Nadie podrá quitarle significado con un gesto de indiferencia o desdén hacia lo pasado, lo histórico.

Ya estamos habituados a esta clase de gesticulaciones estratégicas que la mayoría de las veces consisten en desdeñar o fingir desdén por todo aquello que se ignora. Es esta la posición del paleta que ríe ante el que llega de fuera con atuendo y talante distinto al propio. Poco hay nuevo bajo el sol; y esto poco hay que estudiarlo sin remilgos y afectaciones, como estudiaba Bouza-Brey»²⁶.

²⁶ J. Caro Baroja: «Prólogo», en *Etnografía y Folklore de Galicia* (1). Páx. 7-8.

CULTURA E EXPERIENCIA HUMANA NA ANTROPOLOXÍA ROMÁNTICA DE GALICIA

Xaquín Rodríguez Campos
Universidade de Santiago

Parece aconsellado aclarar en primeiro lugar a quen sinalamos co nome de «antropoloxos románticos galegos». Con este nome refírome ós fundadores do Seminario de Estudos Galegos, tamén coñecidos como «Xeración Nós», A.R. Castelao, R. Otero Pedrayo, V. Risco, F. Bouza Brey, F. Cuevillas, R. Cabanillas, A. Villar Ponte. Creo que deben de ser recoñecidos como un grupo de antropólogos porque —como se verá ó longo desta exposición— as súas investigacións de campo (arqueolóxicas, xeográficas, folclóricas, históricas) sempre estiveron guiadas por unha teoría da cultura que eles mesmos crearon con obxecto de amosar que a cultura orixinaria de Galicia era unha realidade vivente na época, e non un conxunto de sobrevivencias mortas polo pasado.

¿Por que lles chamamos «antropoloxos románticos»? Este cualificativo merécese non só porque posúen unha concepción romántica da cultura senón porque ademais estaban fondamente inspirados pola lectura dos poetas románticos galegos do XIX (Rosalía de Castro, E. Pondal, Curros Enríquez, Lamas Carvajal), quen segundo eles foron os verdadeiros creadores da paixase galega. Neste sentido podemos comezar citando un texto fundamental de Otero Pedrayo, «Notas Encol da Paixase Romántica» (Otero Pedrayo 1927: 8-10), no que nos di que a paixase non é nin máis nin menos unha proxección cultural creada pola forza imaxinativa das xentes que nela viven; subliñando que foron os poetas e pintores ingleses do XVIII os que inventaron a paisaxe da Inglaterra moderna, e a personalidade inglesa actual. Aproveita para evocar ó poeta galego Eduardo Pondal como o grande intérprete da paisaxe galega, hoxe permanentemente ameazada. Consecuentemente as investigacións sobre a cultura galega deberían de estar orientadas polas imaxes creadas polos poetas que evocan a grandeza e a nobreza da paisaxe.

Recentemente, escribindo sobre a personalidade antropolóxica da figura de Don Fermín Bouza-Brey, dixen que un obxectivo dos membros desta escola foi o de amosar que na cultura dun pobo reside a forza espiritual que lle dá a capacidade de crear as súas máis variadas manifestacións, materiais e expresivas. Hoxe voume centrar na análise da significación desta fórmula e nos seus supostos. Na materialidade das producións artísticas atópase sempre expresada a espiritualidade dun pobo; que tamén dá vida á expresividade do folclore popular. Os elementos claves da comprensión antropolóxica da cultura galega, que compartiron os fundadores desta escola, foron en primeiro lugar unha com-

preensión teórico-poética sobre as relacións entre a cultura e a paisaxe, en segundo lugar unha representación de como é o espírito galego, e en terceiro lugar unha teorización encol da orixe e da formación histórica da cultura galega.

Para poder comprender a identidade da cultura galega recorreron ás ideas latentes na representación romántica da paisaxe, segundo a cal a paisaxe constitúe a natureza dun pobo e, en canto tal, ten vida e espiritualidade propias. Para explicar como a natureza (neste caso a paisaxe) actúa sobre a cultura en Galicia seguiron dúas formas de reflexión paralelas, unha tomada do que podemos chamar a concepción poética da natureza e do ser humano. Polo que se refire á análise científica da cultura adoptaron as teorías de Montesquieu e de Ratzel — esta estaba de moda na xeografía da época — sobre a determinación xeográfica dos costumes, da política, da ética e da estética dos pobos. Pero este determinismo non di que os gobernos e os costumes dos pobos sempre se acaben adaptando ás condicións xeográficas do entorno físico, senón que eso é o que sempre debería ocorrer para que as cousas fosen ben. Como dicía Villar Ponte «a Xeografía física ten que condicionar estreitamente a Xeografía Política», porque os elementos «xermoladores da conciencia nacional son, en primeiro termo, a comunidade de logar xeográfico de que nacen os costumes» (Villar Ponte 1927: 6-7); concedendo maior incidencia á terra e ó clima sobre os costumes cá sociedade. Cando Cuevillas se propuxo o estudio da orixe histórica da cidade en Galicia presentou sempre como factor determinante un factor xeográfico (acompañado sempre de costumes orixinarios da raza), como exemplo pon o caso da cidade de Ourense, onde a existencia de fontes medicinais ás que a xente acudía en peregrinaxe fixo dela un centro comercial; e así foron tamén segundo el os casos de Cuntis, Caldas (Cuevillas, 136). Otero Pedrayo e Risco dedicaron varios comentarios á Antropoxeografía de Ratzel (Otero Pedrayo 1926: 3-4) subliñando como os estudos descritivos da época poñen de manifesto a determinación das influencias do medio natural sobre as sociedades humanas; Otero considera que o estudio da historia sempre debe descansar sobre o da Xeografía, dirixiu de feito a monografía sobre *Terra de Melide* (1932) e o proxecto da *Historia da Galicia* publicada en Bos Aires no ano 1950, seguindo un esquema parecido ó modelo da Antropoxeografía proposto por Ratzel. Nestas obras o estudio dos costumes e do folclore representa entre outras cousas, a maneira de abordar as formas culturais de asentamento e de protección do ser humano sobre o medio físico; tendo en conta sin embargo que —segundo a Spengler e a Frobenius— a cultura é unha forma vivente Risco 1926: 6).

A concepción romántica da paisaxe dos fundadores desta escola levounos en cambio moi lonxe do espírito científico da época. As vivencias que ten a xente na paisaxe galega son fenómenos da creación cultural, de maneira moi semellante á arte da creación poética. Sinala Otero Pedrayo que os Alpes con anterioridade ó poema de Haller eran vividos polo visitante como desérticos e salvaxes, despois deste poema son percibidos actualmente como grandiosos e apacibles (Otero Pedrayo 1927: 10). A paisaxe é «o que cada un traia», segundo a expresión de

Villar Ponte (Villar Ponte 1927: 3), «un estado da alma» e, en consecuencia, «ten a súa propia alma» (Villar Ponte 1921: 9). Isto quere dicir que é un estado da sensibilidade humana, e como tal a paisaxe é un medio expresivo que evoca sentimentos humanos, que son a consecuencia da proxección humana dentro do medio natural. En palabras de Risco «as formas da paisaxe s'impoñen ós sentidos» (Risco 1920: 6), creando sentimentos que vencellan ás persoas coa súa paisaxe. O estudio de cales son as formas culturais por medio das que os galegos amosan sentimentos de enraizamento coa súa paisaxe constituíu unha das máis serias preocupacións antropolóxicas sobre a cultura galega por parte dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos.

Unha desas formas vese na vinculación que expresa frecuentemente o galego mediante o seu vencellamento ós lugares de orixe, aspecto que resaltaron Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Villar Ponte e Cabanillas. Efectivamente o galego expresa frecuentemente unha ligazón desproporcionada co seu lugar de nacemento «coma se fora un arbre», en palabras de V. Risco (Risco 1920: 6). Imaxe que fora expresada poeticamente por E. Pondal moitas veces, véndose por exemplo nos seguintes versos:

«Castaños de Dorneá,
os de corpo ben comprido,
de graciosa estatura,
dobrados e ben erguidos:
¡ouh!, castaños, somellantes
os celtas nosos antigos;

.....
Por fin na nosa vellez,
despois do bo tempo ido,
xuntos volvemos a vernos
mais con diferente destino.

(*Queixumes dos pinos*, 1895)

Esta ligazón síntea o galego con multitude de lugares do seu entorno que lle serven para establecer referencias simbólicas coa súa orixe. Risco e Otero Pedrayo interpretaron a complexidade terminolóxica da toponimia na Galicia rural neste sentido; a proliferación de nomes que sinalan a existencia dun lugar diferente, e con nome propio, cada 20 metros foi interpretado por eles como un claro signo de vencellamento simbólico da persoa cos lugares onde o galego crea a súa experiencia cotiá. A distinción entre «chairas», «chousas», «eiras», «eiríñas», «portos», «portíños», etc., sinala diferencias materiais no entorno a partir de referencias simbólicas, que ligan os sentimentos da persoa coa paisaxe. Esta é así compartimentada en entidades individuais. Dicía Castelao, «existen razas nómadas pero hai outras ás que endexamáis separaríades do territorio onde nascen», facendo súa a imaxe do galego e a terra creada por toda a tradición poética desde Rosalía, Pondal, Curros Enríquez, etc.

O sentido da individualización da paisaxe foi analizado separadamente por Otero Pedrayo e Risco. Ambos os dous tentaron analizar as formas de asentamento físico da poboación galega no espacio dependendo das súas formas de experiencia, derivadas do seu modo de ser cultural. Otero foi o pioneiro en afirmar a importancia social de parroquia rural como unidade vital e real, pola intensa relación humana con que se vencella ás súas xentes; é unha das formas de individualización da paisaxe, e debería de constituír unha das unidades de análise no estudio xeográfico e histórico de Galicia (Otero Pedrayo 1922: 2-6). As outras dúas unidades deberían ser o pazo e a casa, que tamén foron propostas por el para o estudio dos elementos físicos da paisaxe galega, como así se fixeron os traballos sobre Melide e Trasalba. As unidades culturais da organización do espacio foron así consideradas como unidades vitais da experiencia, sobre as que debía centrarse calquera análise dos elementos materiais da paisaxe. Temos que dicir en louvanza deste proxecto que está plenamente actualizado desde o punto de vista da epistemoloxía antropolóxica posmaterialista, que analiza a cultura como modo de articulación dos sistemas social, económico e ecolóxico.

Segundo Risco o sentido da individualización da paisaxe é o factor que fai comprender o enorme espallamento da poboación rural de Galicia, onde como el di «o home vive lonxe do home pro sempre perto da Terra» (Risco 1920,7); ou como di Villar Ponte, exercendo a paisaxe unha grande influencia moral sobre o home (Villar Ponte 1921, 9). Estas reflexións sobre a proxección espiritual do galego coa terra estiveron inspiradas en poemas de Rosalía, Lamas de Carvajal, Pondal, Noriega e outros; a esto probablemente se debera que os membros desta escola concederan tanta importancia á creación poética como á investigación etnográfica. Este foi o caso da figura que nestas xornadas lembramos, Don Fermín Bouza-Brey. Unha dimensión experiencial que Risco vía conectada coa individualización da paisaxe é a súa vivencia espiritualizada. A nivel abstracto formulouna dicindo que o galego crea a paisaxe como unha suma de entidades individualizadas sobre as que proxecta significacións vitais para si mesmo, e desta maneira vive intensamente a consciencia de si coma se el fose unha parte desa paisaxe, resultándolle moi difícil poderse desprender dela, da Terra (Risco 1920: 7). A nivel etnográfico aclarou esta idea por medio da análise da importancia sociocultural da parroquia rural en Galicia, de claro matiz paisaxista (Risco 1952: 585-594). Define a parroquia como institución relixiosa e social. Desde o punto de vista social a súa organización depende da conservación dun grande número de actividades comunais, cousa que aínda acontece abundantemente na montaña pero non na ribeira. Na montaña é onde o galego vive «a conciencia de si» fomentando a reciprocidade veciñal, e revivindo a súa forma de experiencia «comunal» da paisaxe, nos fornos comunais, nas «rozadas» comunais, nos «pastueiros» comunais, en «rogos» e «axudas» comunais, «mallas», «esfollas», «espadelas» e «limpezas». Sendo todas estas actividades parroquiais, consideraba a parroquia como unha forma cultural de vivencia social da paisaxe. É neste sentido —e non noutro— que di Villar Ponte que a paisaxe «non é unha cousa inanimada» senón que ten «alma» propia (Villar Ponte 1921: 9).

Esta visión romántica que os membros da xeneración Nós compartían encol do campesiño galego levounos á analízalo como o poeta dos sabios dicires que labra a lingua con enxeño imaxinativo. Bouza-Brey, Cabanillas, Noriega Varela foron sempre en percura de fermosas pezas poéticas escondidas nos dicires e cantares populares con obxecto de inspiráren nas súas creacións poéticas: Bouza-Brey fixo ademais algunhas interpretacións encol do grande poder ritual que teñen sobre a experiencia do campesiño algúns dos versos populares —como expuxen noutra recente ocasión (Rodríguez Campos 1992:208). Suxeríndonos que a poesía popular hai que vela ante todo como unha forma de experiencia ritual creada polo galego diante da paisaxe. Idea que se pode ver recollida na seguinte estrofa poética de Ramón Cabanillas contemplando ós pescadores de Sanxenxo:

Azuado mar de ría,
verdecido mar aberto
nos que bogan, ras das ondas,
ó dondo ir e vir do vento,
voces de vellas cantigas
nadas ó compás dos remos.

(¡Sanxenxo!, 1926)

Moi parecida é a visión que deron do campesiño como artesán, a visión do artista que con arte herdada dos antepasados traballa os produtos propios da terra creando unha artesanía autóctona en perfecta harmonía coa paisaxe, tal e como os describiu Don Fermín Bouza-Brey en traballos sobre os oficios (Bouza-Brey 1954: 168).

Un tema frecuentemente abordado polos fundadores do Seminario de Estudos Galegos foi o da natureza da «alma galega», formando parte da súa reflexión sobre como é a raza galega e cal é a súa relación coa paisaxe. Esta preocupación tiña na época un claro paralelismo cos traballos de Ortega y Gasset, quen trataba de definir coa expresión a «alma mediterránea» a personalidade hispánica. Ortega definira a personalidade española pola actitude extremadamente materialista, pola rudeza e pola antipatía cara a todo o trascendente, amante de toda vulgaridade e individualista en extremo (Ortega y Gasset 1911: 199), e todos os exemplos que serven para ilustrala son personaxes tomados da literatura e da pintura castelá (Sancho, Don Quijote, Velázquez). A alma galega que configuraron os membros da Xeración Nós é definida como «atlántica», en radical oposición á representada na época por Ortega y Gasset como «mediterránea»; só comparte coa «mediterránea» o individualismo. En todos os demais caracteres configurados parécese moito ó modelo de «home gótico», que tamén Ortega debuxara. Esta «alma», característica das culturas xermánicas (próxima ó celtismo), era representada como vitalidade «expresiva» e profundamente «espiritual» (Ortega y Gasset 1911: 204), amante do «trascendente». Villar Ponte

insistiu en que a paisaxe «ten un alma» que actúa sobre os nosos sentimentos e as nosas ideas, adquirindo a nosa alma as cualidades da paisaxe (Villar Ponte 1921, 9). Todos os membros da Xeración Nós consideraban que o forte enraizamento da personalidade galega na paisaxe era unha característica moi acentuada da alma galega, diferenciándoa doutras almas nómadas, que lle permite enfrontarse cos peores perigos sen sucumbir. A eso débese, segundo Cuevillas, a tendencia conservadora e arcaizante da nosa cultura, a tenacidade dos homes, e a heroicidade das mulleres (Cuevillas 1962: 175-6). A eso mesmo débese «a saudade, a inquietude espiritual e o afán insatisfeito do absoluto» (Cuevillas, id.). Segundo Risco, no carácter galego predomina a reacción interna sobre a externa, de fonda espiritualidade, como amosan as cantigas e as expresións líricas do folclore, e de forte afección, como consecuencia do seu grande enraizamento na paisaxe. Otero Pedrayo engade a todo isto, como característica da personalidade rural galega, un grande desenvolvemento da individualidade en todas as súas formas, imposibilitando boas obras colectivas; recibindo sempre nas aldeas un grande aprezo aqueles homes que se exceden en iniciativas individuais. Apreza de todas as formas diferencias na personalidade rural dependendo da xeografía galega da paisaxe da que se trate. Así define os homes da ribeira como desconfiados, insolidarios e ensimesmados, debido á estreiteza da terra que comparten, fronte ós da montaña que son abertos e solidarios e expresivos como a amplitude do horizonte xeográfico no que viven (Otero Pedrayo 1922: 5).

A preocupación polas orixes históricas da cultura popular estivo sempre presente en todos os membros da escola coma un serio problema antropolóxico que resolver, como xa presupuxera M. Murguía moito antes. Grande parte do traballo arqueolóxico de Cuevillas e Bouza-Brey estaba dirixido a estudar o problema das orixes. Consideraban que a cultura orixinaria de Galicia era a cultura da raza céltica. Como consecuencia da invasión romana —sinala Cuevillas (Cuevillas 1962: 179)— os habitantes de Galicia tivéronse que refuxiar nas montañas máis altas, polas que non tiña interese a administración romana, en consecuencia a cultura galega orixinaria conservouse nas montañas, sobre todo no Cebreiro e nos Ancares. Isto explica que a súa estratexia de investigación se proxectara sobre a cultura dos castros, e de que considerasen a cultura daquelas montañas como a cultura propiamente galega; a «palloza» reflectía o modelo da casa galega ancestral, segundo di Vicente Risco a propósito da Terra de Melide, e os costumes e a mitoloxía da montaña (cos seus «deuses supremos») son as xenuinamente galegas. Como xa expresaran Risco e outros «a montaña é onde Galicia é máis Galicia». A maior parte dos elementos do folclore e dos costumes xurídico-consuetudinarios foron considerados de orixe celta. Pero como consecuencia do longo proceso da romanización e da implantación do cristianismo moitos dos costumes que tiñan as súas raíces na mitoloxía orixinaria da paisaxe galega foron cristianizados.

Un dos apartados máis sobranceiros dos estudos de Don Fermín Bouza-Brey estivo dedicado a tratar de explicar porque nunha grande cantidade de ritos

religiosos estaban presentes actos que reflectían indubidablemente unha orixe pagá. A resposta que el daba tiña sempre un mesmo denominador común; os actos pagáns persistían como «sobrevivencias» popularmente vivas de antigos ritos que non puideran ser cristianizados, aínda que moitos deles ían desaparecendo lentamente por imposición dos cregos. As súas análises sempre acaban presentando algunha hipótese de cal sería a estrutura dos ritos antes da súa cristianización. Resultan de todas as maneiras interesantes algunhas das súas ideas encol da simbolicidade dos ritos.

Todos os aspectos da análise da cultura galega aquí sinalados tiñan para os seus defensores un dobre sentido: cultural e político. Os seus traballos pretendieron conectar a Galicia contemporánea coas súas orixes culturais, de maneira que a consciencia das súas raíces servira para iniciar o que tantas veces propuxeran os poetas decimónicos: Curros Enríquez e Eduardo Pondal: o despertar cultural da conciencia de Galicia como rexión. Pero tiñan así mesmo, moi claro que o renacer espiritual de Galicia tería que desembocar nunha solución política de tipo federalista; pois a revitalización da cultura foi considerada por eles como unha premisa necesaria para pensar nos grandes problemas económicos de Galicia (pobreza e subdesenvolvemento). Sen ela estes non se solucionarían, porque os galegos estaban sendo asimilados como «cidadáns de terceira clase dentro do Estado español» (Risco 1930:123). A solución dos problemas económicos precisaba ter en conta a estruturación social de Galicia e a riqueza da súa tradición (economía doméstica, dereito consuetudinario, etc.), e precisaban dunha plataforma política autóctona para poder ser canalizados convenientemente.

REFERENCIAS CITADAS

- BOUZA-BREY, F. 1954: «Os Cesteiros Galegos de Mondariz e a súa Fala Gremial», en *Etnografía y Folclore de Galicia*, T.I, pp. 163-202. Vigo: Galaxia (1982).
- CUEVILLAS, F. 1962: *Prosas Galegas*. Vigo: Galaxia.
- Ortega y Gasset, J. 1911: *Arte de este Mundo y del Otro*, en *Obras Completas* T.I (1902-1916), pp. 186-205. Madrid: Revista de Occidente (1966).
- OTERO PEDRAYO, R. 1922 «Encol da Aldea», en *Nós* 14: 1-7.
- 1926 «Encol dos Estudos Modernos de Antropoxeografía», en *Nós* 27: 3-4.
- 1927 «Notas Encol da Paisaxe Romántica», en *Nós* 37: 8-10.
- RISCO, V. 1920: «O Sentimento da Terra na Raza Galega», en *Nós* 1:4-9.
- 1926 «A Interpretación da Historia e o Valor do Noso Tempo», en *Nós* 33:2-11.

- 1930: «El Problema Político de Galicia», en *Obra Completa I*, pp. 111-231, V. Risco. Madrid: Akal (1981).
- 1962 «Etnografía: Cultura Espiritual», en *Historia de Galicia*, T.I, pp. 255-777, R. Otero Pedrayo (dir.). Buenos Aires: Nós.
- RODRÍGUEZ CAMPOS, X. 1992: «A Mensaxe Antropolóxica de Fermín Bouza-Brey», en *Grial* 114: 204-211.
- VILLAR PONTE, A. 1921: «Da Paisaxe e a Pintura en Galicia», en *Nós* 4:3-10.
- 1927 «A Fontela Viva da Nosa Cultura», en *Nós* 38:3-8.

A ETNOGRAFÍA NA OBRA DE F. BOUZA BREY: UN PASADO CON FUTURO

J. M. Vázquez Varela
Universidade de Santiago

Bouza é un erudito que cultiva diversos campos amais da creación poética. É etnógrafo, arqueólogo, historiador, prehistoriador, historiador da arte e da literatura, estudioso da epigrafía e da numismática e creador literario en prosa e verso.

Dentro da súa obra, a etnografía ten un papel importante apreciable na cantidade e calidade das súas publicacións.

A súa vida científica transcorreu na marxe das institucións que remuneran a práctica da investigación. A súa actividade profesional estivo vinculada co Dereito e a Xustiza pois foi avogado, xuíz e maxistrado.

Cómpre ter en conta estes datos á hora de valora-la súa obra, un tanto difícil de entender hoxe na hora dos especialistas e cultivadores mercenarios do saber.

A súa vinculación co Seminario de Estudos Galegos, foi un dos seus creadores, e co Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento forneceu certos instrumentos bibliográficos e o clima intelectual para cultiva-los seus saberes, pero a súa é unha obra polifacética e autónoma, sen vínculos profesionais coas materias que cultiva.

A Etnografía ten un rol importante na súa vida, xa que a cultivou desde a adolescencia, o seu primeiro traballo é de cando tiña dezanove anos, ata o final. No 1974, despois do seu pasamento, publicouse o seu derradeiro traballo neste eido. Tamén no seu labor como etnógrafo se reflicte a súa vida. Estudia as bisbarras ás que estivo vinculado familiar e profesionalmente, Pontearreas, Arousa, Santiago, A Estrada, e outras de Galicia que coñecía ben polo miúdo. Tamén fixo traballos no Val de Arán aproveitando a súa estadía por razóns do seu labor xudicial.

Aínda que a súa vinculación co Seminario, (secretario da sección de Prehistoria, e co I.E.G.P.S., presidente da sección de Prehistoria e Arqueoloxía), foi no eido de materias arqueolóxicas e prehistóricas, o seu traballo como etnógrafo é refrendado pola súa pertenza a sociedades folclóricas e etnográficas de España, Francia, Portugal e de varios países Hispanoamericanos onde tiña prestixio na materia, como o amosa o discurso na Universidade de Bos Aires.

A investigación etnográfica de F. Bouza-Brey ten que valorarse no conxunto global da súa produción científica e da súa creación literaria pois toda ela comparte unha serie de ideas e temas que lle dan un carácter homoxéneo malia súa variedade.

A súa obra é un todo coherentemente estruturado, onde se manifesta un conxunto de valores propios da súa visión do mundo e doutros que comparte cos investigadores da súa xeración. Para proceder á valoración da etnografía no contexto xeral analizámo-las súas características fundamentais, sen cinxirnos a aspectos que son tratados dun xeito máis detallado noutras comunicacións e relatorios deste simposium, e posteriormente faremos un contraste entre elas e as que guían o seu pensamento como arqueólogo, historiador, prehistoriador, estudioso da arte e da literatura e creador literario.

A análise do contido da representativa selección da súa obra etnográfica, publicada no 1982, que ten un total de 613 páxinas¹, permite apreciar as constantes que están presentes dun xeito reiterado na meirande parte dos traballos.

A modo de mostra expoñémo-lo contido de varios deles que consideramos exemplares e representativos.

En «*El Maestro Mateo en la tradición popular de Galicia*» apreciamos los seguintes trazos:

Estudio histórico da figura de Mateo, das tradicións sobre a súa vida e a súa obra, e do folclore actual coa análise das leis de formación das lendas sobre personaxes históricos. Nel fanse patentes unha erudición portentosa, a preocupación pola culturoloxía, en especial sobre a orixe, difusión e transformación dos elementos culturais, pola relixiosidade popular e polas peculiaridades da cultura galega.

O seu traballo «*Fortuna de las canciones de Gesta y del héroe Roldán en el románico compostelano y en la tradición gallega*» versa sobre historia, arte, lendas, folclore, tradición oral, literatura medieval, orixe, evolución e adaptación das formas culturais. Presenta unha visión global, holística do humano, nunha combinación das ciencias sociais, arte, historia, literatura, antropoloxía, etc. Hai unha fusión da diacronía e da sincronía, pois estudia como un conxunto indisoluble a relación presente-pasado.

Tamén se aprecia o uso do comparativismo con grande riqueza de paralelos e a busca das características da cultura galega, das súas peculiaridades e da súa relación co mundo europeo do pasado e do presente.

En «*El lagarto en el folclore gallego portugués*» hai un estudio zoolóxico, do léxico, dos xogos infantís, das crenzas e ritos e da menciña popular. Realiza a busca de paralelos e dos trazos da cultura popular galega, dos seus elementos específicos e das súas relacións co norte de Portugal e con Europa.

O seu programa de investigación sobre o millo en Galicia, desde o punto de vista histórico e etnográfico, segue a ser válido. Está presente o interese pola culturoloxía, orixe, evolución, difusión e adaptación dos elementos culturais.

¹ Para a súa obra etnográfica tomamos como referencia a edición preparada por J. L. Bouza Álvarez e prologada por J. Caro Baroja:

F. Bouza-Brey, *Etnografía y Folclore en Galicia*, Edicións Xerais, Madrid, 1982.

Outro aspecto da súa visión global maniféstase no tratamento conxunto do tema que abrangue desde os aspectos ergolóxicos ás crenzas, do pasado ó presente e na súa preocupación polas sobrevivencias.

«*Costumbres lúdico-entomolóxicas del niño en Galicia*» é un traballo etnográfico de campo no que se busca o específico da cultura galega, a súa unidade coa do norte de Portugal e as súas relacións co ámbito europeo. Faise patente o emprego de paralelos e a súa preocupación polas sobrevivencias e a historia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA OBRA

De acordo cos datos expostos pódense sinalar como trazos fundamentais os seguintes:

1. Concepción interdisciplinar explícita no emprego de diferentes fontes, conceptos e métodos de diversas disciplinas. Combina a etnografía coa historia, a literatura, a etnolingüística e a Historia da Arte.

2. Visión holística global A súa investigación estudia pasado e presente conxuntamente desde varios puntos de vista complementarios ata o punto de que en ocasións resulta moi problemático atribuír algúns artigos a un campo etnográfico concreto ou mesmo a unha disciplina determinada como pode se-la arte, a historia, a literatura, a lingüística ou a etnografía no sentido amplo deste termo.

3. Preocupación pola descrición detallada do dato etnográfico, artístico, literario ou histórico, pola historia, a culturoloxía, a orixe, evolución e adaptación das formas.

4. Na metodoloxía emprega a miúdo o comparativismo con grande cantidade de citas de paralelos, a historia e a función das cousas, o método histórico-cultural e o evolucionismo. O seu método é de carácter ecléctico sen que resulte doado, como ocorre con outros membros da súa xeración, o adscribilo dun xeito unilíneal a unha escola determinada.

5. Desde o punto de vista ideolóxico resulta clara a busca da personalidade de Galicia a través dunha cultura e dunha historia específicas que conservan unhas características constantes desde un pasado moi remoto. É un estudioso dos sinais de identidade de Galicia, das súas estreitas relacións co norte de Portugal e do seu carácter claramente europeo, especialmente relacionado co mundo atlántico co que hai fortes vínculos.

6. Das súas actitudes destaca a entrega a Galicia e o carácter militante da súa obra, chea de amor, de entusiasmo e de sentimento poético.

As características apuntadas están presentes nas outras manifestacións do seu quefacer intelectual. Na súa obra como prehistoriador e arqueólogo volvemos a encontra-la busca das raíces, do específico, do arquetípico, da esencia do carácter atlántico de Galicia e da súa relación con Portugal, como se documenta

en obras clave elaboradas en colaboración con F. López Cuevillas, tales como «Prehistoria e Folclore do Barbanza», publicada en Santiago no 1927, e, sobre todo, na clásica «Os Oestrimnios, Os Saefes e a ofiolatría en Galiza», Santiago, 1929.

Como historiador, con especial dedicación ó mundo romano e suevo, preocupábase dos mesmos temas, busca as características raciais, culturais, lingüísticas que contribúen a forma-la esencia de Galicia e que chegaron desde aquelas remotas idades ata os nosos días.

Na arte maniféstanse igualmente as inquietudes e focaxes sinaladas como se pode apreciar nos seus estudos sobre o Mestre Mateo ou sobre a fortuna das cancións de xesta. Nestes traballos a recorrencia á interdisciplinabilidade e á súa visión integral, moderna, holística da cultura e a combinación de diacronía e sincronía como un continuo fan difícil a súa atribución exacta a unha disciplina concreta. De novo a historia, etnografía, literatura e historia da arte estreítanse mutuamente na análise do tema e na busca dos elementos fundamentais da súa investigación, o xeito peculiar de ser e de trata-las cousas do pobo galego.

Dentro da súa obra literaria podemos sinala-la súa novela *Cabalgadas en Salnés* onde trata das aventuras na Galicia Medieval². O máis expresivo da súa obra é a poesía, onde apreciamos unha cualificada liña neotrobadoresca na que utiliza as formas dos poetas medievais galaico-portugueses revitalizándoas. Noutros versos nótase o seu gusto pola poesía popular, que se reflicte nos temas e no xeito de expresalos.

Deste xeito na súa creación literaria atopamos de novo o interese polo pasado e polo popular. Para o autor o seu cultivo é unha forma de ser fiel ás esencias do país e por iso reelabora na súa obra os xéneros poéticos da historia e do folclore.

Pero esta intención maniféstase aínda con maior claridade nalgúns dos seus poemas, onde á marxe das dúas liñas citadas, amósanos como a poesía se converte nunha reivindicación patriótica militante do país.

Unha análise do poema «Galiza», creado con motivo das escavacións arqueolóxicas da necrópole da Abelleira na parroquia de Lousada, concello de Xermade, no oeste da provincia de Lugo, reflicte coa profundidade e coa forza do poeta os seus ideais e amores máis íntimos. Se o título é expresivo, non menos claras son as circunstancias desde a súa dedicatoria «Ao Cuevillas», figura clave na prehistoria galega, a súa elaboración durante unha campaña de escavacións nun conxunto megalítico e a súa lectura ó acaba-la mesma, acompañada do canto do himno galego o 30 de agosto do 1970, no interior dun dos monumentos escavados.

² Para a súa creación literaria tómase como referencia:

F. Bouza-Brey, *Obra literaria completa*, Edicións Xerais de Galicia, Madrid, 1981.

¡Foi! alí o noso espírito
mergullouse nas antas,
buceou nas orixens
e topou cas raigañas
da Galiza de sempre
na maxestá das chantas,
na forza dos machados,
no engado das cerámicas,
da terra moura e quente
na virxinal entrana...

As ideas básicas son que co traballo científico, neste caso unha escavación arqueolóxica, atópanse no pasado as raíces eternas que definen a cultura e a historia galegas como algo peculiar.

Desde un momento primixenio, o desenvolvemento do megalitismo en Galicia, manteríase ata os nosos días unha serie de constantes básicas que definen unha Galicia intemporal, en certa maneira eterna.

As mesmas ideas reflíctense noutro poema «Aos mozos arqueólogos en Compostela» dedicado no outono do 1969 ós membros mozos da sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Gallegos «Padre Sarmiento», con motivo do primeiro aniversario da súa fundación.

As antas mais os castros nos dixeron
en tan constreito tempo moitas íntimas cousas
e por eles sabemos cen segredos
pra colleitar os trunfos nesta loita
por foros agachados nas galegas
culturas prehistóricas.
Voltarán os machados a ter gumes
e solimán as frechas voadoras;
ás donas encantadas,
de aparencia de cobras
cun caravel nos beizos,
bicaremos nas bocas,
e, cos tesouros que nos den, teremos
pan para os probes, tella para as chouzas,
para os fortes, traballo,
e pra os nenos escolas
onde adprenden que os galegos somos
escolleitos por Deus e pola Historia.

No primeiro grupo de versos faise patente a idea de que nos restos prehistóricos están presentes as esenciais básicas que lexitiman a identidade e a forza

do País. No segundo, que ten caracteres grandiosos, nos seus últimos versos case mesiánicos, exprésase que Galicia volverá a se-lo que foi cando se rompa o encanto que ten cativas as nosas esencias, cando estas se asuman. Se se volve ó modelo do pasado teremos un presente e un futuro espléndido xa que é aquel o que lexítima e conforma este.

Está implícito un concepto do tempo e da historia que aparece en moitos nacionalismos, e en mitos de diferentes culturas. É a idea de que no principio houbo unha Idade de Ouro, que as formas de vida dela dexeneraron, perdéronse ou están aletargadas esperando que alguén as rescate. Cando se produza este feito volverá repetirse a Idade de Ouro. No caso galego considérase que a esencia de Galicia se remonta ó megalitismo e que a identidade galega, a súa forma primixenia e utópica de ser foi secuestrada pola acción exterior que lle quitou a Galicia o seu poder. Só cando se recupere e se volva a fidelidade ás raíces se chegará á Utopía propia.

Dun xeito ou doutro este pensamento está implícito en moitos intelectuais da Xeración Nós, que conciben a investigación científica como un acto de amor e entrega a Galicia para descubri-la súa cultura e historia peculiares que lexítiman o poder de decidir sobre o seu destino. Noutros versos de F. Bouza-Brey está explicitada a idea de que a investigación histórica é un acto patriótico na loita por construír Galicia.

A obra etnográfica de F. Bouza non é froito dun interese illado, senón que forma parte do seu desenvolvemento como intelectual ó servizo dunha causa, xa que en tódalas súas obras vai guiado por unha motivación concreta e unhas concepcións epistemolóxicas determinadas, que en parte son peculiares da súa persoa e en grande medida compartidas cos homes da Xeración Nós, que presenta nisto unha notable uniformidade. O seu programa de investigación é a busca das esencias de Galicia no pasado e no presente para, a través do seu coñecemento, lexítimar este e o futuro de Galicia no plano cultural e político.

Esta visión monolítica da súa obra e da súa vida é en certo xeito extrapolable non só a algúns intelectuais da súa xeración, senón tamén a etnógrafos en particular e humanistas en xeral bascos e cataláns e a moitos románticos e eruditos nacionalistas europeos que dedicaron a súa vida dun xeito íntegro ós seus ideais patrios.

A ETNOGRAFÍA DE F. BOUZA-BREY E O MODELO ETNOGRÁFICO ACTUAL

A investigación de F. Bouza-Brey, clasificada actualmente de etnográfica e folklórica polo modelo antropolóxico dominante, presenta, con relación a este, unha serie de diverxencias, e a análise das mesmas axuda a entender mellor ambas concepcións do estudio do comportamento humano, supremo obxectivo das ciencias sociais.

Nas dúas columnas detallámo-las características de ambos modos de crear ciencia social.

Modelo de F. Bouza Brey

Relación con outras áreas

Visión global

Unión sincronía-diacronía

Descrición detallada

Pouca teorización

Temática limitada

Interese pola etnografía

Metodoloxía limitada

Carga subxectiva apreciable
na militancia e no amor

Afección sen remuneración

Modelo antropológico actual

Autonomía

Especialización

Indiferencia cara ó pasado

Breve descrición

Gran carga teórica

Temática ampla

Desinterese pola etnografía
e o folclore

Metodoloxía ampla

Teórica obxectividade

Profesión remunerada

Este esquema binario, que podería ser ampliable, rexistra dun xeito esquemático a postura dominante no modelo antropológico anglosaxón que neste momento exerce o seu imperio académico no noso mundo, fronte á dos etnógrafos e folcloristas que polo xeral, e dun xeito especial na Península Ibérica, están fóra do círculo do poder académico, que é o que define o que é ciencia.

A ámbolos dous modelos se lles poden formular unha serie de críticas constructivas desde a perspectiva de alcanzar un coñecemento do humano máis obxectivo e eficaz.

Ó enfoque etnográfico tradicional pódesele achaca-la súa falta de teorización e o emprego de perspectivas limitadas no enfoque e no método, tales como historicismo e o abuso do comparativismo, así como o descoido doutras perspectivas de análise. Ó modelo antropológico de moda pódesele achaca-la súa disociación doutras disciplinas, entre elas a historia, a pobreza da descrición etnográfica —hai obras onde os escasos datos parecen ser unha simple excusa para que o autor conte a súa visión académica do mundo sen que se escoite a voz do informante, e a exclusión de moitos temas do seu campo de estudio.

É evidente que ambos teñen acertos e lagoas, aqueles explotables e mellorables, e estes subsanables. Para levar a cabo a mellora de ambos cabe transvasar a cada un o de positivo que encerra o outro, enriquecéndose así ambos en conceptos, métodos, temas e resultados.

Desde o punto de vista académico hai dúas solucións prácticas:

Unha, mante-la autonomía das disciplinas respectando a súa personalidade peculiar. A outra, integralas nun todo superior no que coexistan materias diversas

só por razóns de especialización debida ás limitacións da mente humana e non a causa da correlación de forzas no seo da comunidade universitaria. Se ben está claro que o poder académico non é favorable en conxunto á etnografía e ó folclore, algúns antropólogos coa aplicación do seu modelo ó campo tradicionalmente reservado ó folclore están facendo investigacións moi rigorosas, que reflicten na práctica a integración do mellor da concepción folclórica e a académica, como se aprecia en comunicacións sobre tradición oral presentadas neste simposium. Se ben isto demostra que a niveis concretos o paso cara a unha ciencia social global, polo menos no noso campo, xa está dado, convén insistir na conveniencia de camiñar cara a unha visión máis holística do estudio do humano.

Santiago, Outono de 1992

BOUZA BREY E O ENTROIDO

Xosé R. Mariño Ferro
Universidade de Santiago

Don Fermín Bouza Brey adicoulle dous artigos ó tema do Entroido. O primeiro titúlase *Máscaras galegas de orixe prehistórico* e forma parte do libro *Homenagem a Martins Sarmiento*, publicado en Portugal no 1933. O segundo, do 1949, apareceu na Revista de *Dialectología y Tradiciones Populares*; leva por título «Teatro de Carnaval en Galicia».

Entre as máscaras de orixe prehistórica inclúe o peliqueiro e variantes. No teatro de Carnaval estudia os xenerais da Ulla. É dicir, don Fermín enfrontouse ás figuras máis destacadas e ricas do noso Entroido. As explicacións que delas deu son exemplo do que poderíamos chamar «supervivencia do evolucionismo decimonónico». Sen embargo, non carecen de interese, como veremos.

Bouza viu unha mascarada de xenerais na Estrada, no ano 1934. De tódolos xeitos a descrición que fai está tomada, fundamentalmente, dun artigo de Julio Sierra en *La Noche* e do libro *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la Región Gallega* do que é autor Alfredo García Ramos.

Os aspectos importantes están sinalados. Infórmanos que a mascarada consiste nun exército formado por correos e xenerais que locen vistosos uniformes, roses das campañas carlistas, de Cuba ou Filipinas e douradas charreteiras.

Sinala que estes soldados loitan con versos, polo que son elixidos entre os parroquianos con máis enxeño e maior capacidade de improvisación. Menciona os enfrontamentos entre os xenerais e os «francotiradores» (da propia parroquia) e as batallas entre xenerais de parroquias veciñas que teñen lugar no límite parroquial.

Como exemplo de diálogo pon este que eu repito para vostedes, aínda que non estea escollido con moito acerto:

– Aquí me tienes, cobarde,
frente a tus barbas tan tristes,
que sólo con esta mano
te voy a romper las narices.

– Su magestad me esta faltando
con palabras tan groseras.
Si no se calla la boca
le voy a cortar las orejas.

– Lo que es usted un canalla,
un carota sinvergüenza,
que está engañando al pueblo
con esos chulitos cuentos.

– No necesito al pueblo,
que es un valiente traidor.
¡Me quiero ver cara a cara
contra su bravo sudor!

Ó final —di seguindo a García Ramos— os xenerais fan as paces e un deles berra: ¡Vivan los mozos y mozas de este lugar y sus familias!

O notario Miguel Losada —de quen toma os datos García Ramos— opina que a orixe destas guerras poéticas «debe remontarse ós tempos das continuas loitas entre os diversos señoríos, simbolizadas hoxe por esa pantomima de Carnestolendas».

A interpretación de Bouza límitase a un curto comentario: «É unha defensa tribal dos límites parroquiais que só a forza de desafogos en verso pode ser resolta pacificamente».

Se nesa frase eliminamos «tribal» —que é un resabio dos tópicos da época do evolucionismo decimonónico e nos leva polo falso camiño das supervivencias—, atopámonos cun avance, aínda que certamente limitado, da explicación que deron González Reboredo e Mariño Ferro no seu *Entroido en Galicia*.

Para estes autores o Entroido da Ulla non pode ser entendido sen ter en conta a estrutura social de Galicia, aspecto que Bouza Brey, como os demais antropólogos españois da época, non incorpora ás súas pesquisas. En realidade, a comparsa dos xenerais non é senón unha representación simbólica dos segmentos da estrutura social e das súas relacións mutuas.

Os segmentos fundamentais da estrutura social galega son a parroquia, a aldea e a casa. Cada un deles conta con costumes e crenzas que lle dan unidade e forza. Existe incluso un costume —o lume de San Xoán— que serve para simbolizar, ó mesmo tempo, dous destes segmentos: a casa e a aldea. Nesa noite —equivocadamente cualificada de máxica— alumean cachadas en cada casa e en cada aldea. Como di Lisón, «cada fogueira simboliza e sanciona principios e valores de organización territorial e social». Pero non aparece ningunha fogueira parroquial, polo que falta referencia simbólica á parroquia. Na mascarada dos xenerais, en cambio, a importancia da parroquia vese axeitadamente reflexada. Iso sen esquecer, por suposto, os dereitos da casa e da aldea. Noutras palabras, a mascarada da Ulla é unha desas raras xoias que todo antropólogo social busca.

A comparsa dos xenerais é expresión da casa en tanto que vai de casa en casa, porta por porta e porque os vivos danse a cada cabeza de casa e á súa familia.

Nalgunhas parroquias o correo, que encabeza o desfile, solicita permiso do cabeza de casa para poder entrar na súa eira.

A personalidade da aldea queda recoñecida no dereito de calquera veciño de poñer un atranque —unha loita verbal— á mascarada. Desa maneira cada aldea maniféstase como unha unidade con certa independencia, capaz de darlle-lo alto ós forasteiros, de non permitirilles libremente a entrada. Só conseguindo o permiso dos veciños da aldea se pode entrar no seu termo.

Expresión da parroquia é o feito de que nos vivas se nomee sempre a parroquia de procedencia e a de residencia de cada veciño. E para maior exaltación da parroquia din sempre o nome completo: o relixioso e o secular. Un par de exemplos: «¡Viva Fulano de Tal en compañía de su esposa y de toda su familia, como natural y vecino de esta parroquia! ¡Viva Fulano de Tal en compañía de su esposa y de toda su familia como natural de San Simón de Ons de Cacheiras y residente en San Julián de Calo!»

O sentido de unidade parroquial pódese descubrir tamén no feito de que, de vez en cando, os xenerais empezan os seus vivas dicindo: «Repitan todos connigo a una voz: ¡Viva...!». É toda a parroquia como unidade a que debe expresar bos desexos para cada un dos seus componseiros. Outras veces esa mesma unidade é exaltada: «¡Viva la unión de Oza!»

Tamén fronte ó exterior a parroquia se manifesta como unidade. Iso sucede no atranque. O atranque entre parroquias serve para expresa-la relación de «rivalidade amistosa» que existe entre parroquias. Como nos dicía un informante de Santeles: «Os atranques son entre dúas parroquias coma se fose entre dúas nacións».

Cada parroquia séntese como unha unidade social independente, como unha nación soberana. Precisamente porque se ve como unha nación ten un exército: a mascarada dos correos e xenerais.

Para reforzar ese sentido de oposición, en cada Entroido as parroquias toman por modelo a loita real entre nacións en guerra durante ese ano: árabes e israelís, ingleses e arxentinos polas Malvinas... Podo asegurar que o próximo ano non faltarán xenerais serbios contra xenerais croatas.

Como a relación entre parroquias se concibe como unha «rivalidade amistosa», despois de teatraliza-la rivalidade chégase, por fin, a face-las paces.

A guerra de versos entre parroquias sempre acaba en amizade recobrada. O xeneral arxentino e o inglés acordaron a paz nestes termos:

«Arx.: Como general argentino
acepto la rendición,
consultando con mi pueblo
y el ejército de la nación.

Ing.: Vuestro honor será respetado
también por las tropas inglesas,
nosotros también queremos la paz
y que no muera más gente.

Arx.: Esa buena decisión
la aceptamos encantados,
que no se hundan más barcos
ni que mueran más soldados.

Ing.: Pues que se enfrenten la Thatcher y Galtieri
los dos burros cabezotas,
que no maten más infelices
que llamaron a sus tropas.

Arx.: Pues que los pongan a los dos juntos
y al presidente americano
que los manden al paredón,
que se lo tienen bien ganado».

Os xenerais da Ulla, como corresponde a persoas de tan alto rango, falan en castelán. Pero no momento de firma-la paz, que é tamén a paz entre veciños, recorren inconscientemente á lingua materna:

«Si me hablas de esa forma
no me voy a acobardar,
comerémo-la cacheira,
que estamos en Carnaval.

Se me invitas a cacheira,
xa non me vou negar,
xuntarémo-las espadas,
que estamos en Carnaval»

Así, pois, no Entroido da Ulla queda reflectida a estrutura social galega cos seus tres segmentos fundamentais: casa, aldea e parroquia. E tamén as relacións que deben existir entre as casas, aldeas e parroquias: deben de comportarse como unidades independentes, mostrando certa rivalidade pero evitando sempre que ese enfrontamento dexenere en loita aberta. Algo así como o ideal —non sempre cumprido, evidentemente— entre nacións.

Para o estudio do peliqueiro, Bouza parte da descrición que dá Risco. O que lle chama máis a atención a don Fermín son «as pelicas que, sen finalidade perceptible de primeiras, caen soltas por detrás da figura». Tamén se fixa nas grandes chocas que leva penduradas na cintura.

Tendo en conta eses elementos, relaciona o cigarrón con outras máscaras galegas e españolas: felos de Maceda, que levan pelicas de ovella e chocas de vaca; os murrieiros de Caldelas e Lemos e os charrúas de Allariz, que portan cinto con chocas; os zafarrones das montañas de León, que visten pelicas de animais, tapan a cara con pel de cabrito e poñen chocas ó cinto; os guirrios asturianos, que inclúen, así mesmo, chocas e pelicas na súa vestimenta.

Eu podería engadir que disfraces de Entroido con eses elementos aparecen tamén en Oyarzún (Guipúzkoa); en Aoiz, Navascués, Olazugutia, Saldias, Lanz e Areso (Navarra); Aberasturi, Eguilaz, Munain, Bernedo, Campezo, Quiontana e Urturi (Álava); en Sobrarbe (Huesca); en Cieza, Valle de Anievas, Toranzo e outros lugares de Santander; en Sant Feliu de Torelló e outros lugares da Plana de Vic; en Pla de Llobregat, Penedés e Camp de Tarragona; no lugar andorrano de Encamp; etc.

Bouza, como outros antropólogos españois da época, percatouse de que o cigarrón, con peles e chocas, non podía ser outra cousa cá representación dun animal. Na Antropoloxía e na Arqueoloxía que estaba de moda en España naquel tempo os animais levaban a pensar nas covas prehistóricas e no totemismo. Xorden así as interpretacións de Uria y Riu, de Risco e de Cabal, que don Fermín cita.

Uria y Riu, nun artigo «Sobre el origen de los Sidros, Zamarrones, etc.», relaciónaos cos ritos totémicos prehistóricos. Risco pensa que o peliqueiro é a representación do tótem. Cabal compara os guirrios asturianos coas máscaras zoomórficas das cavernas paleolíticas.

«Efectivamente —comenta don Fermín—, xa no paleolítico superior aparece comprobada a existencia de enmascaramento con pelicas e carantoñas imitando animais nas pinturas e gravados das covas e abrigos de Francia e España».

Lugo cita pobos primitivos onde se usan máscaras animais e considéraas unha supervivencia de tempos prehistóricos. E conclúe: «Desde tempos prehistóricos, sen solución de continuidade, que, baixo un aspecto de banalidade pasaxeira, poseídas dun lene tinte sacerdotal, son restos das sociedades tribais da Galicia prehistórica para os que aínda conserva o pobo, fidel custodio da tradición, acochado na subconsciencia, unha lembranza esvaída de respeto e temor».

Estou de acordo con don Fermín Bouza Brey en que o peliqueiro representa un animal. Pero, sentíndoo moito polos afeccionados a ver nos labregos galegos cazadores prehistóricos disfrazados —algo que hoxe non ten ningunha escusa—, buscarei a explicación deses animais máis preto tanto no tempo coma no espacio. Buscarei a explicación do animal-peliqueiro onde me parece máis lóxico atopala: na propia tradición. E será unha explicación acorde co carácter do Entroido, unha festa na que se celebra a carnalidade antes de entrar na Coresma.

A clave deste enigma está na maneira na que a cultura tradicional cristiá simboliza o corpo, a parte carnal do home. Eu descubrina observando un gravado

barroco que don Julio Caro Baroja reproduce no seu documentado libro sobre o Carnaval. Nese gravado aparece unha figura feminina sobre a que se le *anima*: a alma; e un animal, sobre o que se le: *caro*, a carne, o corpo. É dicir, o home está composto de alma e corpo e este, en canto inclinado ós praceres sensuais, é un animal.

Esa concepción do home pódese documentar con abundantes textos literarios. Valera, un autor do século XV, escribe que hai tres clases de vida: «Voluptuosa, civil, contemplativa. En la primera vive el hombre vida bestial; en la segunda humana; en la tercera, vida divina»¹.

Do padre Minaya, que escribe pola mesma época, interésano-lo o seu comentario a este texto bíblico: «La bestia del campo con la sed atacó a ti y alzó los ojos al cielo porque se secaron las fuentes de las aguas en la tierra» (Joel 1,20). «Por la bestia —comenta Minaya— se entiende todo hombre bestial, el cual, mientras halla en la tierra solaces y placeres (que se entiende por las fuentes de las aguas que son deleitosas y hermosas) y tiene aguas hermosas y sabrosas, no cura de mirar al cielo»².

O padre Córdoba di: que os deleites carnaís «son sucios deseos y bestiales... Tales deseos hacen a la mujer bestial. Que primero la hacen compañera de las bestias, pues sigue aquellos apetitos en que nos convenimos con las bestias»³.

Tamén Fray Luis de Granada compara os homes sensuais coas bestas: «Porque hombres vemos tan sensuales, tan desenfrenados y tan entregados a los deseos de su corazón, que casi en todas las cosas como unas bestias le obedecen y siguen, sin tener en cuenta con ley de justicia y de razón. Pues, ¿qué es esto sino entregar todo el gobierno de su vida a la torpe y sucia esclava de la carne?». E logo engade que o pecado converte os homes carnaís en bestas: «La felicidad que da el pecado tan breve y tan miserable, es también sucia, porque hace a los hombres carnales y sucios; es bestia, porque los hace bestias; es loca, porque los hace locos y los saca muchas veces del juicio»⁴.

No *Malleus melficarum* chámasele ó Demo, por corrompe-los homes, «a Besta que volve os homes bestiais»⁵.

En *El hijo pródigo* de José de Valdivieso a Lascivia di do protagonista, que se converterá en escravo dese vicio:

«¡Pase el pelado pelón,
que cual bestia lo he dejado!»⁶.

¹ Valera.

² Minaya 293.

³ Córdoba 97.

⁴ Granada 219, 365.

⁵ Kraemer 77.

⁶ Valdivieso.

Dese mesmo autor pódense citar outros interesantes textos. En *Las ferias del alma* hai uns versos que din:

«¡Ah, la señora Lujuria!
que no escarmienta esta vieja,
con el fuego de Sodoma
y con que el agua la anega.
Qué afeitada que ha salido,
cubierta de oro y perlas,
sobre una bestia subida,
porque hace a los hombres bestias»⁷

En el *Hombre encantado* di o Demo:

«Hombre, que encantado estás
en mis prisiones y rejas,
siendo tus culpas los hierros
que eslabonan tus cadenas,
este castillo que ves,
donde son los hombres bestias,
(que hacen bestias los hombres
si libres se desenfrenan)
es el mundo, carne y Diablo»⁸.

E Cristo ó Home, que primeiro pecou e logo pediu perdón, fálalle así:

«En bestia te convertiste
por las culpas encantado,
y hoy me doy en buen bocado,
pues por otro te perdiste.
Fuiste semejante a mí
y en bruto te transformaste
y porque humilde lloraste
hoy vuelvo a volverte en ti»⁹.

Moito máis claro aínda é este diálogo entre a Alma e o Corpo no auto titulado *El Fénix de Amor*.

⁷ Valdivieso 337

⁸ Valdivieso 312

⁹ Valdivieso 318

ALMA: Yo soy cosa celestial;
alma, tú una carga de tierra
y un cuerpo, en fin , animal.

CUERPO: ¿Yo animal? ¿Bestia yo?
¿Mono, liebre, perro o gato?
¡Voto a san, si os arrebato,
que es de ver si bestia so!¹⁰.

En *Los encantos de la culpa* de Calderón, o Entendemento dille ó Home:

«La soberbia, con intento
de que el veneno que esconde
pasase a mí, porque es donde
peligra el Entendimiento,
me brindó; mas sin el fruto
que de mí estaba esperando
por saber yo que en pecando
se convierte el hombre en bruto.
David lo diga, que atento
este sentir en él hallo:
“que el que peca es un caballo
en quien no hay entendimiento”»¹¹.

E logo o Entendemento explícalle como cada sentido corporal se convierte,
polo pecado, nunha besta:

«...El Tacto, que fue el objeto
que la Lascivia creyó,
en oso se convirtió,
que este animal, imperfecto,
sin forma y sin ojos nace:
y el apetito a creer llevo
que nace sin forma y ciego,
pues tantos errores hace.
El Gusto (glotón hambriento)
en un bruto inmundo fue
transformado, esto porque
sólo a su comida atento

¹⁰ Valdivieso 369.

¹¹ Calderón en Onrubia 424.

vive, sin que de su pecho
el Hombre servicio adquiera,
pues ha menester que muera
para serle de provecho...»¹².

Naturalmente, a tradición cristiá estima que o Corpo sen Alma se reduce a pura animalidade; en palabras de Calderón, a animal torpe. En *El pleito matrimonial del Cuerpo y del alma* descríbese deste xeito ó Corpo que aínda non recibiu o elemento espiritual:

«Mira que animal tan torpe
en sus principios juzga,
pues tiene ojos y no ve...»¹³.

En *La cena de Basaltar*, outro auto de Calderón, o Pensamento defínese como o elemento que distingue os homes dos animais:

«Yo, de solos atributos
que mi ser inmortal pide,
soy una luz que divide
a los hombres de los brutos»¹⁴.

Bodin ós homes carnais que non cultivan as facultades intelectivas considéraos porcos e bestas, pois ás bestas parécense no seu comportamento¹⁵. De Santo Agustín son estas verbas: «Elixo o que para ti é mellor: pérde-los ollos do corpo ou a mente. Se pérde-la mente, convérteste nunha besta; se pérde-los ollos, terás mente e serás home»¹⁶.

Evidentemente, se o Corpo sen alma e sen entendemento e o home carnal son comparados cos animais débese a que comparten as mesmas necesidades. Dito doutra forma: o corpo é a parte animal da persoa, a parte que sente os desexos sexuais, que come e busca toda clase de praceres sensibles. Fray Luis de Granada exprésao así: «El apetito sensitivo es la más baja parte de nuestra ánima y, por consiguiente, la que más nos hace semejantes a las bestias, las cuales en todo y por todo se rijen por estos placeres y afectos»¹⁷. A única forma de que un home deixe de ser carnal, e polo tanto bruto, é —para o home tradicional— comportarse

¹² Calderón en Onrubia 425.

¹³ Calderón en Onrubia 258.

¹⁴ Calderón en G. Rufz 342.

¹⁵ Bodín 9.

¹⁶ Santo Agustín 703.

¹⁷ Granada 472.

como un bo cristián. Como di Santo Hilario, «a palabra de Cristo transforma as bestas en homes»¹⁸.

En resumo, o peliqueiro é —como ben intuía don Fermín Bouza— a representación dun animal. Pero ese animal non é un tótem. O seu significado débémolo buscar na propia tradición cristiá, na que se concibe o Corpo como un animal; e o Entroido, o tempo de Don Carnal, é a teatralización desa concepción.

BIBLIOGRAFÍA

- BODIN, J. 1580 *De la demonomanie des Sociers*. París.
- BOUZA BREY, F. 1933 «Máscaras galegas de orixen prehistórico». *Homenagem a Martíns Sarmiento*. Guimarães. Páx. 73-82.
- 1949 «Teatro de Carnaval de Galicia». *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (Reimpreso en *Etnografía y Folklore de Galicia*. Vigo. Xerais)
- CARO BAROJA, J. 1965 *El Carnaval*. Madrid. Taurus. 398 pp.
- CÓRDOBA, Fray M. 1959 «Compendio de la fortuna». En *Prosistas Castellanos del siglo XV*. Madrid. Atlas.
- GONZÁLEZ RUÍZ, N. 1968 *Teatro teológico*. Madrid. BAC. 820 pp.
- GARCÍA RAMOS, A. 1912 *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*. Madrid. (Ed. facsímil do Consello da Cultura Galega en 1984)
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. 1987 *Entroido en Galicia*. A Coruña. Deputación. 218 pp.
- GRANADA, Fray Luis de. s/d *Guía de pecadores*. Madrid. Apostolado de la Prensa. 561 pp.
- KRAEMER Y SPRENGER. 1976 *El martillo de las brujas*. Madrid. Felmar. 607 pp.
- LISON, C. 1971 *Antropología social en España*. Madrid. Siglo XXI.
- MINAYA, Fray L.F. 1959 «Espejo del alma». En *Prosistas Castellanos del siglo XV*. Madrid. Atlas.
- ONRUBIA, J. (Ed.) 1970 *Trece autos sacramentales*. Barcelona. Bruguera. 660 pp.
- PÉREZ HERVADA, E. 1973 *El hombre lobo*. Lugo.
- RISCO, V. 1948 «Notas sobre las fiestas de Carnaval en Galicia». *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*.
- SANTO AGUSTÍN. 1983 *Sermones*. Madrid. BAC. 808 pp.
- VALDIVIESO, J. 1975 *Teatro completo*. Madrid. Isla.
- VALERA, D. 1959 «Tratado en defensa de las virtuosas mujeres». En *Prosistas Castellanos del siglo XV*. Madrid. Atlas.

¹⁸ En Pérez Hervada.

BOUZA-BREY E A OFIOLATRÍA EN GALICIA

Manuel Mandianes

Fina María Antón Hurtado

C.S.I.C. Barcelona

Desde a época dos castros numerosos monumentos dan testemuño da importancia da serpente na cultura galega¹. Moitos monumentos cristiáns están construídos sobre pedras onde estaba esculpida unha serpente, e as lendas castrexas resaltan a súa importancia na tradición popular². Aínda hoxe se pode ver a serpente esculpida no fuste dalgúns cruceiros. Indo da Guarda cara a Baiona pódese ver unha e indo de Celanova a Cartelle outra en Viveiro; a primeira á dereita e a segunda á esquerda do viaxeiro. «Son frecuentes os cruceiros que ostentan na parte baixa do brazo maior figuras alusivas ó pecado orixinal e en todos eles está en medio do Adán e Eva a serpente do Paraíso»³. Noutro tempo unha raza de serpentes que viñan do mar, entraron en Galicia, expulsaron ós seus habitantes e desde entón, elas son os seus poboadores⁴. Para explica-la importancia da serpente na cultura galega os autores falan dun animal totémico⁵,

¹ F. Alonso Romero, «Nuevas consideraciones sobre el significado del petroglífico de Laxe das Rocas (Muros, Galicia)», en *Zéphirus*, XXXVI (1983), 79-91; F. M. Antón Hurtado y M. Mandianes, «Le serpent maître du temps en Galicie»; F. Bouza Brey, «El lagarto en la tradición popular gallega», en op. cit., p. 61-80; F. Criado Boado, «Apéndice II: Serpientes gallegas: madres contra rameras», en J. C. Bermejo, *Mitología y mitos de la Hispania prerromana* (Akal, Madrid, 1986), 241-274; J. Ferro Couselo, *Los petroglifos de término y las inscripciones rupestres de Galicia* (Ourense, 1952), 269 pp.; pp. 86-88; A. Rodríguez Castelao, *As cruces de pedra na Galiza* (Nós, Bos Aires, 1949); F. López Cuevillas e F. Bouza Brey, «Os Oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza», *A.S.E.G.*, II (1929<9, 119-164; M. Mandianes, *Loureses, antropoloxía dunha parroquia galega* (Galaxia, Vigo, 1984), 13-18 e *Las serpientes contra Santiago* (Sotelo Blanco, Santiago, 1990), 144-151; I. del Pan, *Aspectos etnográficos de Portugal. Folklore hispanoportugués* (Act. y Memor. de la Sociedad Española de Ant., Etnol. y Prehistoria, t. XVIII, Madrid, 1953), 216 pp., pp. 135-141; V. Risco, «Creencias gallegas. Tradiciones referentes a algunos animales», en *RDTP*, III (1947), 163-188, p. 171-184; H. N. Savory, «Serpentiforms in megalithic art: a link between Wales and the Iberian North-west», en *C.E.G.*, XXVIII, 84 (1973), 80-89; N. Tenorio, *La aldea gallega* (Cádiz, 1914), 171 pp., p. 128-129.

² F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «Os oestrimnios...», loc. cit., p. 162-176.

³ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «Os oestrimnios...», loc. cit., p. 158.

⁴ Ruf Fest Avié, *Pereple (Obra Marítima)*, (Fundación Bernat Metge, Barcelona, 1986), versos 79-82; cfr. A. Rodríguez Castelao, op. cit., p. 207.

⁵ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, op. cit., p. 159; J. M. Gómez-Tabanera, *Totemismo. Estudio sobre el totemismo y su significación en la cuenca del Mediterráneo antiguo y en la España primitiva* (Inst. Balmes de Sociología, C.S.I.C., Madrid, 1955), 294 pp., p. 289-291.

dun xenio protector da casa e os seus habitantes⁶, e do seu culto na antiga Galicia do que aínda hoxe quedarían restos⁷. «É evidente... que a figura da serpente se encontra en moitos obxectos de utilización profiláctica, como tamén se encontra a roda, e é sabido que antes de seren utilizados como amuletos tiveron ambas representacións un valor máis alto e foron símbolos de divindades solares ou teutónicos»⁸.

As serpentes nacen dos ovos doutra serpente que a terra choca porque elas os abandonan ó poñelos. Tamén se obtén dun pelo de muller con raíces encerrado nunha botella chea de auga, dos pelos que lles caen ás bruxas que se peitean nas charqueiras do bosque, e dos ovos dun galo de sete anos ou do ovo druídico⁹. As serpentes viven nas poulas, nos soutos de castiñeiros; custodian as minas e as fontes onde hai mulleres encantadas e elas mesmas son, ás veces, mulleres encantadas¹⁰. «A crenza nas virtudes curativas da serpente é tan xeral e está tan viva en Galicia que sería labor interminable describir con detalle os procedementos e as súas variantes locais que se aplican á curación das enfermidades»¹¹.

A serpente está acochada desde outubro ata finais de abril, aproximadamente. Durante este tempo «é moi raro ver algunha», díxome a xente. «Está ó pe dos peitorís dos pozos, en lugares húmidos, debaixo das pedras nas poulas comendo terra e non é perigosa»; tamén o lobo come terra durante a metade da semana e durante ese tempo non é perigoso nin para a xente nin para os rabaños. Desde finais de abril ata finais de setembro as serpentes déixanse ver por todas partes e son perigosas porque poden roe-la xente. Durante este tempo aliméntase de sapos, paxaros, coellos, e outros bechos que atraen co alento. Os habitantes da Limia Alta así coma os de terras de Vilardevós e Laza falan moito das serpentes aínda que recoñecen que hai poucas. «Tódolos veráns se fala das serpentes» din en Loureses¹².

De cando en vez, a serpente entra nas casas onde hai algunha muller ou algunha vaca criando e mama de elas. «Viron entrar por un burato, que había debaixo da artesa, unha serpente que foi subindo, subindo, e colleu o bico do peito e púxose a chuchar no leite tan suavemente, que a muller non sentía nada,

⁶ J. Taboada, *Etnografía galega* (Galaxia, Vigo, 1972), 111.

⁷ F. López Cuevillas e Bouza-Brey, op. cit., p. 159; V. Risco, op. cit., p. 183; J. Taboada, op. cit., p. 111; *Nós*, n. 36 (1926), 8-9.

⁸ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «*Os Oestrimnios...*», loc. cit., p. 161.

⁹ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «*Os Oestrimnios...*», loc. cit., p. 184-185.

¹⁰ X. M. González Reboredo, *Lendas galegas de tradición oral* (Galaxia, Vigo, 1983), p. 17-22; E. Álvarez, «A coba da serpe», en *Galicia Diplomática*, IV, 38 (1889), 286-288; F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua...», no seu libro, *Etnografía...*, op. cit., p. 211.

¹¹ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «*Os Oestrimnios...*», loc. cit., p. 185-186.

¹² F. M. Antón Hurtado e M. Mandianes, *Le serpent maître du temps en Galicie*, nunha obra colectiva que levará por título *Le temps mythique en Europe* (Consello de Europa-Ministerio Grego de Cultura. De próxima aparición).

e para que o neno non chorase... metíalle o extremo do rabo na boca»¹³. Os nenos e os becerros comezan a esmorecer sen saber por que ata que alguén se dá conta; entón agárdana e máтана se poden. Tamén pode transformarse en ser humano. É, sen dúbida, un lazo de unión entre o espacio humano e o salvaxe, e entre o monte e o val¹⁴.

As serpentes buscan ás mulleres para gozar delas e a muller pode concebir unha serpente; cando isto ocorre «hai que colgar dunha trabe á muller polos pes e colocarlle debaixo da boca unha almofia con leite para que a serpente que devece polo leite, saia beber e matala». Os homes non poden adormecer no monte porque virá unha serpente e meteráselles pola boca. Os lagartos espertan co rabo ós homes que, durmidos no monte, corren o perigo de que unha serpente se lles meta pola boca, pero bótanse á cor vermella que é a do sangue menstrual e simboliza a muller. A non ser que alguén as mate violentamente, as serpentes en Galicia non morren; o lobishome tampouco recobra a súa figura humana definitiva a non ser que alguén lle produza sangue¹⁵.

«Cando son vellas botan alas e marchan voando ó río Xordán desde onde van para o mar»¹⁶. O río Xordán é calquera río. Os ríos, en principio son sempre límites entre parroquias. «Se nos persegue unha serpente, a mellor maneira de escapar dela é atravesando un río». Coma as ánimas, as serpentes non poden atravesar os ríos: «para defenderse dunha serpente, o mellor é vadear un río»¹⁷. Moitos autores falan do culto ás deidades da auga en Galicia¹⁸. No mar está o rei Artur, esperando volver outra vez ó país dos vivos, e Melusina que, segundo os que a viron, é metade muller e metade serpente e agarda atraer a algún home para compartir con el as súas riquezas¹⁹.

¹³ W. Fernández Flórez, *El bosque animado* (Espasa-Calpe, 1983), p. 95.

¹⁴ M. Mandianes, *Loureses...*, op. cit. 16-17.

¹⁵ V. Risco, «El lobishome», en *RDTP*, I (1944-45), 514-553.

¹⁶ X. Lorenzo Fernández, «O mar terra adentro», en *Rev. de Etnog.*, XIII (1969), 105-112. Esta crenza é común a algunhas vilas de Cataluña; X. Carbó i Maymí, en L. Calvo i Calvo, *Catàleg materials etnogràfics de l'Arxiu d'etnografia i folklore de Catalunya* (C.S.I.C., Barcelna, 1990), fícha 235, p. 74.

¹⁷ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «Os Oestrimnios...», loc. cit., p. 185.

¹⁸ Martín Dumiese, op. cit., n. 8; L. Carré, op. cit., p. 96-98; A. L. Fontes, *Etnografía transmontana*, I (Montalegre, 1974), 157 pp., p. 41-42; F. López Cuevillas e Serpa Pinto, op. cit., p. 317-333; M. López Martínez, «Las religiones prehistóricas de Galicia», en *C. de E. G.*, XV (1960), 121-142, p. 131; J. Marlake, *La tradition celtique* (Payot, Paris, 1975), p. 248-249; V. Risco, op. cit., p. 275; Skuli Gislason, *Lendas islandesas* (Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1982), 208 pp., p. 92-94; J. Taboada, op. cit., p. 102.

¹⁹ J. d'Arras, *Melusina* (Siruela, Madrid, 1985), 233 pp. e ilustracións; A. Cazenave, «Monstres et merveilles», en *Ethnologie Française*, n. 3, 9 (1979), 235-256; H. Dontenville, *Mithologie française* (Payot, Paris, 1973) 269 pp., p. 146, 207-229; J. Dufournet, «Naissance et vie des fées au moyen âge. A propos d'un ouvrage récent», en *Le moyen âge*, 3-4 (1985), 472-484; P. Gordon, *Essais. Les Vierges Noires. Mélusine. L'origine et le sens des contes de fées* (Arma Artis, Neuilly, 1983), 72 pp.; L. Harf-Lancner, *Les fées au moyen âge. Morgane et Mélusine. La naissance del fées* (H. Champion, Paris, 1984), 474 pp.; J. Markale, *La tradition...*, op. cit., p. 33-35.

Segundo a tradición, «os ríos e as fontes son seres dotados dunha forza marabillosa que expande vitalidade e o mar é un ser creado que esconde no seu seo vida poderosa». Dalgún xeito, un río é considerado como unha persoa deitada²⁰. A muller encinta non pode comer froitos de mar, tales como o polbo, nin atravesar un río porque correría o risco de perde-lo embarazo; polo contrario, a muller que o perdía habitualmente debía facelo bautizar, ás doce da noite, nunha encrucillada formada por unha ponte e un río cando aínda o levaba no seu ventre²¹ porque as augas da placenta fan pensar nas augas do mar e do río²². Os ríos, en principio, son sempre límites entre parroquias, unidade fundamental no mundo simbólico galego²³.

As augas están habitadas por unha serie de seres; Martín Dumienne fala das Ninfas²⁴; pero iso non é máis ca unha romanización da realidade²⁵. Os galegos falan de *anas*, *xanas*, *xigantes*²⁶, todos nomes femininos derivados en grande parte da raíz celta *anaon* que designa ós antepasados²⁷. Os bosques, as rochas, o mar, as fontes e os ríos estaban poboados para os celtas como aínda o están hoxe para os campesiños²⁸. Os seres que producen e controlan a chuvia, e outros,

²⁰ F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico», no seu libro, *Etnografía*, op. cit., p. 219-239.

²¹ A. Fraguas, *Galicia insólita* (Libregal, A Coruña, 1973), p. 39-42; F. López Cuevillas e Serpa Pinto, «Estudos sobre a idade do ferro no Noroeste da Península», en *S. de E.G.*, VI (1933), 295-367, p. 323; V. Risco, op. cit., p. 489-490; J. Taboada, op. cit., p. 21; A. Pereira, «Bautismo intrauterino en cinco puentes del Condado de Salvatierra», en *Actas do II Colóquio galaico-minhoto* (Santiago, 1984), 397-404.

²² M. Mandianes, *Loureses, antropoloxía dunha parroquia galega* (Galaxia, Vigo, 1984), 192 pp., p. 83-86.

²³ C. Alberto, «Un aspecto do culto dos ríos na Lusitania», en *Douro Litoral*, 8ª serie, IX (1958) 873-887; F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico» no seu libro, *Etnografía*, op. cit., p. 219-239; Lima Carreiro, «A agua na lenda e no folklore», en *Douro Litoral*, 4ª serie, V-VI (1951), 31; F. López Cuevillas, «O culto das fontes no noroeste hispánico», en *Traballos da sociedade portuguesa de antropología e etnografía*, fasc. 2 e 3, vol. VIII; F. López Cuevillas e Serpa Pinto, op. cit., p. 321; M. Martínez López, «Las religiones prehistóricas de Galicia», en *C.E.G.*, XV (1960), 121-142, p. 131; J. Taboada, op. cit., p. 102-104; V. Risco, *Etnografía*, op. cit., p. 292-298; cfr. A. Fraguas, «As lendas da fonte Pormás», en *Nós*, IX, n. 108 (1932, p. 218).

²⁴ *De correctione rusticorum*, n. 8.

²⁵ Cfr. G. Dumézil, *Mythe et épopée, III: Histoires romaines* (Ed. Gallimard, París, 1981), 370 pp., p. 39-89.

²⁶ F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua...», loc. cit., p. 225-232; M. Mandianes, *Loureses*, op. cit., p. 82-87.

²⁷ J. Markale, *Histoire secrète de la Bretagne* (París, 1977), p. 248-249.

²⁸ R. Otero Pedrayo, op. cit., p. 24-33; cfr. W. Fernández Flórez, «La fraga de Cecebre», c. I de BA, p. 9-21. O mundo de R. del Valle-Inclán tamén está cheo de outros habitantes; cfr. M. Mandianes, «El mundo rural de Valle-Inclán», en *El Museo de Pontevedra*, XL (1986), 147-157.

habitan no aire²⁹. Os encantos, «no sentir dos nosos campesiños son, xa homes xa mulleres, a quen escravizaron o demo e que dispoñen de grandes tesouros; que andan moi ben portados e que non morren máis... A penas hai corrente de auga sen encanto en Galicia ou Portugal... O Miño, pai dos ríos galegos é habitado por grande variedade de xenios acuáticos»³⁰. As lavandeiras habitan nas profundidades do río Sil, lavando e pulindo pebidas de ouro³¹. Hai moitas fontes especiais, entre elas as que nacen nalgún cemiterio ou preto³².

Existen representacións das riadas ou inundacións dos ríos «en certas curiosas figuras monstruosas semellantes ás que noutras partes de Europa se sinalan, toda vez que foi costume na Idade Media simbolizar en serpentes ou dragóns estas riadas que tanto dano causan ós países atravesados por correntes de auga, e facelos aparecer subxugados ós santos patróns da comarca, como vencidos na súa fereza arrasadora». A Coca ou Tarasca de Redondela non sería máis ca unha representación destas³³. As augas das profundidades escuras dos océanos están habitadas por monstros e por donas cristianizadas na N. S. da Luz que non é máis cá transformación da N. S. da Noite³⁴. A Fuensanta de Murcia tal vez non sexa outra cousa ca outra versión das mesmas donas³⁵.

Unha lenda di que as serpentes trataron de impedi-la entrada do corpo de Santiago en Galicia cando o traían os seus discípulos³⁶; outra di que as serpentes opuxéronse á entrada de Santiago cando viña predica-lo Evanxeo a Galicia; tamén se opuxeron á entrada de San Patricio en Irlanda³⁷ e á de San Pelegrín nunha vila de Francia³⁸ cando ían evanxelizalos. Unha terceira di que cando os discípulos chegaron co corpo do Apóstolo á costa entraron nun palacio que era da Raíña Lupa a quen pediron que lles deixara depositalo alí. Ela mandounos falar co sacerdote de Ara Solis quen os mandou prender. Viñeron uns anxos de noite e soltáronos; a raíña ó ver estes prodixios, puxo á súa disposición os seus bois bravos que viñeron mansamente ó xugo, baixo o asombro dos servos do

³⁰ F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico», no seu libro *Etnografía*, op. cit., p. 225.

³¹ L. Carré, op. cit., p. 227-228.

³² C. J. Cela, op. cit., p. 28, 46, 85, 135, 230.

³³ F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico», no seu libro, *Etnografía*, op. cit., p. 223-224.

³⁴ J. Markale, *La femme celte* (Payot, París, 1976), p. 110-157.

³⁵ F. Bouza-Brey, «Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico», no seu libro, *Etnografía*, op. cit., p. 234; F. M. Antón Hurtado, *La mujer murciana en la religiosidad popular* (Tese de doutoramento en vías de elaboración. Facultade de Filosofía, Universidade de Murcia, 1992).

³⁶ F. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «Os Oestrimnios...», loc. cit., p. 176-180; F. Fernández del Riego, *Peregrinacións Xacobeas* (Galaxia, Vigo, 1984), 179 pp., p. 13-20.

³⁷ M. Mandianes, «Las serpientes contra Santiago...», p. 195-196.

³⁸ D. Glüch, «La Saint et le serpent. Légende de Pèlerin d'Auxerre», (Conferencia fotocopiada), 14 pp.

palacio³⁹. En Galicia a lenda da Rafña Loba que vive nun penedo e baixa ó val pedirlles ou roubarlles ovellas e becerros ós paisanos está localizada en varios lugares e exerce a función de intermediaria coma a da serpente⁴⁰.

Unha vez, o apóstolo Santiago estaba canso e desanimado porque os habitantes de Galicia non lle facían caso ó que el lles predicaba e a Virxe aconselloulle que fose a Alexandría onde o martirizaron. A Virxe aparecéuselle ó Apóstolo na beira do mar; «In mari Callaico Arotrebarum apparuit B. V. Maria Beato Jacobo in Cymba lapidea». A Virxe chegara á beira nunha barca de pedra da que formaba parte a pedra «de abalar» próxima ó Santuario⁴¹. En tódolos países de tradición «celta» a crenza na existencia de seres sobrenaturais nas augas está moi estendida, e son de preferencia femininos e atraían ós mariñeiros para compartiren con eles as súas inmensas riquezas; poucos dos que se deixan fascinar volven. Son as damas do mar convertidas en malas pola tradición cristiá menos unhas cantas que lograron recuperar e reconverter en vehículo da súa mensaxe⁴². Unha destas é a Virxe da Barca⁴³. Moitas veces estas donas están baixo terra, noutro mundo, como a que levou ó seu palacio a Gundamur cando saíu á caza do porco bravo a onde chegou en cabalo⁴⁴. Os ríos e o mar son parte esencial da paisaxe galega. A auga dos ríos non fai dano pero o mar canto máis se coñece máis se teme; só non o temen os que non o coñecen. Don Roldán non morreu en Roncesvalles, nunha barca chegou á illa de Sálvora; naufragou na praia de Sálvora atraído por unha serea coa que tivo un fillo⁴⁵.

Tamén di a historia que as terras de San Andrés de Teixido foron as últimas en se converter ó cristianismo; sería un bastión do paganismo en terras de Galicia. O nome de Andrés participa do radical *ana*⁴⁶ do que tamén participan unha boa parte de nomes de seres doutro mundo⁴⁷; tal vez por iso a Vía Láctea⁴⁸ se chama

³⁹ L. Carré Alvarellos, *Las leyendas tradicionales gallegas* (Espasa-Calpe, Madrid, 1977), 303 pp., p. 78-80.

⁴⁰ M. Mandianes, *Loureses, un village de la Galicie* (Strasburg, 1983), 219 pp., p. 19-21.

⁴¹ Estas pedras, dentro da tradición celta, na súa maioría son o soporte simbólico da presenza de seres invisibles ós humanos, cfr. J. Markale, *La tradition celtique*, op. cit., p. 143-144.

⁴² J. Markale, *La tradition celtique*, op. cit., p. 30-32.

⁴³ Citado por F. Bouza-Brey, «El Santuario de la Barca y su tradición marinera», no seu libro *Etnografía y folklore de Galicia*, I (Xerais, Vigo, 1982), p. 203-218.

⁴⁴ J. Markale, *La tradition celtique*, op. cit., p. 52-59; J. Filgueira Valverde, *Tiempo y gozo eterno en la literatura medieval* (Xerais, Vigo, 1982).

⁴⁵ Cfr. del Valle-Inclán, *Sonata de otoño*.

⁴⁶ J. Voragine, *La legende dorée* (Garnier-Flammarion, París, 1967), p. 37.

⁴⁷ J. Markale, *Histoire secreta de la Bretagne* (París, 1977), p. 248.

⁴⁸ A. Gil del Río, *La ruta jacobea. Siguiendo las estrellas ¿Su mitología, leyenda o realidad?* (Algar, Madrid, 1982), 302 pp.

en Galicia camiño de San Andrés. O santo, en vida, dominou a varios diabos a quen fixo adopta-la forma de cans⁴⁹. As romaxes a San Andrés teñen lugar en diferentes épocas do ano⁵⁰ pero a auténtica festa celébrase no mes de novembro, mes dos defuntos. Os devotos, moitas veces, antes de emprenderen a peregrinación a San Andrés, van ó cemiterio e invitan a tal ou cal morto para que os acompañe á romaxe e trátano como se estivese vivo. «O morto non pode face-la viaxe só, precisa dun vivo que o leve. A viaxe faise, polo regular, cando os familiares —sabedores de que non foi alá en vida— requiren ó defunto para ir. Cando aparece o morto para pedilo, o propio é que o acompañante vivo faga este labor nun tempo curto; mentres a viaxe dura, o seu corpo fica normalmente inerte»⁵¹. Poden falar co defunto e se se deteñen no camiño teñen que avisalo porque o defunto oe pero non ve. Á hora de comer invítase a un mendigo que sente á mesa na praza do defunto⁵². Os romeiros «líbranse moi ben de matar, nin sequera molestar, ós réptiles que atopan ó paso, porque, segundo tradicional lenda, son as ánimas en pena daqueles infelices descoidados, indiferentes ou descridos que non tendo feito en vida a obrigada romaría, para cumprir esta lei fatal, marchan tamén en demanda do gran santuario, arrastrando as súas culpas. Grave pecado sería —engade Vicenti— molestalos, pois dentro das súas escamas e peles peregrinan igualmente os parentes e amigos a quen non permitiu a mala ventura efectuar en vida a romaxe»⁵³.

Os autores ven unha certa rivalidade entre as romarías de San Andrés e de Santiago; este sería a romaría dos cabaleiros, e aquela a do pobo⁵⁴. Santiago é a invasión do alleo sobre Galicia, San Andrés é a tradición. Santiago representa o oficial e a ortodoxia, e San Andrés o que sobrevive a escondidas e a superstición. Se cadra isto explica a pouca devoción que os galegos lle teñen a Santiago e a moita que lle teñen a San Andrés nalgúns zonas. «Aínda que se volvan monos, non nos farán máis devotos do Apóstolo (Santiago)» oín dicir. As comarcas da Limia, Vilardevós e Laza tampouco lla teñen a este; cada unha delas teñen devoción a uns certos santuarios. Esta mesma rivalidade experimentase entre o que representa Prisciliano e o que representa Martín Dumense. Arredor dos anos

⁴⁹ J. de la Voragine, op. cit., p. 40.

⁵⁰ F. Maciñeira, «Las romaxes de San Andrés de Teixido», en *Arxiu de Tradicions populares*, Fasc. IV (s.a.), p. 242.

⁵¹ M. Gondar, *Romeiros do alén* (Galaxia, Vigo, 1989), p. 216.

⁵² R. Usero, cita por J. V. Sueiro e A. Nieto, *Galicia, romería interminable*, op. cit., p. 130.

⁵³ F. Maciñeira, lo. cit., p. 241; cfr. López Cuevillas e F. Bouza-Brey, «Os Oestrimnios...», loc. cit., p. 183-184; W. Fernández Flórez, *BA*, 38; C. J. Cela, op. cit., p. 136.

⁵⁴ V. Risco, *Etnografía. Cultura espiritual*, en R. Otero Pedrayo, *Historia de Galicia*, I (Nós, Bos Aires, 1962), p. 404, e cita a A. Vicenti, M. Murguía e Maciñeira; clases sociais, en E. Ferreira, op. cit., p. 304-357.

350 Prisciliano, teólogo e escritor⁵⁵, predicou en Galicia. A súa doutrina⁵⁶ tivo unha grande repercusión na Igrexa Ibérica⁵⁷ que a condenou repetidas veces⁵⁸; aínda seguía condenándoa no século XII⁵⁹. O priscilianismo é o movemento dun pobo e os escritos priscilianistas son, sen dúbida, a primeira expresión literaria do espírito galego⁶⁰. Prisciliano, tal vez fose o primeiro teólogo da inculturación⁶¹ do evanxeo; tratou de encarna-lo evanxeo na cultura galega. O reverso de Prisciliano foi San Martín Dumiense⁶², predicador, escritor e gran teólogo⁶³, que exerceu o seu ministerio cara a metade do século VI. O libro que máis nos interesa aquí é *De correctione rusticorum*⁶⁴. «Martín Dumiense sentía na terra o latexo, renovado coma a primavera, do panteísmo celta difícil de separar da gnose⁶⁵ priscilianista»⁶⁶ e os Padres da Igrexa ven nela o renacemento do panteísmo de

⁵⁶ A. d'Ales, «Priscilien», en *Rech. de Science Religieuse*, XXIII (1933), 5-44, 129-175; V. Armesto, *Galicia Feudal*, I (Galaxia, Vigo, 1969), 329 pp., p. 67-110; F. Cordero Carrete, «El P. Sarmiento "Sobre el origen de Prisciliano"», en *C.E.G.*, VIII (1953), 121-130; H. Chadwick, *Prisciliano de Ávila. Ocultismo y poderes carismáticos en la Iglesia primitiva* (Espasa-Calpe, Madrid, 1978); J. Cabrera, *Estudio sobre el priscilianismo en Galicia antigua*, (Tese de doutoramento, Depart. de Historia Antigua, Universidade de Granada, Granada, 1983), 240 pp.; *Dictionaire de Theologie Catholique*, III, 1^a partie, 391-400; R. López Caneda, *Prisciliano. Su pensamiento y su problema histórico* (C.S.I.C., Instit. P. Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1966), VIII e 203; P. M. Sáenz Rodríguez, «Estado actual de la cuestión priscilianista», en *A.E.M.*, I (1964), 653-657; D. Terán, *Prisciliano mártir apócrifo*, Breogán, Madrid, 1985; Varios, *Prisciliano y el priscilianismo*, en *Cuadernos del Norte*, 4 (1982).

⁵⁷ M. Sotomayor y Muro, *La Iglesia en la España romana*, en R. García Villoslada, *Historia de la Iglesia en España*, I (B.A.C., Madrid, 1979), pp. 7-399;: c. VII, «El Priscilianismo», pp. 233-272.

⁵⁸ *Concilium Caesaraugustanum*, in J. Mansi, III, 633-636; *Concilium Eliberitanum*, in PL, LXXXIV, 301-310; cfr. *Sulpici Severi Cronicon in Corpus Scriptorum Ecclesiasticorum Latinorum*, I, 1-105.

⁵⁹ PL, 208, 453.

⁶⁰ R. Otero Pedrayo, op. cit., p. 71-74; cfr. A. Rodríguez Castelao, op. cit., p. 33-47.

⁶¹ M. Acevedo, «Evangelización inculturada», en *Misiones extranjeras*, 87 (1985), 197-221; M. Mandianes, «Inculturación versus aculturación», en *Misiones extranjeras*, 105 (1988), 223-229; A. Trobajo, «La inculturación un reto pendiente», en *Studium Legionense*, 25 (1984), 173-211; Monseñor Lorscheider, en *Ecclesia 1711* (1974), 1331; A. Vanhoye, «Nuovo Testamento e inculturazione», en *La civita Cattolica* 3224 (1984), 119-136.

⁶² *Dictionaire de Theol. Cath.*, X, 1, col. 203-207; J. R. Flecha Andrés, «La teología del domingo en San Martín de Braga», en *Archivos leoneses*, 59-60 (1976), 341-357; P. Flórez, *España sagrada*, vol. 4, pp. 151-170; R. Otero Pedrayo, *Ensaio Histórico sobre a cultura galega* (Galaxia, Vigo, 1982), p. 83-100.

⁶³ *S. Martini Brac. Opera*, in P. H. Flórez, *España Sagrada*, XV, 394-449; cfr. C. W. Barlow, *Martini Episcopi Bracarensis Opera* (Yale University Press, New Haven, 1950).

⁶⁴ Traducción ó galego de P. Pedret Casado, en *Nós*, n. 1, p. 4-12; Martín de Braga, *Sermón contra las supersticiones rurales* (Texto e traducción de R. Jove Clols, El Albir, Barcelona, 1981).

⁶⁵ E. Pagels, *Adam, Eve et le serpent* (Flammarion, París, 1988), pp. 105-131.

⁶⁶ R. Otero Pedrayo, op. cit., p. 94.


aí a súa reacción fronte a el⁶⁷. O autor, para condenalas como opostas á fe cristiá⁶⁸, describe unha serie de costumes dos habitantes de Galicia do século VI. Para el confundíanse a cultura romana, que era a súa, e o Evanxeo.

CONCLUSIÓN

En artigos aparecidos en diferentes datas e sobre temas aparentemente variados, F. Bouza-Brey dáno-los elementos necesarios e suficientes para deseñar toda a mitoloxía da serpente en Galicia, se cadra un dos mitos matriciais da cultura popular desta rexión. A serpente nace gardando hermeticamente nunha botella uns pelos de muller con raíces ou do ovo druídico; cando é vella non morre senón que bota alas e vaise voando a un río que sempre está habitado por unha serie de seres sobrenaturais. De aquí vaise ó mar de onde vén, despois de sufrir unha serie de transformacións polas que asume o ser vehículo da nova mensaxe, en figura de Virxe e aparécese a Santiago para confortalo cando está desconsolado porque os habitantes de Fisterra non lle prestan atención á súa predicación sobre os novos misterios. A serpente, dalgún xeito, confúndese coa tradición personificada, cristianizada e vehiculada por San Andrés, por iso os mortos peregrinan ata o lugar onde se lle rende culto e, polo contrario, oponse á entrada de Santiago en Galicia porque personifica o estraño e alleo. Prisciliano é a continuación da tradición e do autóctono encarnado na serpente e Martín Dumense da loita contra a tradición. A serpente é os antepasados, de aquí a súa importancia na cultura galega. Cos datos que achega F. Bouza-Brey, mailos que outros investigadores encontraron máis tarde e as novas técnicas de análise pódese reconstruí-lo mito da serpente en Galicia que seguramente é común a moitos outros lugares.

⁶⁷ R. Otero Pedrayo, op. cit., p. 65.

⁶⁸ R. Otero Pedrayo, op. cit., p. 86.



OS NOMES DA FOLLA DO PIÑEIRO NO CONCELLO DE ROIS.

Achegamento escolar á obra de Fermín Bouza-Brey

Clodio González Pérez

Instituto de Estudios Galegos

No 1948 publicaba Bouza-Brey un curioso e á vez interesante artigo lexicográfico, titulado «Nombres de la hoja del pino de Galicia» (CEG, III¹). Nel recolle 94 denominacións. Como fai constar no mesmo, por cantidade supera en 24 á relación que das portuguesas —varias comúns tamén a Galicia—, dera ó prelo no 1916 o antropólogo lusitano Claudio Basto: «Nomes das agullas sêcas», *Revista Lusitana*, vol. XIX, Porto². Por suposto, que nin o investigador portugués nin o galego esgotaron o tema, a mellor mostra témola xa en que hai varias das achegadas por nós que non figuran na súa relación³.

Este tipo de traballos non eran unha novidade na ampla bibliografía de D. Fermín⁴, pois antes xa publicara outras recoleccións léxicas: «Nomenclatura da moeda de cobre nos pobos galegos» (*Nós*, 1931), «Nomes galegos da “Dixitalis Purpúrea L.”» (*Nós*, 1931), «Nombres y formulillas infantiles de la “Mantis religiosa” en Galicia» (RDTP, 1948), e «Dos nombres más de la “Mantis religiosa”» (RDTP, 1948). E despois do da follas do piñeiro aínda lle seguiron: «Nombres y tradiciones de la “Coccinella septempunctata” en Galicia» (CEG, 1948), «La “Mantis religiosa” en la tradición gallega» (*In Memoriam a Claudio Basto*, Porto 1949), «Onomástica tradicional de la “Coccinella” en Asturias» (RUO, 1950), «Onomástica y tradición de la fresa en Galicia y Asturias» (RDTP, 1952), «Nombres y tradiciones de la digital en Galicia y Asturias» (RDTP, 1950), «Nuevos nombres de la “Mantis religiosa” en Galicia» (RDTP, 1952), «Nuevos nombres de la “Coccinella” en Galicia y Asturias» (RDTP, 1952), para rematar con «Onomástica del zarcillo de la vid en Galicia» (RDTP, 1954).

¹ Abreviaturas das publicacións:

CEG = *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela.

RDTP = *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid.

RUO = *Revista de la Universidad de Oviedo*.

² Bouza-Brey equivocouse: non dá 91 como di na páx. 235, senón 94, pois, ademais dos 92 numerados correlativamente, hai que contar dous «bis» (o 48 e o 52). Polo mesmo, recolleu 24 máis ca C, Basto.

³ O tema tampouco quedou esgotado en Portugal, como xa advertiu Augusto César Pires de Lima: «A industria agrícola como elemento da vida de Nacionalidade», *Congresso do Mundo português*, Lisboa, 1940, p. 804.

⁴ Cfr. C. González Pérez: «Bouza-Brey: Aproximación bibliográfica», *Fermín Bouza-Brey*, Xunta de Galicia, 1992.

Ten razón o profesor Alonso Montero cando di que Don Fermín Bouza-Brey foi o creador da microetnolingüística galega, pois antes ca el ninguén se parara en facer estas interesantísimas recompilacións, de grande utilidade para os estudos lexicográficos sobre o noso idioma.

O CONCELLO DE ROIS

O espallamento desta conífera, que na súa variedade *pinus pinaster* é coñecida sobre todo na Galicia litoral dende a antigüidade, xeralizouse moi recentemente, dende a desafortunada —en moitos aspectos— repoboación forestal levada a termo despois da guerra civil polo goberno do xeneral Franco. A toponimia é a mellor mostra de que existe na nosa Terra dende hai moitos séculos: O Pino (un concello, catro parroquias,...), O Piñeiro (16 parroquias, 156 aldeas, 4 ríos, ...), Piñeiros ou Os Piñeiros (21 aldeas, un río,...), etc.

Polo que se refire ó actual concello de Rois, pertencente á provincia da Coruña e estremeiro cos de Padrón, Dodro, Rianxo, Lousame e Brión, a primeira referencia documental que acadamos polo de agora sobre a existencia do pino no seu territorio —esta é a denominación que recibe na zona, aínda que como topónimo tamén se rexistra Piñeiro—, é de mediados do século XVIII, pois no *Catastro del marqués de La Ensenada* (1753), consta en tódalas parroquias que actualmente constitúen este concello, que as árbores máis abundantes eran os carballos e os castiñeiros, agás na de Oín, na que se di que tamén había piñeiros bravos. Un século despois, no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España...* de Pascual Madoz, figura na parroquia de Seira «una fábrica o sierra para tablas de pino». Como nota curiosa diremos que Fernando Colón, o fillo do descubridor de América, escribía polos anos 1517-23 no seu *Itinerario y cosmografía de España...*, que dende o castelo de Altamira (Brión) deica Muros —neste territorio quedan as parroquias de Urdilde e Ermedelo— «ay cuatro leguas de syerras e de montes de enzinares». Poñemos en dúbida o de que foran enciñeiras, seguro que se trataba de sobreiros ou corticeiras, dos que aínda quedan algúns exemplares⁵.

O concello de Rois conta con doce parroquias, que son: Augasantas, Buxán, A Costa, Ermedelo, Herbogo, Leroño, Oín, Ribasar, Rois, Seira, Sorribas e Urdilde. Xeograficamente parte pertence á histórica bisbarra da Amía (as parroquias do Sur: Oín, Ribasar e Sorribas), mentres que as demais están situadas no Valeirón, val formado principalmente polo río deste mesmo nome e polo Rois, afluente do Sar. As principais vías de comunicación son as estradas de Santiago de Compostela a Noia, que cruza as parroquias de Urdilde e Ermedelo, e a de Padrón a Noia por Lousame, que pasa pola capital do concello.

O mesmo que nos máis dos concellos galegos, cando se xeralizaron as plantacións de piñeiros foi no goberno do xeneral Franco, coa repoboación

⁵ Cfr. C. González Pérez: *O concello de Rois: Historia, economía e arte*, Noia, 1990, pp. 100 ss.

forestal, pois antes —segundo contan as persoas aínda non moi maiores—, había moi poucos, predominando pero con moito as carballeiras. Actualmente áchanse en acelerado retroceso polas masivas plantacións de eucaliptos.

NOMES DA FOLLA DO PIÑEIRO

Acabamos de dicir que Don Fermín Bouza-Brey recolle 94 denominacións da folla do piñeiro en toda Galicia. Polo que se refire en particular ó concello de Rois, na súa relación non figura máis ca unha: *garabullo*. Se se ten en conta que territorialmente parte pertence á comarca natural da Amaía, entón poidérase contar unha máis: *pallusca*. Non deixa de ser curioso o feito de que na nosa recolleita non figure ningunha das dúas, polo que a súa área debe ser moi pequena, ou se deixaron de usar dende o 1948, pero aínda así e todo, parécenos raro que non haxa algunha persoa maior que se lembre delas.

Pola nosa banda (e coa axuda do amigo Manolo Silva e dos alumnos dos colexios públicos de Rois e Urdilde), chegamos a xuntar 22, cantidade nada desprezable se se ten en conta que se trata dunha cousa tan insignificante actualmente, aínda que antano fose o principal combustible para prende-lo lume. Delas 12, non as menciona D. Fermín. Poidera quedar algunha, pero xa nos parece raro e, de seguro, empregada ou mesmo coñecida por persoas que non naceron na zona, pois cada vez son máis normais os matrimonios exogámicos, ás veces mesmo procedendo un dos membros de moi lonxe. Así, unha comparanza, persoalmente polo lugar de nacemento eu teño que chamarlle *frouma* (Cenlle, Ourense), por onde vivín moitos anos, *bullo* (Pontearreas, Pontevedra), e por onde resido agora *isca* (Urdilde, Rois).

As que seguen son tódalas denominacións que xuntamos, constando en cada unha a parroquia en primeiro lugar, e logo entre paréntese a aldea ou aldeas onde se rexistra ese vocábulo. Tamén lle engadimos algunhas notas como: se xa foi coñecida ou non polo ilustre pontearán, se figura nos actuais dicionarios, etc.

Do mesmo xeito que fixo D.Fermín, diferenciamos entre os singulares e os plurais, pois tamén o fan os falantes, ás veces aínda vivindo nunha mesma parroquia, como no caso de Rois: un veciño da aldea de Contimundi o normal e que diga *Vou á candea*. Mentres que un da de Rois fai uso do plural *Vou ás candeas*. Con todo, isto no ocorre sempre, pois ás veces fan uso indistintamente das dúas formas.

1) Buisa

BUXÁN (Aldea Grande, Buxán, A Chisca, Espiñeira, O Faro, Fontedelo, Fufelo, Peracova, Picadizo, Piñeiro, Silvarredonda, Xei), HERBOGO (Carris, Herbogo), ROIS (Contimundi).

Esta denominación non a recolle o noso ilustre investigador, pero si a forma plural. Non figura tampouco en ningún dos dicionarios actuais de máis difusión:

o de Eladio Rodríguez, o de Franco Grande, e os das editoriais Galaxia, Edicións Xerais de Galicia e Ir Indo⁶. Mercedes Brea recolle o plural⁷.

2) Buías

BUXÁN (Aldea Grande, A Chisca, Espiñeira, O Faro, Fufelo, Peracova, Silvarredonda).

Bouza-Brey recolleuna na parroquia de Isorna (Rianxo). Tódalas aldeas pertencen á freguesía de Buxán lindeira co concello de Rianxo (parroquia do Araño). Isorna queda máis cara ó sur, separada da anterior por unha estreita franxa pertencente á de Asados. M. Brea di que tamén se emprega en Dodro.

Non figura en ningún dos dicionarios nomeados, pero si no artigo de M. Brea.

3) Candea

ROIS (Contimundi, A Cubela, Rois, Os Vilares).

D. Fermín recolle este termo en tres lugares, moi alonxados xeograficamente de Rois: O Porriño na provincia de Pontevedra, e Trado-Pontedeva e Bentraces-Barbadás na de Ourense; ós que M. Brea engade Cacheiras (Teo) na da Coruña, Pereiro de Aguiar e Xinzo de Limia, na de Ourense, e Fefiñáns (Cambados), Sárdoma (Vigo) e Tomiño, na de Pontevedra. Pola súa banda, o investigador luso C. Basto di que o ofú na zona de Tui. O noso investigador aclara que tal denominación vén da semellanza que ten coa flor do castiñeiro, «que es la candea por antonomasia». No 1853 xa recolle Xoán Manuel Pintos no seu *Breve Diccionario gallego...*, castaño, pino, etc.. Pero cabe a posibilidade de que non teña nada que ver co castiñeiro e si, en troques, coa candea con que se prende o lume, pois este foi o principal uso desta folla ben seca. Nos arredores de Santiago de Compostela chámanlle *candelos* ás pólas secas dos piñeiros.

Nos mencionados cinco dicionarios non figura máis que como flor do castiñeiro ou doutras árbores; si no traballo de M. Brea.

4) Candeas

ROIS (A Cubela, Rois, Os Vilares).

Forma plural do vocábulo anterior, que en particular no noso caso corresponde case á mesma área xeográfica que o singular. A nivel xeral é moito

⁶ Rodríguez González, E: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, ed. Galaxia, Vigo, 1958; Franco Grande, X.L.: *Diccionario galego-castelán*, ed. Galaxia, Vigo, 1968; *Diccionario normativo galego-castelán*, Galaxia, 1988; *Diccionario Xerais da Lingua*, Edicións Xerais de Galicia, 1986; *Diccionario da lingua galega*, Ir Indo Edicións, S.A., 1986.

⁷ «Denominaciones gallegas de la hoja del pino», *Verba*, vol. 7, Santiago de Compostela, 1980, pp. 51-74.

máis corrente, como se pode ollar pola relación de topónimos que dá Bouza-Brey, Ourense: Tamallancos-Vilamarín, Rante-San Cibrao das Viñas, Acevedo-Celanova; Pontevedra: As Neves, Goián, Dornelas-Mos, Xinzo-Pontearreas, Guillarei-Tui, Piñeiro-Tui. En troques non o rexistrou na provincia da Coruña.

Nos dicionarios que estamos seguindo non vén máis que en singular, co significado de flor do castiñeiro ou doutras árbores.

5) Carpisa

AUGASANTAS (Albagueira, Bralo, Pedrouzos), A COSTA (O Casal, O Corgo, Ferreiros, Pinelas, Liñares, Souto), ERMEDELO (Casa do Bento), HERBOGO (Carris, Casas Novas, Espai, Herbogo, A Pereira, O Rubieiro, Socastro, Soutelo), LEROÑO (Casa do Bento, Covas, Leroño, Souto), OÍN (A Peruca)SEIRA (A Peruca), SORRIBAS (Sorribas).

Non figura na relación de Bouza-Brey, no interesante traballo de M.Brea «Denominaciones gallegas de la hoja del pino», nin tampouco a recollen ningún dos dicionarios modernos. Non hai dúbida que este vocábulo está vencellado co verbo «carpear»; ir separando a la para logo cardala. A carpisa son os lixos e partes duras que non se poden fiar.

Cisco

Ver *Sisco*.

6) Espiñada

A COSTA (Ferreiros, Souto), LEROÑO (Casa do Bento, Souto), OÍN (Ataúde, Oín, Oín de Abaixo, A Peruca, A Pontenova), ROIS (O Aido, Cormes, A Pontenova), SEIRA (O Casal, O Cruceiro, A Igrexa, Lamego, A Meana, A Peroxa, A Peruca, Seira), SORRIBAS (A Meana, Seaxe, Tourís).

Ben se comprende que vén de espiña, polas aguzadas puntas destas follas. Cómpre ter en conta que para algúns veciños *espiñada* no só é folla do pino, senón tamén todo o que queda no chan despois de apaña-lo mulime.

Cadra exactamente coa área xeográfica que dá Bouza-Brey, pois recolleu este termo no lugar da Escravitude, parroquia das Cruces (Padrón), lindeira coas de Seira e Sorribas. Ata a creación dos actuais concellos, no 1833, Cruces pertencía á xurisdicción de Quinta, que territorialmente corresponde agora case co concello de Rois⁸.

No dicionario de Ir Indo vén *espiñada*, pero non co significado que nos lle damos, senón como «acto ou efecto de espiñar // Presentimento malo». E

⁸ C. González Pérez: *O concello de Rois: Historia, economía e arte*, pp. 82 ss.

coma os residuos que quedan ó apaña-lo mulime, *espiñalla*. En ningún caso se nomea a folla do piñeiro. O de Galaxia recolle *espiñada* pero co significado, neste caso castelán, de «Herida producida por una espina. / Corazonada, presentimiento». No de Xerais non vén, pero si no artigo de M. Brea.

7) Faísca

SEIRÁ (A Meana).

Aínda que no concello de Rois non a temos documentada máis que nunha aldea, en troques é corrente polos datos que achegou Bouza-Brey no norte da provincia de Pontevedra (concellos de Pontecaldelas, Cambados, Cotobade, Poio, A Estrada, Campo Lameiro, Cerdedo, Cuntis, Portas e Vilagarcía de Arousa). Na da Coruña non dá máis que un lugar, Ribadulla (Vedra).

Faíscas son as partículas que soben incandescentes cando arde o lume. Sinónimos: *moxenas*, *muxicas*, *charamuscas*, *carumas*, *fagullas*... Esta denominación viríalle por arder moi ben, formando moitas faíscas.

Figura nos dicionarios de Rodríguez González, Franco Grande, Galaxia e Xerais, e tamén no artigo de M. Brea, pero non no de Ir Indo.

8) Fraísca

ROIS (Infesta)

Bouza-Brey non recolle este termo. Non hai dúbida de que é unha variante de *faísca*. Por suposto que tampouco figura en ningún dos dicionarios que estamos seguindo.

9) Garabullo

D. Fermín di que o recolleu en Rois. Pola nosa parte non o temos rexistrado con este significado, pero si co de pao delgado e ben seco co que se pode prender lume, que é, precisamente, o principal uso da folla do piñeiro. Trátase dunha verba composta doutras dúas que teñen o mesmo significado cada unha delas independentemente: *gara*, que en parte da provincia de Ourense é unha das denominacións que recibe a folla do piñeiro, e *bullo* que é o mesmo, pero que se usa en parte do sur da provincia de Pontevedra.

Ningún dos dicionarios lle dá o significado de folla do piñeiro. M. Brea ó nomear a Rois fai esta inexacta aclaración; «Hemos podido comprobar que, en realidad, en Rois las hojas del pino se llaman *pica*; *garabullo* se aplica más bien a las ramas de pino con hojas secas, que se recogen para el fuego, igual que en otros lugares de Galicia»⁹.

⁹ «Art. cit.», p. 63, nota 74.

10) Isca

AUGASANTAS (Albagueira, Beade, Busto, Figueiroa, Pedrouzos, Salgueiros, Subidas, Verduga), BUXÁN (Picadizo), A COSTA (O Corgo, Ferreiros), ERMEDELO (O Martelo, Penavide, Sabacedo), LEROÑO (Sóñora), RIBASAR (Angueira, Codesido, O Faramello, Francelos, O Sisto), ROIS (Dices), SORRIBAS (Seaxe, Sorribas, Tourís), URDILDE (Agrafoxo, Cabanela, A Calle, Carabeles, Casal de Gonzalvo, Casal de Poño, O Castro, Macedos, Pazos, O Pumar, Quintáns, Vilariño, Xallas).

É a denominación máis corrente en todo o concello, pois mesmo nas aldeas onde non fan uso deste termo coñecen o seu significado. Bouza-Brey recollea nas provincias da Coruña e Pontevedra. Na primeira, nos concellos de Brión (Os Anxeles), Negreira e Teo (Calo). Na segunda, no da Estrada (Santeles). O concello de Rois linda cos de Brión, Negreira e Teo, polo que se acha plenamente na área xeográfica deste vocábulo. Segundo M. Brea vén do latín *esca* «alimento», que no latín tardío (ca. s. IV) tomara xa o sentido de «alimento para o lume»¹⁰.

É unha variante de *esca*, leña ou calquera outra cousa que se inflama doadamente. No único dicionario que figura como folla do piñeiro é no de Ir Indo.

11) Janjas

OÍN (Antequeira), SORRIBAS (Riobó, Seaxe, Sorriba, Tourís, O Vilar de Abade).

Non figura este vocábulo entre os colleitos por Bouza-Brey, nin tan sequera algún que garde certa semellanza, agás *bangá*, que se rexistra no val de Monterrei (Ourense), que é o lixo que queda ó limpa-la liñaza. Poidera estar vencellado coas «erjanas» ou «arjanjas» (arganas) do trigo e do centeo, que son puntiagudas.

Tamén pensamos en «gango»: alumiño, afago, ..., pois cando se acenden non deixan de ser un alumiño que quenta de súpeto sen ter que esperar moito a que prenda, como ocorre coa demais leña.

Os veciños destas aldeas din que *van ás janjas*.

Por suposto que non figura con tal significado en ningún dos dicionarios que estamos consultando, nin tampouco no artigo de M. Brea.

12) Jarume

BUXÁN (A Chisca).

Non hai dúbida que se trata dunha variante de *arume* ou *garuma*. Bouza-Brey di ter colleito *arume* en Santa Comba¹¹, Ponteceso e Corme, e lémbraos

¹⁰ «Art. cit.», p. 68.

¹¹ D. Fermín aquí comete un erro xeográfico, pois pon *Santa Comba (Negreira)*, coidamos que o fixo adrede co fin de situar mellor esta poboación. Trátase de concellos estremeiros.

que esta verba figura no himno galego, «Os pinos» de Pondal, o que ten contribuído a súa divulgación aínda que, comparándoa coa doutras, a súa área non sexa moi grande:

*¿Qué din as altas copas
de escure arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?¹².*

Arume figura en tódolos dicionarios. Polo que se refire a *garuma*, non a recolleu Bouza-Brey, pero si Mercedes Brea, en Cariño e Rianxo. A aldea da Chisca é lindeira co concello de Dodro e, polo mesmo, queda moi preto do de Rianxo.

Garuma ou *caruma* pode estar vencellada con *aruma*, cousa moi pequena, de uso corrente nas terras do Ribeiro, en particular, Cenlle (Ourense). Non figura en ningún dos dicionarios que estamos seguindo.

13) Mosquitas

ROIS (Cornes)

Nada poidemos achegar sobre este vocábulo, que non figura en Bouza-Brey, M. Brea, nin tampouco nos dicionarios. Quizais poidera ter algún vencello con *músqiuo* —do latín *muscu*—, que é unha das denominacións da folla do piñeiro que non recolle D. Fermín, pero si Mercedes Brea, aínda que o lugar onde está rexistrada queda moi lonxe de Rois, Sabuguido (Vilariño de Conso, Ourense)¹³.

14) Pallusca

Non rexistramos este nome, pero Bouza-Brey dáo como usado no val da Amaía, polo que nos parece de obriga facer referencia a el, xa que parte deste concello (as parroquias de Ribasar, Seira e Sorribas), queda dentro desta comarca natural.

Non hai dúbida que está emparentado coa palla e, en particular, co rastrollo que queda despois da seitura, de face-la malla ou onde houbo palla gardada.

O dicionario de Ir Indo recolle con este mesmo significado ou moi semellante, *pallugada* e *palluzada*; o de Xerais, *palluga* (os restos que quedan despois da sega do trigo e do centeo), e, por último, os de E. Rodríguez González, Franco Grande e Galaxia, *palluga* e *pallugada*.

¹² *Queixumes dos pinos ...*, A Coruña, 1935, p. 187.

¹³ «Art. cit.», p. 60.

15) Penica / Pinica

AUGASANTAS (Beade, Busto), A COSTA (Liñares), ERMEDELO (Moares, Penavide), LEROÑO (Covas, A Igrés, Leroño, Vilar do Castro).

D. Fermín recolleu esta denominación en Ordes (A Coruña) —*penica*— e en Codesada (A Estrada) —*pinica*—, pero a súa área é moito máis grande sobre todo na provincia da Coruña, pois Mercedes Brea rexístraa tamén na zona de Ferrol, Laxe, Betanzos, Carral, Cerceda e Xanceda; e na de Lugo, en Guitiriz. Para darlle nome a un obxecto novo tiveron en conta que se trata dunha cousa que pica (*penicar* por picar aínda é corrente nalgúns zonas, sobre todo do sur da provincia de Pontevedra). En parte do concello de Rois, *penica* tamén é a semente das gramíneas, en particular de avea, o mesmo que nas terras de Lemos (Lugo), segundo o P. Sobreira Salgado (1746-1805)¹⁴.

Recóllena tódolos dicionarios (nos de E. Rodríguez, Franco Grande e Ir Indo, en *penica* e *pinica*).

16) Pica

LEROÑO (Vilar do Castro), OÍN (Antequiera, O Castro, Oín, Oín de Abaixo, Oín de Arriba, A Peruca), ROIS (Cornes, A Cubela, Infesta, Rois, Os Vilares), SEIRA (A Meana, A Peruca, Seira), SORRIBAS (A Meana).

Bouza-Brey dá catro sitios: tres da provincia de Pontevedra (Caldas de Reis, Cuntis e Vilagarcía de Arousa), e un da Coruña (Padrón). A nosa está vencellada coa padronesa, xa que algunhas das parroquias onde se di lindan coa mesma capital deste concello (Oín e Seira). Xa vimos ó falar de *garabullo*, como Mercedes Brea afirma —incorrectamente porque tamén se fai uso doutras denominacións—, que «en Rois las hojas del pino se llaman *pica*».

Figura nos dicionarios de E. Rodríguez González, Franco Grande, Ir Indo e Xerais.

17) Picallo

AUGASANTAS (Beade, Busto, Duei, Vilachán, Vilariño de Neda), ERMEDELO (O Barreiro, Casa do Bento, Moares), HERBOGO (Socastro), LEROÑO (Sóñora. Souto), OÍN (Samil), ROIS (Contimundi).

Non figura na obra do noso investigador. Si, en troques, a que segue, que ten o mesmo significado. Tampouco vén en ningún dos dicionarios como folla do piñeiro, só como cousa de pouco valor, menudencia. Tamén é descoñecida para M. Brea.

¹⁴J.L. PENSADO: *Opúsculos lingüísticos gallegos del s. XVIII*, Vigo, 1974, p. 225.

18) Picaño

AUGASANTAS (Beade, Cernán, Subidas, Vilachán, Vilariño de Neda), LEROÑO (Sóñora).

Variante da anterior, *picallo*. Don Fermín non recolleu este termo máis que no provincia de Pontevedra: O Porriño, Caldas de Reis e Troáns (Cuntis). Mercedes Brea agranda máis a súa área, con Roo (Noia ou Outes) e Cabo da Cruz (Boiro).

Non aparece en ningún dicionario, pero si *picaña*. No de Ir Indo figura *picaños*, pero como residuo de algo que se corta.

19) Picas

BUXÁN (A Chisca), OÍN (Barro, A Igrexa, A Pontenova), RIBASAR (O Sisto), ROIS (Dices), SEIRA (A Igrexa), SORRIBAS (A Meana).

O investigador pontearán recolleu o singular, pica, pero non o plural, que empregan algúns veciños. Como xa queda indicado, a forma singular vén nos dicionarios de E. Rodríguez González, Franco Grande, Ir Indo e Xerais.

20) Picón

ROIS (Casa do Porto).

Exactamente cadra na mesma área en que o recolleu D. Fermín, Laíño (Dodro), pois a parroquia de Rois linda con ela, e o lugar da Casa do Porto é o que queda máis preto da liña divisoria. Ademais tamén o rexistra en Baiona (Pontevedra). M. Brea di que se usa en plural.

Non figura en ningún dicionario.

21) Picóns

ROIS (Formarís).

Non a recolle D. Fermín. A área corresponde á mesma de Picón, pois a aldea de Formarís é veciña da da Casa do Porto, e lindeira coa parroquia de Laíño (Dodro).

22) Picos

ROIS (Infesta), SEIRA (A Igrexa).

Figura na recolleita de Bouza-Brey, sendo o lugar que queda máis preto o de Isorna (Rianxo), a poucos Kms. Os demais xa pertencen ás provincias de Pontevedra (Pontecaldelas) e Ourense (San Cibrao das Viñas).

Non rexistramos a forma singular, *pico*, que conta cunha área moito máis grande, sobre todo na provincia de Pontevedra, aínda que tamén é coñecida en parte das de Lugo e Ourense. C. Basto sinala que se emprega nas provincias do Douro e Estremadura.

Figura nos dicionarios de Eladio Rodríguez, Franco Grande e Galaxia, pero en singular. Mercedes Brea aclara que tanto *pico* (que nos non rexistramos, aínda que poidera existir), como *picón*, úsanse fundamentalmente en plural.

Pinica

Ver *penica*

23) Pinocha

ROIS (A Pontenova).

Non hai dúbida que procede de pino. Bouza-Brey recolleu a forma masculina na provincia de Lugo (Chantada). Pola contra, Carré Alvarellos dá no seu *Diccionario galego-castelán* (A Coruña, 1928-1931), o feminino, é dicir, a recolleita por nós. De aquí debérono toma-los autores do dicionario da editorial Galaxia, pois é no único en que, a este vocábulo, lle dan o significado de folla do piñeiro.

Mercedes Brea considérao castelán¹⁵.

24) Sisco

AUGASANTAS (Beadé, Pedrouzos, Subidas), ERMEDELO (Moares, Penavide), LEROÑO (Vilar do Castro), OÍN (Antequeira), URDILDE (Agrafoxo, Macedos, Pazos, Vilariño).


Preferimos da-la forma dialectal *sisco*, por se-la única da zona e, en particular, no concello de Rois, e non *cisco*, como figura no artigo de Bouza-Brey. Denominación moi corrente no sur da provincia de Pontevedra (concellos de Salceda de Caselas, Tui, Tomiño, Pontevedra...), e no norte de Portugal, aínda que o normal é que non se refira exclusivamente á folla do piñeiro, senón a todo canto hai no chan e que queda ó apaña-lo mulime, andar con leña, etc. Hai veciños do concello de Rois que coñecen a diferenza, en particular nas aldeas onde tamén se usa outro vocábulo para denomina-la folla do piñeiro, restrinxindo entón o campo semántico de *sisco* para o restroballo do mulime, herba seca, leña, etc. Nalgúns sitios é sinónimo de lixo, o mesmo que en Portugal («Cisco por aquí é lixo», di C. Basto). Neste caso, tomou a denominación de todo o conxunto do que pode formar parte.

Non figura como folla do piñeiro máis que no dicionario de Franco Grande («las hojas de los pinos esparcidas en el suelo»).

¹⁵ «Art. cit.», p. 52, nota 3.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ninguén pon en dúbida a importancia destes traballos lexicográficos para o coñecemento dunha lingua, das súas formas dialectais, das áreas propias de cada unha, etc. Non son, aínda que o pareza, labor doado, como deixou dito Don Fermín co gallo de que algúns contemporáneos puxesen en tea de xuízo o seu valor científico: «*Proseguimos la labor ordenadora de materiales lingüísticos y folklóricos que obran en nuestro archivo, recogidos a fuerza no ya de molestias,*



As terras do Concello de Rois, segundo o mapa de Galicia de D. Fontán (1845)


sino de sinsabores, pues todavía hay quien piensa, entre quienes pasan por graves y sesudos varones, que esta faena no es cosa seria»¹⁶.

Estas colleitas poden ser ampliadas máis e máis. A mostra témola co caso particular do concello de Rois, e o mesmo se pode facer con outro calquera de Galicia. Os colexios, os institutos de bacharelato, e mesmo as facultades universitarias, son centros moi axeitados para levar a termo esta clase de traballos de investigación, xa que a eles acoden alumnos de diferentes parroquias e concellos. Cada quen segundo a súa categoría, pois, unha comparanza, é normal que non estean á mesma altura científica os que se fagan nun colexio de Educación Primaria, que os da facultade de Filoloxía.

Unha pequena enquisa abonda para achegar varios destes nomes que despois, na aula, poden ser estudados por separado, procurándolle a cada un a posible orixe, buscando a súa área xeográfica, debuxando mapas lingüísticos de zonas, facendo comparacións con outros concellos xa estudados, comprobando se figuran nos dicionarios, etc., etc.

Un labor moi interesante do que o investigador ponteareán foi un adiantado.

¹⁶ «Onomástica y tradición de la fresa en Galicia y Asturias», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 1952, t. VIII, p.195.



«SARMIENTO DE GAMBOA, NAVEGANTE GALEGO. UNHA HISTORIA-ENQUISA ANTROPOLÓXICA»

D. Xosé Filgueira Valverde

Presidente do Consello da Cultura Galega

Penso que un tema da antropoloxía do Mundo Novo non debe faltar no Coloquio, neste ano de conmemoracións. Bouza Brey tamén se interesou moito por América nos seus estudos, frecuentou en Compostela a «Biblioteca» fundada por Gumersindo Busto e dedicou fermosas verbas ás relacións con Galicia, ós próceres nados na nosa Terra e ó vizoso labor dos emigrados, nos parlamentos da viaxe a Arxentina. Lembrade o orixinal estudio «Galicia como factor en el folklore americano» presentado na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires, no 1951.

PEDRO SARMIENTO DE GAMBOA

Navegantes, exploradores, misioneiros galegos deixaron relacións de vizoso valor antropolóxico. Posto a escoïler decidín dedicar unhas verbas nesta sesión de clausura a unha das máis egrexias e novelescas personalidades do XVI, o Almirante pontevedrés Pedro Sarmiento de Gamboa (1532-1592), descubridor, cosmógrafo, humanista, poeta, bruxo... autor dunha «Historia Índica» na que emprega o método da enquisa por conversa.

Son moi atraentes os datos biográficos e as relacións deste «caballero de Galicia», que logrou navega-lo Estreito de Magallanes «de Poniente a Levante», que descubriu as illas Salomón e chegaría a Australia de non ser polos atrancos oficiais; que fracasou no poboamento do sur e foi o primeiro que se valeu da distancia angular sol-lúa para sinala-la latitude no mar. Ademais dos historiadores dos vicerreinatos foi estudiado por Markham, Guillén, Landín Carrasco, Morales, Iriarte, Pastells... En Galicia, nas galerías biográficas de Vesteiro Torres e Millán.

A FORMACIÓN HUMANÍSTICA

Non sabemos se foi en Compostela ou en Alcalá, pero o certo é que Sarmiento acadou unha fonda formación humanística, revelada nas cumpridas lecturas, na composición de hexámetros, no feito de que na mocidade «templara al Mantuana». Non só era capaz de manter unha conversa en latín coa Raíña Virxe de Inglaterra, senón que se poden xulgar de elegantes os seus latíns.

Os capítulos sobre a Atlántida revelan o coñecemento directo de Platón e dos seus comentaristas.

A epístola dedicatoria a Felipe II e un centón de citas clásicas desde as primeiras liñas: Cicerón, a inscrición do Quirinal, Virxilio, Suetonio... En contraste, as cartas e relacións dirixidas a El-Rei teñen un xorne máis sinxelo, mais sempre cun áxil dominio da expresión.

AS «BRUXERÍAS» DE PEDRO SARMIENTO

Como aqueles soldados de Aníbal cantados por Silio Itálico («*fibrarum et pennae flammaram divinarumque sagaces*») Sarmiento fachendeaba, non sen perigo, dos seus saberes de feiticeiro. Tres veces foi demandado perante o Santo Oficio e condenado a penas leves e logo, en boa parte, conmutadas.

A primeira demanda foi por unha facecia de humor galego contra o «encomendero» Pedro Ramírez (México, 1557); as outras dúas tiñan por base a práctica da maxia. No Perú, en 1564, acusárono de ter manuscritos para se guiar por eles e de fabricar tres aneis, dous de ouro e un de prata, nos que gravaba signos astrolóxicos e letras caldeas: un con virtude para as contendas e batallas; outro, para lograr favor de príncipes e señores, o terceiro para «tratar con mujeres e haber gracia de ellas». Nos cadernos tiña fórmulas para lelas co anel correspondente na man. Adestrara a Juan de Velasco en como face-la lectura: no descampado, trazando no chan un círculo con porta ó Oriente, e «había de estar firme, tener corazón y no tener miedo». No cerco debería soterrar un espello e agardar oito días ó efecto. Acusábano tamén de ter tintas para escribir cartas de amor, con bo punto nos astros. Na terceira (1573), apoñíanlle ter dito frases supostamente heréticas, que non o eran e moi postas en razón ó noso ver, («en España al cabo de tantos años no estaba el Evangelio suficientemente promulgado o predicado») apoñíanlle valerse da quiromancia e, por ela, anunciar tres mortes.

No proceso do 1564 respondeu que consultaba co seu confesor a licitude das maxias.

Os libros serían do xorne do de Villena que corría manuscrito. Quizais trouxo outros das «Guerras de Europa», onde andou aló polo 1550. Os conquistadores, ó par das «caballerías», gustaban moito de «Historias Prodigiosas» do tipo das de Pierre Bonaisterau que traduciu en Sevilla Andrea Peseioni. Sarmiento tiña ademais fondo coñecemento da antigüidade grega e latina.

Deixo á vosa erudición a pescuda das orixes das prácticas de Pedro Sarmiento.

Polo que di ás «sortellas», a mesma etimoloxía vencéllaos coa sorte. Sabería moi ben o sino do anel: símbolo de poder, de xuntanza, de destino común, de forza sobre o mundo exterior; as fábulas do anel recobrado de Salomón; lector de Platón coñecería a refenda de Gyges e non deixaría de escoitar, cando neno, os dons do ouro nos habitantes soterrados dos castros. Tamén o trazado do círculo en torno a un mesmo, que ten tanto que ver co sentido esotérico da circunferencia (un dos tres «símbolos fundamentais») puidera ter escoitado que cómpre

trazalo en torno a un cando se atopa a Compañía, como «límite máxico infranqueable». O «espello máxico» exercería, soterrado, a acción evocadora de seres e feitos do futuro, coma a quiromancia, pola que podía Sarmiento arriscarse a prognosticar mortes e danos.

MOTIVO E FIN DA «HISTORIA»

Consérvanse moitas Relacións, memorias e cartas de Pedro Sarmiento (inventariadas por Amancio Landín) onde poden escolmarse noticias atinxentes á antropoloxía indíxena, pero o meirande conxunto encóntrase na «Historia Indiana». É un libro «galeato», escrito para a defensa do Vicerrei do Perú don Francisco de Toledo, o máis alpuñado dos que gobernaron alí, pola súa violencia contra os incas. Foi el quen fixo dar morte ó derradeiro Emperador, Tupac Amaru. Pouco lle valerían os alegatos de Sarmiento. Cando retornou a España, Felipe II non quixo recibilo «porque no lo había mandado al Perú para que matase reyes, sino para que los sirviera».

A «Historia» era unha defensa del, mais tamén ía endereitada a acouga-los miramentos de El-Rei, que tiña escrúpulos sobre a licitude de guerrear cos indios e de os someter, sobre todo desde a defensa que deles fixera Frei Bartolomé de las Casas e outros moralistas. Sarmiento apoia o emprego da forza para impoñe-la Lei Natural infrinxida polos sacrificios humanos e actos «abominables» e para predica-lo Evanxeo. Esta liña ideolóxica é a que motiva o radical contraposto entre a visión de Sarmiento e a de Garcilaso, porque fronte á idealización e ton lacrimoso deste, o noso historiador presenta os incas (dí sempre «ingas» sonorizando a intervocálica ó xeito galego) como un pobo baril, violento, domeador doutras etnias pola forza.

A HISTORIA COMO ENQUISA

No Vello Mundo a historia facíase sobre fondos documentais e librescos; no Novo era mester un método moi distinto, antropolóxico, a enquisa. Nos pobos onde predomina a transmisión oral é asombroso o que pode ofrece-la memoria comunitaria.

Cando o vicerrei Toledo encomenda a Sarmiento, no 1570, o traballo, que duraría os cinco anos da «Visita», noméao Alférez Xeral e Cronista, e pon ó seu servicio o intérprete oficial Gonzalo Gómez Jiménez, competente pero con infidelidades que virían a envurullalo, pasado o tempo, nun proceso de condena.

Sarmiento escolle corenta e dúas testemuñas, de trece *ayllos* distintos, o máis vello de noventa anos; o máis novo, de vinteseis. Sabendo que desde os tempos de Yupanqui Inca, se fixera «apuntamiento general en los más antiguos y sabios del Cuzco y de otras partes, y con mucha diligencia escudriñó y averiguó las historias de las antigüedades desta tierra, principalmente de los ingas, sus mayores, y mandólo pintar, y mandó que se conservasen» («Historia», cap. 30).

Ademais das táboas pintadas que desde Pachacuti se xuntaran na Casa do Sol e dos quipos, cordeis con nós de cores: «Es cosa de admiración ver las menudencias que conservan en aquellos cordelejos». Tamén tiveron mapas en barro. (Cap. 9). É, ó que se sabe, a única historia testemuñada notarialmente. Fíxoo Álvaro Ruíz de Navamuel diante de todos o 22 de febreiro do 1572.

ÁREA E SISTEMA DA HISTORIA

A obra, segundo o proxecto de Sarmiento tería tres partes: a primeira descritiva do Reino dos Incas; a segunda, crónica dos seus feitos e a terceira, desde a presenza dos conquistadores. Consérvase soamente a segunda, que chegou á Biblioteca de Gotinga no ano 1875, dada a noticia por Wilhem Meyer no 1893; editada por Pietchmann (1906), Markham (1947), Rosemblat (1943) e incluída na «Biblioteca de Autores Españoles» (1960).

Das tres partes, perdeuse a primeira; coñecémo-la segunda; quizais non chegara a escribirse a terceira.

Na que posuímos Sarmiento comeza polo problema da Atlántida e dos primeiros poboadores, chegando a unha solución de avinza con tres focos: «De manera que lo que de aquí se ha de colegir es que la Nueva España y sus provincias fueron pobladas de griegos y las de Catigara, de judíos y los de los ricos y poderosísimos reinos del Perú y con términos próximos fueron atlánticos, deducidos de aquellos primeros mesopotamios o caldeos pobladores del mundo», e anota testemuños dun predescubrimento: un «Génesis» en gregó, unha áncora tomada como ídolo.

A crónica dos incas comeza coa súa orixe e chegada ó val do Cuzco e cos feitos de Mango Capac; e chega ata Guascar e Atahualpa, sempre con vivas semblanzas e diálogos que, moitas veces, poden ser máis imaxinados ca recollidos.

Nos setenta e un capítulos da «Historia Índica», máis ca nas «Relaciones», Sarmiento recolle «fábulas» tradicionais, noticias de crenzas e costumes. Salientaremos algúns exemplos.

OS PRIMEIROS HOMES

Viracocha Pachayachachi «que quiere decir Criador», despois de considerar figuras de xigantes quixo face-los homes do seu tamaño. Como outros cronistas achégase Sarmiento ó relato do «Génesis». Os homes viviron felices «guardando cierto precepto», «que no se dice, que fuese, algún tiempo». O Creador castigounos e maldíxoos: uns convertéronse en pedras, a outros tragounos a terra, a outros o mar, e envioulle un dioivo, un *pachacuti*, que quere dicir «agua que trasforma la tierra». Dous homes salváronse: Ataurupago e Cusicayo; dúas mulleres por permisión de Viracocha viñeron servilas (cap. 6).

OS RITOS. A «CASA DO SOL»

Polo que di ás prácticas rituais non se demora en longas descrições. Reitera as referencias á crueldade nos sacrificios de vítimas humanas, no enterro de nenos vivos e nos tormentos (Véxanse en especial 32, 39, 44).

Describe a «*Casa do Sol*» construída por Mango Capac e que non foi mellorada ata o tempo de Pachacuti:

«...que determinó de la enguarnecer en edificios y oráculos por espantar las gentes ignorantes y traerlas embaucadas y abobadas tras sí para con ellas acometer la conquista de toda la tierra que él pensaba tiranizar como la empezó e hizo gran parte de ello. Y para esto desenterró los cuerpos de los siete ingas pasados desde Mango Capaz hasta Yaguar Guaca Inga, que todos estaban en la *Casa del Sol* y guarnecidos de oro, poniéndoles máscaras, armaduras de cabezas a que llaman *chucos*, pendientes, brazaletes y otros ornatos de oro. Y después los puso por orden de su antigüedad, en un escaño ricamente obrado de oro y luego mandó hacer grandes fiestas y representaciones de la vida de estos reyes. Duraron estas fiestas, a que llaman *purecaya* más de cuatro meses.»

Sarmiento subliña que os fixo adorar, veneración estendida ó propio Emperador. Pero na *Casa do Sol* había outros ídolos: un representaba ó Creador, Viracocha; outro ó lóstrego, Chunguylla, *guoqui*, achado, que dera a Yupanqui a cobra de dúas testas que levaba sempre consigo e que lle traía sorte. En poucas liñas condensa a «Historia» o culto ó Creador, o dos antergos e o do propio xefe, o dos meteoros e o da ofiolatría. Engade a presenza de «monxas» na *Casa do Sol*, comentando maliciosamente que se deitaban con Yupanqui e por iso tivera tantos fillos.

AS FESTAS DO ANO

En diversos lugares da «Historia» atópanse referencias a festas e troulas do pobo. En especial anotamos a que vén no Capítulo 12 que, por certo na referencia ó baño lustral da *situay* fai referencia ó noso San Xoán e compárao con el.

«Y dicen que, sobre todo Pachacuti Inga Yupanqui hizo una gruesa maroma de lana de muchas colores y chapeada de oro, con dos borlas coloradas al cabo. Tenía de largo, según dicen, ciento y cincuenta brazas, poco más o menos. Esta servía para sus fiestas públicas, que eran cuatro al año las principales, llamada la una *raymy* o *capac raymy*, que era de los caballeros, cuando se hacían abrir las orejas, a que llaman *guarachico*. La otra se llamaba *situay*, que era a la manera de nuestros regocijos de San Juan; que se levantaban todos a medianoche con lumbres y se iban a bañar, y decían que con aquello quedaban limpios de toda enfermedad. La tercera se decía *indi raymi*, que era la fiesta del Sol, la cuarta era *amoray*. En estas fiestas sacaban la maroma de la *Casa* o *Dispensa del Sol* venían cantando hasta la Plaza, la cual cercaban toda con la maroma, que se llamaba *moroy Urco*.»

As victorias celebrábanse, segundo a «Historia», deste xeito:

«Llevaban la gente de guerra en orden por sus escuadras, lo más bien aderezadas que les era posible, con muchas danzas y cantares, y los cautivos presos,

los ojos en el suelo, vestidos con unas ropas rojas, con muchas borlas, y entraban por las calles del pueblo que para esto estaban muy bien aderezadas. Iban representando las batallas y victorias de que triunfaban».

Na Casa do Sol, deitados no chan cativos e ciscados os despoños, o Inca pasaba sobre eles dicindo: «mis enemigos piso» (Cap. 31)

A FIESTRA MÍTICA

A noticia desta edificación ligada tanto ó culto solar coma ó calendario das colleitas ven dada deste modo:

«Y para que el tiempo de sembra y del recoger se siguiese precisamente y nunca se perdiere hizo poner en un monte alto, al levantarse del Cuzco, cuatro palos apartados el uno del otro como dos varas de medir, y en las cabezas de ellos unos agujeros, por donde entrase el sol, a manera de reloj o astrolabio. Y considerando por adonde hería el sol por aquellos agujeros, el tiempo del barbechar y sembrar hizo sus señales en el suelo y puso otros cuatro palos en la parte que comunicaba al poniente del Cuzco para el tiempo de coger las mieses y (...) puso para perpetuidad en su lugar unas columnas de piedra de las medidas y agujeros de los palos y a la redonda mandó enlosar al suelo, y en las rayas niveladas a las mudanzas del sol que entraba por los agujeros, de manera que todo era un artificio de reloj de sol anual...» (Cap. 30.)

A LENDA DE TAMBOCHACAY CONVERTIDO EN PEDRA

Como mostra da recollida de narracións tradicionais escollémo-la que ten por actuantes o renarte Ayar Cache e o traidor Tambochacay. Lenda xeral, en tempos e pobos, de conversión dos homes en pedra que lle lembraba a Sarmiento a das «Tres irmáns» na ribeira de Mollabao, preto da súa casa da Moureira. Como ensinaran os nosos mestres non é crenza litolótrica senón relato do ciclo das metamorfoses. Engádese o tema do troque da paisaxe a cantazos por habelencia e forza dun tirafondador xigante:

«Y no contentándose de la tierra, vinieron a otro pueblo llamado Haysquisrro, un cuarto de legua del pueblo pasado. Y aquí entraron en acuerdo sobre lo que debían hacer para su viaje y para apartar de sí uno de los cuatro hermanos ingas llamado Ayar Cache. El cual, como era feroz y fuerte y diestrísimo de la honda, venía haciendo grandes travesuras y crueldades, así en los pueblos por donde pasaban, como en los compañeros. Y temían los otros hermanos que por la mala compañía y travesuras de Ayar Cache se les deshiciesen las compañías de gentes que llegaban, y quedasen solos. Y como Mango Capac era prudente, acordó, con el parecer de los demás, de apartar de sí con engaño a su hermano Ayar Cache. Y para esto llamaron Ayar Cache y le dijeron:

– «Hermano, sabed que en Capactoco se nos olvidaron los vasos de oro, llamados *topacusi*, y ciertas semillas y el napa, que es nuestra principal insignia de señores»...

«Conviene al bien de todos que volváis allá y lo traigáis.»

Y como Ayar Cache rehusase la vuelta, levantóse en pie su hermana Mama Guaco, y con feroces palabras reprehendiéndole, dijo:

— «¡Cómo tal cobardía ha de parecer en un tan fuerte mozo como tú! ¡Dispónte a la jornada y no dudes ir a Tambotoco y hacer lo que se te manda!».

Ayar Cache, corrido de estas palabras, obedeció y partióse a lo hacer. Diéronle por compañero a uno de los que con ellos venían, llamado Tambochacay, al cual encargaron secreto, que, como pudiese, allá en Tambotoco diese orden como muriese Ayar Cache, y no tornase en su compañía. Y con este despacho llegaron ambos a Tambotoco. Y apenas fueron allá, cuando Ayar Cache entró en la ventana o cueva Capatoco a sacar las cosas por que le habían enviado. Y siendo dentro, Tambochacay, con suma presteza, puso una peña a la puerta de la ventana, y sentóse encima, para que Ayar Cache quedase dentro y muriese.

Y cuando Ayar Cache tornó a la puerta y la halló cerrada, entendió la traición que el traidor de Tambochacay le había hecho, y determinó salir, si pudiera, para se vengar de él. Y por abrir puso tanta fuerza y dió tales voces, que hizo temblar el monte, mas no pudiendo abrir y teniendo por cierta su muerte, dijo a voces altas contra Tambochacay:

— «¡Tú, traidor, que tanto mal me has hecho, piensas llevar las nuevas de mi mortal carcelería! ¡Pues no te sucederá así, que por tu traición quedarás ahí fuera, hecho piedra!».

Y así fué hecho, y hasta hoy la muestran a un lado de la ventana Capactoco. Volviendo, pues, a los siete hermanos que habían quedado en Haysquisrro, sabida la muerte de Ayar Cache pesóles mucho de lo que habían hecho, porque, como era valiente, sentían mucho verse sin él para cuando tuviesen guerra con algunos. Y así hicieron llanto por él. Era tan diestro este Ayar Cache de la honda y tan fuerte que de cada pedrada derribaba un morte y hacía una quebrada. Y así dicen que las quebradas que ahora hay por las partes que anduvieron, las hizo Ayar Cache a pedradas».

Coido que abundan estas mostras para esperta-lo interese por Sarmiento e pola súa obra dos que aínda non se teñen achegado a ela. Polo demais podedes atopar nas páxinas da «Historia Índica» referencias valiosas a feitizos e bruxos (c. 39, 62), á lingua quechua, ás leis familiares e á propiedade (c. 30, 70), ás obras (c. 45), ó traballo da terra sen aparellos de metal (c. 30)... non ten capítulo en que non poida aprenderse algo.

Para os investigadores das culturas indíxenas de América, historias e relacións coma a de Sarmiento son fecundas fontes de noticias; aínda para os alleos a elas a lectura é sempre proveitosa. Para os galegos a obra dun cronista-antropólogo do século XVI sempre ten que espertar un fondo interese.

Os coloquios teñen, á par do atractivo de coñecer mestres e compañeiros da especialidade e de tecer novas amizades, o de abrir birtas á lectura e á investigación. Teño a seguridade de que a xuntanza que hoxe remata será fructífera en todo. Que teredes escoitado vellas novidades. Que a imaxe de Fermín Bouza, agarimada de sempre, vivirá desde agora en vós, con trazos que aínda non chegaredes a percibir, polo seu inesquecible maxisterio e polo seu alento de poeta. E, con el, as sombras benqueridas dos que xa non poden dialogar connosco, os mestres de «Nós», e Xocas Lorenzo, e Taboada Chivite..., e Pires de Lima, e Santos Junior..., tantos, en tantos eidos lumes guiadoiros. No intre de dárvo-las

gracias ós que como o Instituto Teolóxico e o Concello de Pontearreas nos acolleron para organizalo, a cantos viñestes a honralo cos vosos traballos, representados no Patriarca Antón Fraguas, o Consello da Cultura atopa xustamente nun poema de Fermín as verbas que poden dar expresión ó noso recoñecemento, que o espírito da Terra aniñe, como acougou nel, nas vosas almas, que sexa voso:

«Canto Galicia loce no seu seo,
canto ten de armonioso, en terra e ceo,
canto nos enaltece e nos decora».

INSTITUCIÓN ANTROPOLÓXICAS EN GALICIA

Xosé Fuentes Alende
Museo de Pontevedra

As transformacións de que está sendo obxecto a sociedade galega, ó igual ca outras moitas, tanto no referente a costumes e prácticas na agricultura e na pesca coma no cambio sufrido polas condicións do hábitat, ideas relixiosas... leva consigo a desaparición daquilo que nos caracterizaba e fai que cada día sexan máis as institucións que fixan entre os seus obxectivos o de recompilar e procura-la conservación daqueles hábitos e instrumentos en vías de desaparecer, continuando así o labor doutras xurdidas na derradeira metade do século XIX e outras que seguiron a estas no presente.

ANTECEDENTES

Sen chegar a constituír ningún tipo de sociedade, xa no século XVIII personalidades tan destacadas como Fr. Jerónimo Feijoo, Fr. Martín Sarmiento ou Fr. Juan Sobreira incluíron entre os seus estudos temas relacionados coa Etnografía e co Folclore, moito antes de que este último termo aparecese da man de William Thoms. Tamén os escritores decimonónicos, como Murguía, Vereá y Aguiar, Barros Sivelo... prestaron grande atención ós feitos antropolóxicos en vigor daquela.

Pero no tocante a institucións corporativas que, dunha maneira sistemática e metódica, se dedicasen ó estudio da Antropoloxía Cultural, temos que citar como primeiro precedente á *Sociedad del Folclore Gallego*, promovida, como tantas outras en España, por Antonio Machado Álvarez e constituída na Coruña o 29 de decembro do 1883, baixo a dirección da novelista Emilia Pardo Bazán, aglutinando na súa xunta directiva a figuras senlleiras da intelectualidade do momento. Froito dos traballos programados sería a publicación ó ano seguinte na *Biblioteca de las Tradiciones Populares* dun tomo titulado *Folclore Gallego* e a continuación, e dentro da mesma serie, os tres tomos do *Cancionero Popular Gallego* de Pérez Ballesteros.

De meritorio hai que cualifica-lo labor da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, fundada no 1894 por Casto Sampedro y Folgar, en torno á que traballa un nutrido e entusiasta grupo de colaboradores formados nas humanidades, entre os que figuran escritores, fotógrafos, debuxantes... abríndose tamén a un amplo equipo de correspondentes na provincia. Un dos seus obxectivos era o estudio, adquisición e conservación de todo o antigo, no que se incluía a música e a poesía popular, fixando a súa sede nas Ruínas de Santo Domingo. Froito dos seus traballos de campo son os espléndidos materiais recollidos, custodiados hoxe

polo *Museo de Pontevedra*, entidade que tomou o relevo a partir do 1927, que os dará a coñecer por medio de publicacións e exposicións.

Ó *Instituto de Estudos Galegos*, fundado na Coruña no 1918, sucederao o *Seminario de Estudos Galegos*, creado en Santiago de Compostela o 12 de outubro do 1923 por impulso dun grupo de profesores e mozos universitarios con Armando Cotarelo Valledor á fronte, entre os que figuraban personalidades de singular importancia para a nosa Antropoloxía. O seu programa fixaba como primordial «o estudio de tódalas manifestacións da cultura galega». Desde o seu nacemento, distribúe as súas tarefas en diversas seccións, creándose a de Etnografía e Folclore, presidida por Vicente Risco, e que redacta cuestionarios, inicia estudos sobre a cultura material e leva a cabo interesantes «xeiras» de recollida de datos, con resultados que serán publicados na revista *Arquivos* (1927-1934) editada polo *Seminario*.

Outra publicación que merece ser citada pola atención prestada desde as súas páxinas ós máis variados temas de Antropoloxía Cultural é a revista *NÓS. Boletín mensual da Cultura Galega*, editada polo grupo da xeración do mesmo nome desde o 1920 ó 1935 e que tivo como director a Vicente Risco.

A ACTUALIDADE

Como un fito sumamente transcendente hai que destaca-lo feito de que o Art. 32 do noso Estatuto de Autonomía fixe a existencia dun órgano asesor e consultivo a prol da «defensa e protección da cultura propia de Galicia». Este será o *Consello da Cultura Galega*, que se constituíu no 1983, tendo como primeiro Presidente a Ramón Piñeiro e, actualmente, desde o pasamento daquel, a Xosé Filgueira Valverde.

O *Consello* conta desde o 1986, entre outras, cunha Ponencia de Antropoloxía Cultural, que informa dos proxectos, organiza congresos, como os de *Lindeiros da galegitude*, realiza traballos de investigación, dos que son exemplo a *Guía Temática da Antropoloxía Cultural de Galicia*, ou a recompilación da bibliografía sobre o tema, ambas de inminente aparición, e propón a realización de publicacións, amais das actas dos coloquios celebrados, como a parte correspondente á nosa Comunidade do *Cuestionario* elaborado polo Ateneo de Madrid.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia presenta no seu organigrama unha Consellería que na actual lexislatura abrangue «Cultura e Xuventude», a cal conta cunha «Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental» que vela, xunto coa «Dirección Xeral de Cultura», pola protección de todo o relacionado coa Etnografía e co Folclore. Proba diso son, amais doutras de índole proteccionista e de salvagarda, as convocatorias de axudas e subvencións a traballos de «investigación, inventario e intervención no patrimonio etnográfico», baseándose en que é «preciso promove-lo estudio e afondar en aspectos varios do pasado da nosa Comunidade Autónoma e das súas pervivencias actuais, herdanza da

capacidade colectiva dun pobo e identidade dunha cultura propia», traballos con resultados que son obxecto de publicación pola propia Consellería.

Amáis destes entes, as demais Consellerías inclúen en ocasións nas súas programacións congresos, coloquios e publicacións que recompilan diversos aspectos da Antropoloxía Cultural de Galicia. Citemos, tan só a maneira de exemplo, a *Guía de la Artesanía de Galicia*, da de Industria e Enerxía, *O Traballo no mar*, realizado polo Colexio Público de Castrelo (Cambados) premiado nos Concursos Escolares convocados polo *Museo de Pontevedra*, ós que aludiremos máis adiante, da de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, e *Xogos populares en Galicia*, da entón denominada de Turismo, Xuventude e Deportes, así coma as Actas en que se recollen os relatorios e comunicacións presentadas ós distintos congresos.

Figura tamén unha longa serie de institucións, públicas ou privadas, de carácter científico-cultural ou museístico, que non esquecen nas súas actuacións as actividades antropolóxicas.

Entre as primeiras debemos cita-lo *Instituto de Estudios Gallegos «P. Sarmiento»*. Desaparecido o *Seminario* no 1936, toma o seu relevo, ó abeiro da Universidade compostelá, o 30 de novembro do 1943 mercé ás xestións realizadas por Francisco Javier Sánchez Cantón co Rector Legaz Lacambra e o Ministro de Educación Ibáñez Martín, apoiadas polo Secretario Rexional do C.S.I.C., Alvarado Herrera, quedando adscrito ó Patronato de Humanidades «Marcelino Menéndez y Pelayo», para constituírse formalmente o 15 de febreiro do ano seguinte.

Tomando como exemplo a organización da institución predecesora, o *Instituto «P. Sarmiento»* subdivídese en seccións, entre as que non pode faltar a de «Etnografía e Folclore», dirixida nos primeiros momentos por Vicente Risco e, posteriormente, por Antonio Fraguas Fraguas e Xosé Manuel González Reboredo. A súa programación oríentase cara á organización de cursiños, recollida de datos no campo, principalmente, e nos últimos tempos, sobre arquitectura popular, etnografía pesqueira e agrícola e aspectos da Antropoloxía Social, exposicións, entre as que figura a dedicada ó «Traxe», tema obxecto, amáis do Catálogo, dunha publicación de Nieves de Hoyos Sancho, incluída nos «Anexos» á revista do *Instituto*, titulada *Cuadernos de Estudios Gallegos*, na que se fan públicos os resultados dos traballos levados a cabo na entidade.

Unha institución recente, nacida en maio do 1971, que entre os obxectivos fixados nos seus Estatutos inclúe traballos de dialectoloxía e lingüística, é o *Instituto da Lingua Galega*, promovido, entre outros organismos, pola Universidade de Santiago. Mostra dos traballos de campo emprendidos son as numerosas publicacións sobre lexicografía e a recollida de datos para o *Atlas lingüístico galego*. Ademais, edita a revista *Verba*, na cal se insiren con frecuencia importantísimos artigos, e os «Anexos» á mesma, con traballos monográficos sobre a temática cultivada polo *Instituto* e outros sobre a cultura material, como o dedicado á *Etnografía del Valle de Ancares*.

Como de gran transcendencia ten que ser conceptualdo o labor da maioría das institucións museísticas, que de xeito dispar, pero altamente efectiva, prestan grande interese á Antropoloxía Cultural. Pola súa antigüidade, citaremos en primeiro lugar o *Museo de Pontevedra*. Aprobada a moción fundacional o 30 de decembro do 1927, auspiciado pola Deputación Provincial, da que segue dependendo na actualidade, continuou coa angueira da devandita *Sociedad Arqueológica*. Dirixido nos primeiros anos por Casto Sampedro Folgar, posteriormente por Xosé Filgueira Valverde e na actualidade por José Carlos Valle Pérez, e rexido por un Patronato, xa desde as andaduras iniciais figuran entre os obxectos ingresados, por compra, doazón ou depósito, os de arte popular e outros en relación coa cultura tradicional galega, ós que segue a incorporación do importantísimo arquivo reunido por Sampedro, que inclúe os materiais que servirán de base para as dúas publicacións afrontadas polo *Museo*, ámbalas dúas preparadas por Filgueira Valverde: o *Cancionero Musical de Galicia* e o *Archivo de Mareantes*. De grande interese é tamén o arquivo colexido polo médico pontevedrés José Casal y Lois, no que se poden atopar datos sobre distintas manifestacións do Folclore de Pontevedra e dos seus arredores, con costumes e prácticas hoxe desaparecidas en case a súa totalidade, refraneiro, literatura oral, astroloxía e meteoroloxía...

Á hora de programa-las instalacións do *Museo de Pontevedra* non quedou esquecida a Antropoloxía Cultural. Temas como a devoción popular, a ferrería, o liño e a la e o longo proceso de tecido dos panos, a vida dos mareantes das Rías Baixas e a música tradicional cos seus instrumentos están presentes nas súas salas. Unha delas, reinstalada recentemente está dedicada á «Cerámica galega» cun amplo conxunto de pezas que configuran a colección «Luciano García Alén - María García Ayaso», profundo coñecedor el da alfarería popular, doada ó Museo polos seus propietarios, montada cun marcado carácter didáctico, na que se exhiben mostras das vasillas elaboradas nos outrora numerosos centros de oleiros.

A artesanía do acibeche, traballado con mestría en Compostela, está presente cunha importantísima colección, a máis numerosa do mundo, na que figuran pezas excepcionais: cruces, abalorios, figas, colgantes...

Dependencia entrañable nas casas galegas era a cociña, centro de reunión en moitas ocasións. O *Museo de Pontevedra* conserva «in situ» a *lareira* do pazo dos García Flórez, acondicionada cos elementos tradicionais: trepia, gramalleira, candil, vertedeiro de pedra...

Moitas son as exposicións programadas que tiveron como obxectivo o popular: a música, o traxe, os encaixes de Camariñas, o Entroido, a arquitectura, os cruceiros, as romarías, os maíos.... así como os cursos e conferencias desenvolvidos sobre a a materia: a gaita, as tradicións culturais na parroquia galega, artes menores e populares, medicina..., organizadas polo propio Patronato ou en convenio con outras entidades.

Labor merecedor de ser subliñado é a convocatoria de concursos escolares, ultimamente abertos a tódolos centros da Comunidade Autónoma, por canto teñen de sentido inculcador nos mozos de cara ó coñecemento e conservación do propio e polas auténticas catalogacións exhaustivas de zonas limitadas. Os «Alfredo García Alén» e os «López Suárez - Castillejo» acolleron traballos sobre cruceiros, hórreos, festas tradicionais, xogos populares, literatura oral, apeiros de labranza e artes de pesca, muíños, medicina popular... Tamén hai que salientalos traballos enmarcados na «Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia» que sufraga a Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa» e dirixe o Prof. Filgueira Valverde desde o Museo, planos en que se inclúen tarefas de inventario de exvotos, muíños... cuns resultados que se reflecten na rica serie de publicacións que leva a cabo a devandita Fundación: *Ofrecidos, Cancionero Musical, El traje, La alfarería popular, Muíños de marés e de vento en Galicia*.

Unha institución museística promovida no 1975 baixo a idea de que fose un «museo de Antropoloxía galega» é o *Museo do Pobo Galego*, que se constitúe ó ano seguinte, figurando entre os seus fins a «investigación, estudio, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega». Rexido por un Patronato, constituído o 31 de xullo, no cal están representados os Museos de Galicia, a Facultade de Xeografía e Historia da Universidade Compostelana, a Real Academia Galega e o Instituto de Estudios Galegos «P. Sarmiento», entre outras entidades, inicia a súa andadura, trala cesión por parte do Concello de Santiago das dependencias do Convento de San Domingos de Bonaval, o 29 de outubro do 1977, coa inauguración e conseguinte apertura ó público das súas tres primeiras salas que paulatinamente foron incrementándose coa finalidade de amosar e estudar aquelas facetas de Galicia en transo de desaparición ou xa esquecidas na práctica. Oficios como o dos cesteiros, o das tecedeiras, o dos oleiros, os labores do campo e do mar, o traxe... con utensilios e exemplos rescatados do esquecemento e salvados da súa destrucción, fan pervivi-lo noso pasado etnográfico. Como entidade dinámica que é, non se limita á mera exhibición de recordos antropolóxicos, senón que organiza tamén exposicións e ciclos de conferencias, convoca premios para traballos de recuperación etnográfica, como o «Vicente Risco», e contribúe á súa difusión a través de publicacións, tales como *Os oleiros, As artes de pesca, Cultura popular* e as *Actas do Coloquio de Etnografía marítima*.

Mención especial merece o *Museo Etnográfico «Liste»*, instalado preto do Mosteiro de Oseira, en Cea (Ourense), de carácter privado, nacido mercé ó entusiasmo e sacrificio do seu propietario, Olimpio Liste Regueiro, preocupado desde sempre pola conservación, non só dos costumes, senón tamén de todo aquel material etnográfico utilizado noutros tempos. Inaugurado no 1972, coa finalidade de estudia-la «cultura material da nosa rexión», exhibe hoxe máis de 2.000 pezas, entre as que figuran os máis variados tipos de apeiros de labranza recollidos por toda Galicia, instrumental utilizado en oficios na actualidade desaparecidos, entre os que destacan os afiadores e os curandeiros, así coma unha ampla colección de chaves das nosas ferrerías.

A Deputación Provincial de Lugo fundou no 1932 o *Museo Provincial*, que é instalado nun primeiro momento nunha ala do Palacio Provincial para no 1957 recibir un mellor acomodo no Convento de San Francisco. O incremento experimentado polo volume dos fondos etnográficos obriga a toma-lo acordo de dar unha nova ubicación á Sección de Etnografía na Torre-Pazo de San Paio de Narla, no municipio de Friol, limítrofe co de Lugo, adquirida xa no 1939 pola propia Deputación. As súas instalacións, inauguradas o 25 de maio do 1983, poden ser consideradas como un museo do pazo rural galego, no que se amosan apeiros de labranza da zona, os vellos medios de transporte, o tear, os oficios e artes populares, o mobiliario e a cocíña do pazo, coa súa lareira e co seu forno.

O *Museo Provincial de Ourense* deu cabida nas súas instalacións, nun principio, a temas etnográficos, o mesmo que na súa publicación periódica *Boletín Auriense* e os seus «Anexos», entre os que figura o volume dedicado ós «petos de ánimas». Na actualidade, e desde o 1986, a súa sección etnográfica está ubicada nun vello edificio do barrio xudeu de Ribadavia, con carácter de *Museo de Artes y Costumbres Populares del Ribeiro*, na que están presentes, entre outros, temas como a alfarería popular dos numerosos centros da provincia, o transporte por río e a pesca fluvial, así como un dos antigos teares para a elaboración do liño e da la.

Tamén a alfarería ten a súa sala no *Museo Arqueolóxico da Coruña*, publica a revista *Brigantium*, que acolle traballos sobre temas antropolóxicos. A Deputación Provincial de Lugo auspiciou a creación do *Museo do Mar de San Cibrao*, que, desde o 1969, expón, a nivel local, modelos artesáns de embarcacións e traballos de artesanía mariñeira. Existen outros pequenos museos, nados mercé ó entusiasta labor de concellos ou entidades culturais locais, preocupadas por conservar e recupera-la súa memoria histórica. Citemos, como meros exemplos, o *Museo da Terra de Melide*, creado polo *Instituto de Estudios Melidenses* no 1982 que, entre outros, dedica un longo espazo ós oficios da comarca (cesteiros, ferreiros, telleiros, zapateiros e tecedeiras), así como ós apeiros de labranza, ós instrumentos musicais e ó relativo á casa rural. E tamén o *Museo das Mariñas*, auspiciado polo Concello de Betanzos, inaugurado no 1983, que conta cunha ampla sección etnográfica da comarca e con outra do traxe popular.


Restan, ademais, outras moitas institucións que, en maior ou menor medida, se senten preocupadas polo antropolóxico nas súas diversas manifestacións: o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, sobre a arquitectura popular; a Asociación Amigos dos Pazos, polas construcións e pazos; o Centro Galego de Artes da Imaxe, pola vella fotografía como testemuño documental... e non debemos esquecer que a Universidade de Santiago conta na actualidade cunha Cátedra de Antropoloxía; nin o labor das corporacións locais como deputacións e concellos que a través dos seus servicios de publicacións contribúen a difundir os traballos realizados; nin o das pequenas institucións folclórico-culturais que tratan de manter vivo o onte de Galicia.

CONCLUSIÓNS

Sería totalmente inxusto non considerar como altamente positivo o labor desenvolvido polas entidades que acabamos de relacionar no tocante á Antropoloxía Cultural nos seus máis variados aspectos, máxime se temos en conta, en moitos casos, a precariedade de medios económicos con que afrontaron esas tarefas, o que contrasta co entusiasmo dos que as fixeron realidade.

Queda, non obstante, moito por facer se temos en conta a realidade socio-cultural de Galicia, por canto nos atopamos no momento en que aínda se pode recuperar boa parte da nosa cultura tradicional pois, a medida que pasan os anos esas posibilidades diminúen a pasos axigantados. Os avances tecnolóxicos levan consigo a desaparición dos muíños, coa súa rica e diversa nomenclatura e cos seus costumes de uso e disfrute; a aplicación da concentración parcelaria, necesaria por outra parte, cambia os sistemas tradicionais do cultivo da terra; as reducións na produción agrícola e gandeira fan que se perdan innumerables prácticas que só os da nosa xeración coñecemos xa; o mesmo sucede coa pesca; aínda que os nosos santuarios seguen aglutinando devotos que manteñen viva a relixiosidade popular e as curacións consideradas como supersticiosas continúan vixentes en determinados lugares, o avance da ciencia médica estaas facendo desaparecer; os nenos non xogan como hai un cuarto de século; os hórreos, arquitectura característica de Galicia, perden a súa propia función; a lareira, co sentido clásico que tiña noutro tempo, non existe nas casas galegas, como tampouco se dan aquelas parrafadas de contos populares, da aparición da Santa Compañía... Os rituais funerarios están sufrindo unha grande transformación, tendendo, mesmo no medio rural, a desaparecer-lo velatorio comunitario; as festas tradicionais perden paulatinamente o seu auténtico sentido, etc., etc.

Estimamos que o noso pasado antropolóxico é, se non recuperable, si aínda conservable en boa parte. Necesítase, amais de boa vontade, que a hai sen dúbida, como o demostra a proliferación de institucións, coordinación e unión na programación dos traballos, o que redundará en beneficio da Antropoloxía Cultural de Galicia.



LA ANTROPOLOGÍA GERMANA

R. Valdés del Toro

Univ. Autónoma Barcelona

- *La Ilustración, la cultura y el evolucionismo. Filosofía e historia especulativa.*
- *El siglo XVIII alemán.*
- *El romanticismo y las culturas. Historia positivista y ciencias sociales.*
- *El primer siglo XIX alemán: 1799-1860.*
- *Adolf Bastian.*
- *El segundo siglo XIX. El pensamiento histórico en etnología. Precedentes: Friedrich Ratzel, Georg Friederici y Leo Frobenius.*
- *La escuela histórico-cultural alemana. Fritz Gräbner.*
 - Determinación de los tipos de civilización y de su distribución en el espacio.
 - Determinación de la sucesión de los tipos culturales en el tiempo.
 - Criterios internos.
 - Criterios externos.
 - La aportación de W. Schmidt.
 - La escuela histórico-cultural y el particularismo boasiano.

LA ILUSTRACIÓN, LA CULTURA Y EL EVOLUCIONISMO. FILOSOFÍA E HISTORIA ESPECULATIVA

La Ilustración ha sido llamada muchas veces el acontecimiento más grande de toda la historia de la humanidad. Se presentaba como la revelación, racional, no sobrenatural, de una verdad humana universal válida para el hombre, es decir, para todos los hombres de todos los tiempos. La implicación política central de esta concepción era evidente: todos los hombres son iguales e iguales en derechos. Si esto era así, el nuevo orden necesitaba absolutamente una cultura, un idioma cultural compartido antes que una multiplicidad de culturas, esto es, de jergas propias de los diferentes grupos.

Goodenough comienza sus reflexiones sobre la cultura señalando cómo la palabra en sí entra en el uso antropológico (en 1750, según Kroeber y Kluckhohn) a partir de la palabra alemana *Kultur*. Las clases educadas de Europa presumían de ser menos ignorantes que los campesinos rústicos, más sabias y refinadas, más civilizadas. El grado en que la gente difería entre sí en sus costumbres, creencias, artes, respecto de los europeos sofisticados constituía la medida de su ignorancia e incivilidad. La historia humana se concebía como una constante elevación a partir de un estado de primitiva ignorancia a otro de mayor ilustración progresiva. Desde este punto de vista, las sociedades no tenían culturas separadas, sino participaban en diferente grado de la cultura general, creada y desarrollada hasta el momento por la humanidad como un todo.

Las sociedades con tecnologías más simples y sistemas políticos menos elaborados representaban el estadio inferior del crecimiento, mientras que las sociedades de Europa occidental representaban la etapa más avanzada. La definición del concepto que diera E. B. Tylor en su *Primitive Culture* (1871), por muchos considerada fundadora de la antropología y tomada como referencia por la mayoría de los antropólogos que han ensayado su personal definición («La Cultura o la Civilización, en un sentido etnográfico amplio, es ese todo complejo que incluye el conocimiento, las creencias, las artes (incluyendo la tecnología), la moral, las leyes, las costumbres y cualesquiera otras aptitudes y hábitos adquiridos por el hombre como miembro de la sociedad») parece haberse inspirado en este uso del término, que por su significado se acomodaba perfectamente a los postulados ilustrados de progreso y perfectibilidad que fundamentaron las estrategias evolucionistas de los primeros antropólogos.

EL SIGLO XVIII ALEMÁN

Ciertamente es grande la aportación de los ilustrados a la aún no nacida antropología: la identificación del dominio sociocultural como un campo específico y legítimo del estudio científico, las primeras ideas sobre la naturaleza y la dirección de la evolución sociocultural, las primeras, vacilantes, «climáticas» aproximaciones a una teoría de la causación sociocultural basada en premisas naturalistas. Con lo que Montesquieu dice; con lo que en esa misma línea añaden, reelaboran y dicen también los enciclopedistas, D'Alembert, Turgot, sin olvidar a La Mettrie (*L'homme machine* se publicó el mismo año que *L'esprit des lois*, 1748) ni a D'Holbach; con los filósofos escoceses, Hume, Adam Smith, Adam Ferguson (*An Essay on the History of Civil Society*, 1767), John Millar (*Observations Concerning the Distinction of Ranks in Society*, 1771) y con su interés por las instituciones, su suposición de que las sociedades humanas son sistemas naturales que han de estudiarse empírica e inductivamente para explicarlas en términos de principios generales o leyes, su creencia en el progreso y en las leyes del progreso; y con la dilatación del horizonte etnográfico gracias a los viajes de Tasman, Dampier, Wallis y sobre todo de Cook, realmente ya estaban presentes todos los elementos precisos para que allá por los años 80, hubiera podido empezar a desarrollarse una antropología, una ciencia del hombre. No ocurrió así porque para aquel entonces el hombre tenía cosas mejores que hacer. Esos decenios finales del XVIII son, en Francia y en Inglaterra, de relativa paralización. En cambio en Alemania son los años del comienzo, especialmente los once que van de 1783 a 1794. El primer nombre es el de Christoph Meiners.

Christoph Meiners (1747-1810), profesor de filosofía en Göttingen, compilador casi siempre superficial de cuanto caía a su alcance, historia, filosofía, literatura, también escribió de etnología: ciento cinco títulos, y de ellos nueve son libros con varios volúmenes. La mayoría de esos trabajos apenas

merecen atención. Pero la docena que sí, tiene positivo interés. Con una advertencia necesaria: el expurgo preciso para el resumen le presta una coherencia de ideas que él ciertamente no tuvo.

Cinco problemas básicos: razas (biología, fisiología, sociología de las razas), diferenciación histórica de los pueblos, sociología, etnología religiosa, psicología de los pueblos. Los dos primeros merecen mención, que puede hacerse conjunta. Diferenciación de los pueblos: el «clima» de Montesquieu tiene su importancia, pero la raza más. Y aquí un ataque a Rousseau y a «ese lugar común de la igualdad de los hombres» contra el que todo habla, la etnografía, la historia. Hay razas humanas distintas desde y por su origen, con rasgos hereditarios, indelebles. Y esas diferencias raciales no son en absoluto meramente físicas, corporales. De la mezcla racial piensa Meiners igual que luego Gobineau: el cruzamiento es degeneración. Más de una vez se ocupa de otra degeneración, la que sufre la raza que sale de su clima. *Ueber die Ausartung der Europäer in fremden Erdteilen* da ejemplos: los vándalos en Africa, los godos en España (!).

1. O corpus da literatura popular:

Aínda que sexa o xénero «Conto popular de tradición oral» o que vai merecer-la nosa prioritaria atención, imponse a tarefa de contextualizalo dentro do ámbito da Literatura popular de tradición oral da que forma parte. Proporei, polo tanto, unha inicial delimitación do dominio, antes de me deter en detalle no tema que nos ocupa. O amplo ámbito da Literatura popular de tradición oral pódese estruturar nos tres seguintes grandes campos:

A) Ámbito das *formas e xogos de linguas* que constitúen, de acordo co investigador V. Risco, «a parte máis esmigallada e fragmentaria da literatura oral»¹³, por incluí-las *sentencias* (proverbios, refráns, ditos), as *adiviñas* e os *exercicios de aprendizaxe*, como os trabalinguas e outras cousas polo xeito. Trátase dunha clase de «expresións estereotipadas que son empregadas en certas circunstancias»¹⁴ que, polo xeral, lle proporcionan o significado. Isto é tamén o que explica que a transmisión deste segmento da tradición oral se faga con moita precisión, xa que unha reprodución inexacta dun dito, dun refrán ou dunha fórmula máxica non é capaz de produci-lo fin para o que foi pronunciada; e de aí tamén a súa resistencia á modificación.

B) Ámbito das *formas narrativas* da literatura popular de tradición oral, nas que se inclúen os tres tipos de relatos en prosa, a saber: *o Conto, a Lenda, o Mito*. O seu fin principal é, sobre todo, o de ilustrar, instruír, alegrar ou defender uns dereitos¹⁵, pero non se reduce soamente a iso. Ó comprender formas de relato diferentes tamén o seu valor neste campo, así coma o sentido que se lles pode atribuír, vai ser xeralmente desigual. De seguido detereime un pouco en cada un destes tres xéneros:

C) Ámbito das *formas dramáticas e musicais*, xénero que, ó abordalo, nos dá a impresión de que empezamos a apartarnos do ámbito específico da tradición oral e de estarmos tocando e ata sobrepasando os límites deste dominio. Tocante á literatura dramática, xa nos lembraba V. Risco en 1928, que «entre nos, vai cáseque perdida, embora teña deixado abondo señás de ter eisistido»¹⁶

¹³ Risco, V.: «Ensaio d'un programa pr'o estudo da Literatura popular galega», en *Nós*, nº 56, 1928. Páx. 144 col.1.

¹⁴ Vansina, J.: «De la tradition oral. Essai de Methode historique». *Annales*, nº 36 (1961) 118-137. Páx.120.

¹⁵ Cfr. Vansina, J.: «De la tradition orale...», o.c., páx. 129

¹⁶ Risco, V.: «Ensaio d'un programa...», o.c., páx. 143.

aínda que siga sendo posible localizar algunhas representacións polas parroquias e aldeas da nosa xeografía rural, en especial no tempo do Nadal, Entroido, Semana Santa, ou en día das festas patronais e locais.

2. *Conto, lenda e mito como xéneros narrativos da literatura popular de tradición oral.*

O Conto é un relato da mesma natureza cós mitos, as lendas, as sagas (relatos épicos), as anécdotas biográficas, etc., pero (trad.) «é un relato en “prosa” a diferenza das sagas, e que relata uns acontecementos “ficticios” e “dados por tales”, a diferenza das anécdotas biográficas e dos recordos, dunha parte, e dos mitos e das lendas de outra»¹⁷. En efecto, o conto é un relato ficticio no que (trad.) «os lugares non están localizados e os personaxes non teñen ningunha precisión histórica»¹⁸. Para Vladimir Propp o conto procede do mito por mediación dunha evolución histórica, pois (trad.) «é moi posible que exista un vencello (=vínculo), rexido por unhas leis, entre as formas arcaicas da cultura e da relixión dunha parte, entre a relixión e os contos doutra parte. Unha cultura morre, unha relixión morre e o seu contido transfórmase en conto. Os vestixios das representacións relixiosas arcaicas que conservan os contos son tan evidentes que se poden illar diante de todo estudio histórico»¹⁹. Outro formalista ruso, E. Méléntinski, situará a oposición entre mito e conto na oposición entre colectivo e individual: o mito interésase polo destino colectivo do universo, da humanidade, da comunidade local, namentres que o conto se interesa polo destino dos individuos»²⁰; Sen embargo para o antropólogo estruturalista C. Levi-Strauss, a diferenza entre mito e conto «redúcese a unha diferenza de grao»²¹ por canto os contos son mitos en miniatura, onde as mesmas oposicións están transpostas a pequena escala»²² polo que non se atopan motivos serios para illar ámbolos xéneros xa que, a miúdo, «se constata que uns relatos, que teñen a característica de contos nunha sociedade, son mitos para outra, e á inversa»²³.

– A Lenda é un relato «onde a acción marabillosa se sitúa con exactitude; os personaxes son precisos e definidos. As accións relaciónanse cuns feitos his-

¹⁷ Simonsen, M.: *Le conte populaire français*. Presses Universitaires de France, París, 1981; páx. 10.

¹⁸ Bayard, J.-P.: *Histoire de Légendes*. Presses Universitaires de France, París, 1981; páx. 10.

¹⁹ Propp, V.: *Morphologie du conte...*, páx. 131-132. Citado por Belmont, N.: «Contes populaires et mythes». *Dictionnaire des mythologies et des religions des sociétés Traditionnelles et du monde antique*, sous la direction de Yves Bonnefoy. Flammarion, París, páxs. 209-213; páx. 209.

²⁰ Citado de Belmont, N.: «Contes populaires et mythes-...», *o.c.*, páx. 209

²¹ Levi-Strauss, C.: *La Structure et la forme, réflexions sur un ouvrage de Vladimir Propp*. París, 1960. [Extracto de: «Cahiers de l'institut de Science économique appliquée» (Serie M; nº7), N° 99, Marzo 1960]. Páx. 16

²² Levi-Strauss, C.: *La Estructure e la forme...*, páx. 20.

²³ Levi-Strauss, C.: *La Estructure e la forme...*, páx. 17.

tóricos coñecidos e todo parece desenvolverse positivamente»²⁴; por conseguinte, distínguese do conto en que a lenda está localizada, ás veces con precisión, e en que os acontecementos que relata son considerados, tanto por quen os relata como por quen os escoitan, como verídicos²⁵, e son, polo tanto, obxecto de crenza. A lenda, pois, sería un relato popular que repousa sobre un fondo histórico máis ou menos alterado, ou polo menos pretendido histórico e transmitido por tradición oral²⁶. A lenda, polo tanto, aparece máis histórica e máis veraz mentres que o conto se nos presenta como máis ficticio e máis poético. Con todo, como recomenda M.L. Tèneze, «é prudente non endurece-las posicións entre o conto e a lenda»²⁷, porque máis a miúdo do que puidera parecer, faise moi difícil a distinción entre ámbolos xéneros, e o mesmo acontece cando tratamos de distinguir cada un deles dos mitos, como imos ver.

– *O Mito*, por último, é un tipo de lenda na que «os personaxes humanos se transformaron en divinos; a acción é entón sobrenatural e irracional. O tempo non é máis ca unha ficción»²⁸. O mito é un relato coma a lenda e o conto, que nos conta e explica como o universo, o mundo e/ou unha sociedade foron creados e organizados. Unha das súas funcións sería a de calma-las angustias dos homes ante os fenómenos grandiosos e diversos dun universo que os sobrepasa e do que se senten totalmente dependentes; darlles seguridade respondendo ás súas preguntas e incompreensións e acomodando as súas respostas ós sentimentos e desexos humanos que se remontan, sen dúbida, ós tempos máis remotos.

Nas civilizacións antigas, como Exipto, Asiria, Grecia, Roma, etc., e nas sociedades tradicionais, mal chamadas por varios «primitivas», como as tribos do Amazonas, os Dugón do Malí, os Papúes de Nova Guinea, os Aborixes australianos, etc., o mito é unha historia considerada absolutamente verdadeira porque se refire a realidades, e sagrada porque é a obra dos seres sobrenaturais²⁹, e tamén é obxecto de crenza relixiosa. Ó se referir, maiormente, a un tempo primordial como a base dos tempos presentes, permítenlle ó home situarse no tempo, participar dun pasado e dun futuro. Deste xeito, tranquilízano afirmando

²⁴ Bayard, J. P.: *Histoire des legendes*. o.c., páx. 10.

²⁵ Simonsen, M.: *Le conte populaire française*. o.c., páx. 10

²⁶ Cfr. Van Gennep, A.: *La formation des légendes*. Ed. Flammarion, Paris, 1910; páx. 22.

²⁷ Teneze, M. -L.: «Introduction à l'étude de la littérature orale: le conte», en: *Annales. Economies, Sociétés, civilisations*. Nº 5 (1969) 1104-1120. Páx. 1108. Doutra parte, a un e outro termos «conto» e «lenda», corresponden á vez dous termos alemáns que H. Bausinger deixou refletido na obra «Formen der Volkspoésie». Segundo este autor, o conto abarca á vez o Schwanke (é o conto chistoso) e o Märchen (é o conto marabilloso); e a lenda designa á vez a Sage (é a lenda profana) e a Légende (é a lenda relixiosa, haxiográfica). Cfr. Bausinger, H.: *Formen der «Wolkspoésie»*. Berlín, Erich Schmidt Verlag, 1968. Páx. 7.

²⁸ Bayard, J. -P.: *Histoire des légendes*, o.c. páx 10

²⁹ Cfr. Eliade, M.: «Mite: approche d'une definition». *Dictionnaire des mythologies, sous la dir. de Yves Bonnefoi*. Flammarion, Paris, 1981. 2 vols., páx. 139.

a súa pertenza a unha realidade social —ou natural— continua, e xustificando as regras sociais e morais que rexen as relacións cos demais homes, e coa sociedade na que viven. Certas estruturas, ou fundamentos estruturais narrativos constitúen os mitos das sociedades diferentes e moi distanciadas unhas das outras no tempo e no espacio. Estas semellanzas poden ser resultado de pensamentos, necesidades estruturais, morais e materiais semellantes dos homes, independentemente do seu modo de vida, da súa cultura, da súa historia. Pero cada nación, sociedade, «tribo», grupo social, presenta tamén, una dramatización característica propia dun mesmo mito.

O *conto* e a *lenda*, —mesmo a *fábula*— teñen unhas analoxías narrativas (fundamento e estrutura) innegables co *mito*. De feito, é difícil facer una diferenciación precisa entre as orixes, as características e a evolución de cada un destes tipos de relatos de tradición oral. Tal como ten expresado Van Gennep, «é imposible na inmensa maioría dos casos discernir a cal destas categorías (mito, conto, lenda, fábula) pertence exactamente un relato determinado»³⁰. O mito pode, a miúdo, asemellarse á lenda ou ó conto, e á inversa; os tres tipos de relatos poden ser, a miúdo, uns vehículos, uns soportes das mesmas significacións, das mesmas funcións; por todo iso, podemos concluír este comentario sobre a delimitación destes xéneros con outro texto do insigne folclorista Van Gennep, no que se nos aconsella certa precaución á hora de tratar calquera distinción e definición no tocante ó tema que nos ocupa, pois como el deixou escrito (trd.), «tódalas definicións dadas poden ser á vez exactas e inexactas: cada unha delas abarca un conxunto máis ou menos considerable de feitos, sen ter en conta os casos intermedios que non son despreziables nin polo número, nin pola difusión»³¹.

3. Delimitación do xénero «conto popular de tradición oral»

A delimitación do núcleo temático comprendido polo xénero «conto popular de tradición oral» podémola elaborar a partir de dúas estratexias complementarias: Proporcionando unha definición do que se debe entender por «conto popular de tradición oral» que sexa capaz de delimita-lo contido interno do xénero, e logo identificando os criterios de peche deste xénero narrativo. En base ós datos achegados noutro lugar³² concibímo-lo conto popular de tradición oral como un relato dun acontecemento de ficción relativamente curto, pertencente ó patrimonio do pobo e transmitido oralmente. Aínda que a definición proposta non delimita o ámbito interno do xénero no sentido de que o etnotexto

³⁰ Van Gennep, A.: *La formation des légendes*, o.c., páx. 22.

³¹ Van Gennep, A.: *La formation des légendes*, o.c., páx. 29.

³² Cfr. Fidalgo Santamarinha, J.A.: «As formas narrativas de literatura popular de tradición oral: Bases para um estudo dos contos populares», en: *Agal. Revista da Associação galega da Língua*. Nº 27, outubro do 1991. Páxs. 325-327.

que non contemple os trazos implicados nesta definición non o consideramos como un conto popular de tradición oral, para a delimitación externa do xénero conto asumímo-las contribucións feitas polos tratadistas xa clásicos neste campo A. Aarne e S. Thompson. En efecto, desde o momento en que aparece a obra *Índice de tipos de contos* de Antti Aarne no ano 1910³³, os principais estudiosos e tratadistas do conto popular de tradición oral aceptarán a delimitación externa do xénero proposta por el para este repertorio de conto-tipo; e logo, desde o ano 1928, uniranse ó proxecto das revisións e ampliacións da obra efectuadas por Stith Thompson³⁴. Foi precisamente a presentación dos contos feita nesta obra de Aarne/Thompson, a que se impuxo nos círculos científicos occidentais como o medio de delimita-lo ámbito externo deste xénero da literatura popular de tradición oral. Xa desde o momento en que se publica a obra no 1910, a organización dos contos na mesma mostra unha estrutura tripartita establecendo as divisións de: I.- *Contos de Animais* (Animal Tales), II.- *Contos propiamente ditos* (ordinry Folk-Tales), e III.- *Contos chistosos e divertidos* (Jokes and Anecdotes, na versión inglesa)³⁵. Na introducción de Aarne ó libro, este autor di que en principio é sempre un relato completo o que foi tipificado baixo un número, pero que en certos casos, dada a variabilidade das combinacións de episodios foi necesario saltar este principio. Especialmente acontece isto nos contos do Demo enganado, en boa parte dos contos de animais, o mesmo ca nos contos divertidos³⁶. Doutra parte debe sinalarse ademais que Aarne prevé uns rexistros futuros en especial no grupo dos «contos chistosos» (Jokes and Anecdotes, na versión inglesa) porque estas novas historias divertidas aparecen máis facilmente entre o pobo ca outros contos. Pero os *contos de animais* (Animal Tales) e os *Contos propiamente ditos* (Ordinary Folk-Tales) son alí cualificados de corpus historicamente cerrados.

Os *contos maravillosos* (*Tales of Magic*) constitúen a primeira subdivisión dos *contos propiamente ditos*, pero non a constitúen sós. Entre eles e os contos do demo (ogre) enganado (*Tales of the Stupid ogre*), atópanse situados os contos «lexendarios» (legendenartige, ed. Aarne de 1910) ou contos «relixiosos»

³³ Cfr. Aarne, A.: *Verzeichnis der Marchentypen*. Academia Scientiarum Fennica, Helsinquia, 1910.

³⁴ O libro *Verzeichnis der Märchentypen*, de Antti Aarne, será traducido e ampliado, en 1928, por Stith Thompson co título: *The Types of the Folk-Tales: A Classification and Bibliography*, e de novo no 1961, obedecendo ás peticións que desde facía tempo se viñan formulando. Cfr. Aarne, A./Thompson, S.: *The Types of the Folk-Tales: A Classification and Bibliography*. Academia-Scientiarum Fennica, Helsinquia, 1928 (F.F. Communications. Nº 72) e 1961 (F.F. Communications Nº 184).

³⁵ Cfr. Aarne, A. e Thompson, S.: *The Types of the Folk-Tale. A Classification...*, 1928, o.c., páxs. 20-21. Fago aquí a citación a partir da edición inglesa da obra debido a que a edición orixinal en alemán, de 1910, non teño acceso a ela neste momento.

³⁶ Cfr. Aarne, A./Thompson, S.: *The Types...*, 1928, o.c., «Author's Preface»: pp. 7-15.

(religions Tales, ed. Aarne-Thompson de 1928), ós que seguen os contos «novelescos» (Novelleranartige Märchen, ed. Aarne, 1910; nouvelle (Romantic Tales), ed. Aarne-Thomson, 1928). En contraste coas outras tres subdivisións dos «contos propiamente ditos», estes «contos novelísticos» non acoden ó sobrenatural para o seu desenvolvemento.

O libro de Aarne-Thomson contén como remate unha IVª división dedicada ós contos fórmula (Formula Tales), isto é, a aqueles contos nos que a súa construción moi particular e máis ou menos fixa, ata na expresión aparece como a característica eminentemente distintiva. Trátase esencialmente de contos «acumulativos» (cumulative Tales) e «revoltos» (catch Tales) nos que o relato non é máis ca un mero pretexto para a explicación do que se pretende.

Con esta delimitación avánzanse uns criterios para levar a cabo este segmento da nosa tradición oral con posibilidade de comparalo con outras. Desde o punto de vista práctico, esta organización temática proposta na obra proporciona esa posibilidade dun estudio comparativo dos etnotextos, aínda que non cabe dúbida que esa relación directa que hai entre os temas e os xéneros e o partir de que dita similitude de tema entrañe identidade de xénero é moi discutible. Non é necesariamente certo que teñan que estar correlacionados directamente o tema e o xénero e que un tema non poida alimenta-la súa temática en dous xéneros ó mesmo tempo. Como expresa Dan Ben Amos «mesmo no interior da tradición dunha cultura, o mesmo tema pode aparecer á vez en prosa e en poesía»³⁷ feito que xa temos comprobado cando estudiámo-lo tema do «abandono dos vellos por motivos de vellez»³⁸, que nos aparece tanto nos contos coma nas lendas e mesmo na literatura popular cantada. Son dos que pensan que non podemos illa-las formas folclóricas, e que os xéneros literarios deberemos fundamentalos máis na aproximación ca na diferenciación. Dito isto, e admitindo que a clasificación temática deste xénero literario segue supoñendo o recurso a procesos selectivos e que se trata dunha opción subxectiva máis, que ameaza sobre o plano persoal, cultural ou teórico a obxectividade do análise, tamén quero apuntar que a delimitación externa do xénero que presenta a citada aproximación temática segue a constituír polo momento a mellor delimitación externa do xénero da que dispoñemos nos estudos especializados do conto popular de tradición oral. É por isto que se pode aceptar como orientación a seguir por quen se propoña desenvolver unha nova aproximación temática ó tema.

³⁷ Ben Amos, D.: «Categories analytiques et genres populaires», en: *Poiétique*, Nº 19 (1974) 265-293. Páx. 268.

³⁸ Cfr. Fidalgo Santamarina, X.A.: «O tema do abandono dos vellos por motivos de vellez». *Actas do Congreso Límites da Galeguidade*. Consello da Cultura Galega. (En prensa).

II. DELIMITACIÓN DA ESTRUCTURA NARRATIVA DOS CONTOS DO LOBO NAS COLECCIÓN GALEGAS:

O paso dunha concepción nominalista a unha concepción realista do tema preséntanos unha dobre esixencia: Dun lado a de delimita-los principios básicos que rexen o discurso narrativo dos relatos, e doutro a de preguntarmos pola cuestión da universalidade das formas. Sería unha cuestión interesante a resolver a de se os contos populares de tradición oral que se poden recoller por Galicia, son parte do noso específico patrimonio cultural ou se transcenden calquera tradición folclórica local mostrando unhas cualidades inherentes da creatividade humana. ¿A temática que neles se atopa é propia do noso fondo histórico ou é intrínseca a toda tradición cultural? En principio, poderíase dicir que tanto podener parte da nosa tradición histórica como provir de fóra mediante os mecanismos de difusión cultural que afectan a tódalas culturas. Como ten expresado A. Dundes a este respecto, a «semellanza das formas narrativas pertencentes a unhas culturas tan afastadas unhas doutras como a dos eslavos e a dos Indios de América do Norte podería se-lo resultado tanto dunha difusión histórica ou de migracións de poboacións coma dunha creación independente». Pero en calquera caso imponse a tarefa de demostralo. Aquí vou reduci-la busca á clase dos Contos *do lobo*, pois non se atopa ningún principio que sexa aplicable a tódolos tipos de contos que entran nas coleccións galegas do xénero, polo que se precisa observar cada clase ou cada ciclo por separado. Limitarei os comentarios a aqueles contos recollidos persoalmente e ós que se atopan nas principais coleccións galegas do xénero, fixándome soamente nos que teñen como protagonista o lobo, por ser este un animal que deu lugar, xunto co raposo e outros moitos animais salvaxes e domésticos, a un importante conxunto de etnotextos que incluímos na clase dos *contos de animais de tradición oral*. Nas análises que se fagan deste segmento da literatura popular tamén se terá en conta algunha lenda, así como as pequenas historias sobre sucesos que lle acontecen ó home na relación que establece co lobo, case sempre de noite polas corredeiras escuras da Galicia campesiña. Pois ben, en base ós datos dos que dispoño paso a observa-la estrutura das principais series deste tipo de etnotextos e os principios sustentadores do discurso narrativo que presentan os mesmos.

A) Cara a unha estruturación dos relatos do lobo, das coleccións galegas

O lobo, subliña L. Prieto, «ocupa un lugar predominante na superstición e na literatura»³⁹. Cando o recolle a literatura narrativa do noso pobo, este personaxe é portador de dous caracteres básicos: O de ser salvaxe, depredador consumado e cruel; e o de ser un animal parvo e estúpido, que é continuamente

³⁹ Prieto Rodríguez, L.: «Notas etnográficas sobre los animales domésticos y salvajes de La Gudiña (Orense)», en: *Douro-Litoral*. Edición da Junta destrictal de Porto, 1949. Páx. 58.

engadado por calquera outro animal máis débil ca el. Estas dúas características que se transmiten a cotío nos contos do lobo, levaron a V. Risco a diferenciarlo «conto de lobos», propiamente dito, do apólogo no que figura o lobo, polo común, na compañía do raposo. De acordo con este investigador, mentres que no «apólogo» o lobo é burro, inocente, papaleisón, que sempre resulta enganado polo seu astuto compañeiro, o raposo, que se comprace en poñelo en ridículo, no «conto de lobos», é un ser temible, forte, poderoso, valente e digno inimigo do heroe da narración»⁴⁰. A idea da crueldade do lobo imponse sobre todo nos etnotextos que os tratadistas galegos do xénero cualifican de «sucedido», que veñen a ser contos do lobo adulterados polo propio narrador que lles atribúe un fondo real ó asignarlle-lo acontecido («sucedido») a algunha persoa coñecida. Nesta caste de contos, subliña o tamén ourensán L. Prieto, o lobo móstrase como un ser «poderoso e inimigo temible» do que os homes escapan subindo ás arbores, quedan sen voz e, algunhas veces, chegan a ser devorados polo animal. Pero o importante para o tema que nos ocupa é que a crueldade do animal vese sempre defraudada por non acadar os fins que con ela se propón. Incluso nos contos do lobo propiamente ditos, coma os contos da serie «o lobo, a cabra e os cabritos» nos que estes se deixan persuadir pola fera que os come no segundo ou terceiro intento de feiticaría (cfr. *Anexo*, conto nº 16)⁴², conclúe a narración coa posterior intervención da nai, a extracción dos cabritos e da morte do animal, e todo isto para non deixarnos sucumbir polas accións crueis desta común fera salvaxe.

No tocante ó outro aspecto de animal papaleisón e estúpido que presentan outras series de contos do lobo, son os que mellor se axustan ás regras concretas que subxacen a tódolos contos de animais, dos que os contos do lobo que conservamos forman parte. Mesmo se a tradición o achega tanto ó home que incluso lle atribúe a capacidade de falar e pensar coma os humanos, e incluso o chega a converter en home no senso que nos propón a versión do conto máxico «o home-lobo» tamén conservada como lenda do «lobis-home», a fera conservará as actitudes e os trazos propios do animal aínda que estea sometida ó home

⁴⁰ Risco, V.: «Creencias populares gallegas. El "Lobishome"». *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*. T.I, Cuadernos 3º y 4º (1945); páxs. 518-519. Ademais dos contos de animais e os «Apólogos», Risco distingue tamén o que chama «o sucedido» e o relato no que o narrador mistura unhas cousas con outras e coloca a personaxes reais (o pai cando era mozo, o fillo de fulano) no lugar dos heroes impersoais do conto (Cfr., o.c., páx. 519).

⁴¹ Cfr. Prieto Rodríguez, L.: «Notas etnográficas sobre los animales domésticos...», o.c., páxs. 60-61

⁴² Nesta versión que eu constato é ó segundo intento debido a que o contador fai unha síntese unindo a pasaxe da voz coa da pata. O etnotexto lémbromo-la versión do conto da Caperuchiña de Grimm no que as diferentes versións (Irmáns Grimm, Pierraut) tratan de explicar outro dobre contido do animal: Dunha parte un contido sexual (cama, ou o feito de que o lobo mande tirar á rapaza os vestidos ó chan, contido que deixa reflectido o conto na frase: «Aí ovelliña dame un biquiño por iste buraquiño»); e doutra parte o perigo que implica facer caso a calquera clase de xente.

aculturado, isto é, ó home que intervén sobre o animal cos adiantos que lle proporciona o seu sistema de cultura humana.

Convirá subliñar que aínda que aquí me limito ó estudio do ciclo de contos que se atopan espallados polo País Galego onde o personaxe principal, ou un dos personaxes principais é o lobo, os principios que aparecen sustentando a estrutura narrativa deste conxunto de relatos son válidos para todo o conxunto dos «contos de animais». De seguido constátanse os esquemas de funcionamento dos diferentes etnotextos dos que dispoñemos en Galicia sobre este animal salvaxe:

1º. *Versións da serie do Lobo e o Raposo*: Aquí podemos distinguir dous tipos de relatos:

a). *Aqueles nos que o raposo fai de padriño*: Son os contos que corresponden á serie de relatos sobre o lobo e o raposo que fai de padriño. O discurso narrativo destes contos funciona de acordo coa seguinte estrutura: O lobo e o raposo asócianse e compran ou descubren xuntos xa sexa unha colmea de mel⁴³, ou de manteiga que deciden comer. O raposo abandona tres veces o seu traballo para ir —pretende el— a tres bautizos. Á volta pregúntanlle polo nome do bautizado do que el é o padriño e o raposo inventa o que marca o grao de cumprimento da «feiticería»: «empeceina», «medieina», «acabeina» nalgunha versión⁴⁴, ou «empezado», «mediado», «rematado» noutras colleitas⁴⁵, e «empezadiño», «medianiño», «acabadiño» na levada a cabo por min (cfr. *Anexo*, conto nº 1), e incluso «empezadallo», «mediadallo», «acabadallo» na versión do conto que ofrecen M. Barrio e E. Arguindey⁴⁶ que tamén se reproduce ó final do traballo (Cfr. *Anexo*, conto nº 2). Cando o lobo lle propón ó raposo deixar de traballar e ir comer, constata que non queda nada. O raposo semella indignado e amáñase para probarlle ó desgraciado lobo que é el o enganado.

b). Dispoñemos tamén doutra serie de relatos baseados nun *conxunto de temas moitos deles xa tratados polos fabulistas*, cunha estrutura narrativa axustada a un mesmo esquema rixido, do seguinte tipo: *O lobo é enganado polo raposo co que fai de cotío confianza a pesar das crueis experiencias ás que é sometido*. Por citar só relatos recollidos por min, atopamos historias do lobo e a raposa nas leiras de patacas e de pan, (Cfr. *Anexo*, conto nº 3), do lobo e a raposa collendo peixes no río (Cfr. *Anexo*, conto nº 4), do lobo (ou león) que baixa ó pozo polo pedazo de carne (Cfr. *Anexo*, conto nº 5) ou de queixo (Cfr. *Anexo*,

⁴³ Cfr. Colexio Fingoy: *Contos populares de la provincia de Lugo*, conto nº 26, páxs. 42-43.

⁴⁴ Cfr. Centro de Estudios Fingoy: *Contos populares da provincia de Lugo*. Ed. Galaxia, Vigo, 1963. Conto nº 26, páx. 42.

⁴⁵ Ramos, A.: *El cuento folklórico. Una aproximación a su estudio*. Ed. Pliegos, Madrid, 1988. Páxs. 87-90, conto nº 5.

⁴⁶ Cfr. Barrio, M./Arguindey, E.: *Contos populares*. Editorial Galaxia, Vigo, 1988. Páxs. 14-15.

conto nº 13) e do lobo que se asocia coa raposa para rouba-la manteiga (Cfr. *Anexo*, conto nº 6); pero tamén se ofrecen relatos deste tipo noutras coleccións, como o conto que reproducimos da colección de A. Ramos (Cfr. *Anexo*, conto nº 14), e sobre todo os contos que recolle a colección *Contos populares da provincia de Lugo* desta serie do raposo e o lobo acusado de come-la cazola de graxa (conto nº 28, páx. 44), manteiga (conto nº 25, páx. 41 e conto nº 27 das páxs. 43-44, conto nº 30, páx. 46), o unto (conto nº 29 da páx. 45), ou o mel (conto nº 31 da páx. 47). En tódalas versións que integran a serie, os relatos rematan inmutablemente coa burla ó lobo e co triunfo da raposa que lle come ou foxe coa comida, e en varios mesmo periga a integridade física do noso heroe, chegando, incluso nalgún deles, a acadar-la morte como fatal consecuencia da feitoría da comadre raposa.

2º. O ciclo do lobo e dos animais domésticos:

Máis débiles e intelixentes có lobo son tamén os variados animais domésticos que entran como protagonistas nos demais contos populares de tradición oral. Os relatos que entran neste ciclo tamén se poden estruturar en varias series entre as que destacarei:

a) A cadea dos animais domésticos, co seguinte esquema básico que a sustenta, a saber: *o lobo, confrontado cunha presa que xa cre ter, vólvese moi sensible á piedade e acepta a condición, aparentemente anodina, formulada polo animal doméstico. Ó remate do relato o lobo, sempre tan famento, vese seriamente defraudado. A cotío a fera saca a conclusión da súa torpeza pero volvera a recuncar.* Algúns exemplos desta serie ofrécese na colección de *Contos populares da provincia de Lugo*, como o conto que se reproduce co título: «A cocha, os marraus e o lobo» (conto nº 79, páx. 87), e mesmo as dúas versións do conto: «o lobo e a ovella» (conto nº 71, páx. 84 para a versión A, e o conto nº 72, páx. 85, para a versión B). Tamén a versión do conto «O lobo e a vaca», que ofrece L. Carré en *Contos Populares da Galiza*⁴⁷, e o conto VIII da colección de A. Ramos⁴⁸.

b) *A serie do lobo, a cabra e os cabritos:* Na que o discurso narrativo se rexe polo esquema de desenvolvemento seguinte: *Unha cabra nai decide ausentarse e recoméndalles ós seus fillos que non le abran a porta ó lobo. Os cabritos despois de rechazalo dúas veces déixanse coller á terceira tentativa. A nai regresa e sorprende ó lobo, sácalle os fillos e mata ó lobo.* Un exemplo desta cadea é a versión que recollín co título: «O lobo e os sete cabritos» (cfr. *Anexo*, conto nº 16), do que tamén nos dá outra versión A. Ramos na súa citada obra.

⁴⁷ Cfr. Carre Alvarellos, L.: *Contos populares da Galiza*. Museo de Etnografía e Historia-Junta destral de Porto, Porto, 1968. Páx. 304.

⁴⁸ Cfr. Ramos, A.: *El cuento folklórico. Una aproximación...*, o.c., páxs. 92-95.

c) *A cadea do lobo e os animais de viaxe*: Nesta serie de contos, o discurso narrativo do relato discorre por unha serie de dous, tres ou catro animais domésticos de razas diferentes cazados na casa do lobo, que foxen da casa debido á súa idade, ou que van a Roma cumprir unha promesa. Esta vez o dono da casa, situada en pleno campo é o lobo, ou lobos, e os animais realizan un primeiro intento masivo de cazaren os lobos. Pero aqueles veñen e entón ten un ataque máis diferenciado, no que cada animal utiliza as súas particulares estratexias. Un exemplo que ilustra esta serie podería se-lo conto titulado: «O carneiro, o gato e os lobos» recompilado por terras da Gudiña (Ourense) (Cfr. *Anexo*, conto nº 7).

3º.- *A serie de contos do lobo e o home*: Na que se presenta ó home como o inimigo máis real de tódolos animais. Neste tipo de relatos o lobo vai ser obxecto de engano e de maltrato invariablemente polo home. A nosa tradición oral presenta dentro desta serie de contos, uns relatos de dous tipos:

a) *Lobo e raposo enganados polo home*: Nestes relatos o esquema narrativo que se segue é fundamentalmente este: *O lobo ó principio parece que ten vantaxe. O home axuda ó lobo (atrapado nalgún pozo, etc.) e en compensación o lobo promete non comelo. Unha vez libre o lobo rechaza mante-la súa promesa, pero, daquela, a raposa colócase ó lado do home e líbrao de ser comido; pero a raposa fai mal en pórse ó lado do home porque este móstrase malo e ingrato facéndolles unha e outra feitoría que vai incluso ata perdela vida.* Algúns expoñentes desta cadea constitúenos os contos: «O raposo e o labrego» de *Contos populares da provincia de Lugo*⁴⁹, e mesmo o conto da miña colección titulado: «O labrego a raposa e o Lobo» (Cfr. *Anexo*, conto nº 9).

b) *A cadea o lobo e o home (ferreiro, labrador, muiñeiro, cesteiro, cazador...)*: Nela séguese ilustrando a crueldade e ingratidade do home cos animais. Nos relatos aparecen varios animais en orde ascendente (por exemplo: unha lebre, un raposo, un lobo, ás veces un oso) que fan un pacto co home e proporcionánlle comida, pero todos serán enganados de forma crecente polo home (ferreiro, cesteiro, labrador, cazador, etc.). Outras veces o lobo pretende coñece-lo home, o que consegue sempre dun modo traumático para o lobo. Este esquema de desenvolvemento atopámolo, por exemplo, nos contos 47 ó 54 (páxs. 58-64) e no conto 57 (páx. 70-71) de *Contos populares da provincia de Lugo*. Tamén se pode incluír na serie o conto que ofrezco co título: «O lobo, o burro e o home» (Cfr. *Anexo*, conto nº 17).

Nas dúas series o lobo e a raposa saen vencidos ou malparados nas relacións que manteñen co home. O prototipo de home cruel é sobre todo o ferreiro, pero tamén o cazador de escopeta. Nin os vellos nin os nenos, nin mesmo as persoas

⁴⁹ Cfr. Centro de Estudios Fingoy: *Contos populares da provincia de Lugo*. o.c., páxs. 72-73, conto nº 60.

que exercen de xastres, carpinteiros, e algunha outra actividade non sedentaria, chegan a acadar na tradición oral galega a categoría de homes de verdade. Dos vellos dinnos que xa foron homes e dos nenos que aínda o han ser, como subliña o conto 17. Soamente os ferreiros, dedicados a facer e a arranxa-lo instrumental agrícola tradicional no seu obradoiro estable na aldea e en tanto que expoñente dun saber especializado considerado «duro» entre os demais campesiños por ter que manipular materias primas e ferramentas pesadas, e tamén o cazador en tanto que home destro no manexo das armas de fogo especializadas (escopeta) capaces de produciren a morte de tódalas especies, son presentados pola tradición oral como expoñentes de persoas adultas. Nalgúns contos populares de tradición oral estes dous tipos de homes contrapóñense a outros como os xastres e aínda os carpinteiros que, semellante ó que acontece cos vellos e nenos, nalgúns contos tampouco se chegan a considerar como uns verdadeiros homes.

B) Os principios da estrutura narrativa

Do conxunto de esquemas de desenvolvemento constatados os que aparecen axustados as tramas das diferentes versións dos contos do lobo recompilados e nas coleccións galegas en xeral, é posible extrae-lo seguinte esquema básico ó que aparece axustada a estrutura narrativa de todos eses relatos. Trátase dun esquema xeral, moi ríxido; dentro del cada un dos personaxe do conto limítase a cumprilo seu papel dun modo fixo de acordo co seguinte esquema de acción: dun lado aparece un animal *enganador* e doutro un animal *enganado*; este engano desenvólvese de maneira inmutable seguindo o seguinte sistema de oposición binaria: *O animal enganador é sempre un ser fisicamente débil pero intelectualmente dotado, mentres que o animal enganado é, pola contra, un ser forte pero parvo (imbécil, estúpido)*. A esta oposición fundamental váiselle engadir unha segunda oposición: *animal doméstico oposto a animal salvaxe*. Estrictamente adaptados a estes principios rectores da estrutura narrativa, pódese subliñar con Pairotas⁵⁰ que esta clase de contos de animais, dun lado denigran a forza bruta e a salvaxada e doutro valorizan a intelixencia e a domesticidade.

III. SOBRE O SIGNIFICADO DOS CONTOS DO LOBO:

É razoable pensar que os contos foron inventados cun fin determinado ademais do de divertir e entrete-lo auditorio. Comportan, polo tanto, un sentido e transmiten unha mensaxe que os propios narradores descoñecen. A cuestión está agora en atopar esa mensaxe e sentido asociados ó divertimento que producen e gracias ó que se conservan no medio onde se recollen. Pódese dicir, a este respecto, que os contos que comentamos son portadores duns elementos

⁵⁰ Cfr. Piarotas, M.: «Le loup dans le contes français», en: *Loup, qui es-tu?*. [Educes et Documents, Nº 11] Centre de Recherches Ethnologiques du Musée Alice Taverne, Ambierle, 1986. Páx. 27.

que corresponden a uns usos e a uns trazos específicos que lles imprime a sociedade pola que eles circulan. Estes diferentes relatos non serían comunicables ós demais membros da sociedade, nin lles dirían nada se non se apoiaran nun conxunto de supostos e de ideas compartidas polo colectivo de destinatarios. Entón, ¿De que ideas se trata?

En *primeiro lugar*, os contos recollidos constitúen un verdadeiro surtido de información sobre diferentes aspectos do noso sistema de cultura tradicional. Na súa tarefa de adaptárense ó colectivo receptor na trama dos contos os narradores van introducindo e recitando, unha e outra vez os nomes dos montes, bosques, camiños, as especies principais de flora autóctona (carballos, castiñeiros, salgueiros, loureiros, pereiras), de cultivos e especies cultivadas durante o ciclo agrícola anual (centeo, trigo, patacas, entre outros). Identifican as diferentes especies de fauna libre que vive no territorio (pegas, corvos, agás, carrizos...), aves de curral (galiñas, galos), animais salvaxes (osos, lobos, raposos, porcoteixos, serpes, lebres, coellos, serpes e demais especies que habitan nos montes), chegando nalgúns momentos a converterse nun problema para os nosos paisanos que se ven obrigados a organizarse para se defender deles; tamén aparecen nomeadas as diferentes especies de animais coidados e protexidos polo home no fogar como o can, o gato, o gando porcino (porcos grandes e pequenos), vacún (vacas e becerros), equino (burros, bestas, cabalos), lanar (cabras, cabritos, ovellas), as especies de peixe que habitan nos ríos pequenos e grandes de Galicia, etc. Pero tamén se atopan neles sobradas referencias ós grupos socioprofesionais que contemplan a sociedade como o mostra a mención que nos mesmos se fai de labradores e pastores, de ferreiros, carpinteiros, panadeiros, xastres, curas e outros profesionais; ás diferentes categorías de idade que establece a sociedade (nenos, mozos, vellos), todos eles colocados no lugar que lles corresponde dentro do desenvolvemento do relato. En principio, estas representacións xeográficas, zoolóxicas e sociais son necesarias para facer intelixibles os relatos, pero non cabe dúbida de que, asemade cumpren ese papel tamén desempeñan unha evidente función educativa, de transmisión de información sobre a estrutura do territorio e do modo de vida cotiá do grupo, no medio da sociedade campesiña ágrafa que os escoita. Vemos, polo tanto neles, en principio, unha evidente función pedagóxica.

Direi en *segundo lugar* que aínda que estes contos de animais que comentamos, e mesmo os nosos contos maravillosos e os outros, son unha *ficción* popular, trátase dunha ficción que se utiliza para producir uns resultados. Un deles pode ser este de proporcionarlle un conxunto de información sobre o entorno á poboación ágrafa campesiña que os escoita; pero pódense utilizar, tamén, para proxectar unha determinada situación económica ou social, ou ben para denuncialas. Esta idea de denuncia, aínda que sexa no universo da ficción literaria, porque na realidade non se pode, é a que se lle pode atribuír ás versións dos contos nas que o lobo se enfrenta ós animais e ó home; asústaos aínda que logo nunca lles gañe a partida. Neles o lobo aparece como o rei do medio natural

e de tódolos animais que o comparten con el, dun modo semellante a como o cacique veu sendo o rei do asentamento vilego e do colectivo de galegos que nel residen. A súa imaxe e rol dominante non poden ser gabados polos nosos paisanos e reaccionan baixo a forma de ficción literaria contra esta situación porque non se lles permite facelo de verdade. Desde este punto de vista pódense interpreta-las oposicións entre o lobo e o raposo e entre o lobo e os demais animais máis débiles ca el, como a que manteñen no sistema social os ricos e os pobres, os amos cos caseiros, os caciques cos campesiños. Do mesmo modo, a burla do lobo diante do raposo evoca, na sociedade rural, á do cura diante do sacristán, ou a do culto burgués diante do parvo do lugar. Mesmamente, así como o móbil das relacións do lobo coas demais especies animais é a fame sempre renovada e nunca satisfeita, tamén na nosa sociedade tradicional o foron as rendas e outros impostos que os campesiños deben a cotío satisfacer a burgueses e caciques. É evidente que os nosos paisanos temen ó lobo no mundo natural igual có cacique no social, e parece lóxico que nos relatos de tradición oral que circulan entre eles ámbolos dous personaxes entren como uns obxectos de burla e de divertimento, aínda que sexa soamente nese ámbito da pura ficción literaria convertida en mecanismo de liberación da sensación de perigo, de tensións e aínda de angustia que ás veces estes personaxes lles chegan a producir.

En *terceiro lugar*, como xa se constatou ó identifica-los principios sustentadores da estrutura narrativa, nos contos referidos tamén se aprecia un pretendido fin de inculcarlles unha "visión moral especial" ós membros da sociedade que os escoita e asimila. É sabido, en efecto, que na tradición cristiá occidental sempre houbo a tendencia de acudir ó lobo para utilizalo como un símbolo, senón do Demo polo menos do Inimigo cristián, é dicir, a encarnación do falso profeta, da herexía. Ó longo da tradición cristiá europea, tanto da católica coma da protestante, o lobo constituíu a encarnación do mal, da ameaza constante, moral ou física para a colectividade cristiá. Inimigo consumado, falso profeta e prototipo da falsidade e do engano, ó lobo oporáselle un año no que a mesma tradición encarna o bo profeta, isto é ó mesmo XesúsCristo. Con este vello suposto compartido pola cultura occidental, a literatura popular narrativa da que son partícipes os contos que comentamos, non ten outra saída que a de presentar este personaxe sempre submisivo e obediente a calquera outro animal que, como o raposo, urda unha «estraxia» determinada que conecte coas crenzas e coa relixión oficial. Non fará falta máis que evocar un acto de índole relixiosa para que o agnóstico lobo acceda compracido ós propósitos enganosos de calquera animal «católico», como nolo constatan as versións dos contos da serie: *o lobo e a raposa madriña*, na que esta idea de submisión e obediencia ás directrices da Igrexa católica atópanse aquí dunha forma clara e convincente.

En *cuarto lugar*, tamén nos relatos se transmite información importante sobre concretas e ambiguas actitudes que a xente pon en práctica a cotío na sociedade, e que impera en moitos comportamentos sociais dos cidadáns. A este respecto son interesantes as versións dos contos da serie *o lobo, a cabra e os*

cabritos. Se nos detemos a observa-la versión do conto recollida por min co título *O lobo e a ovella mai e filla*, apreciamos nela todo un capítulo sobre este tema da ambigüidade imperante nos comportamentos sociais da xente da sociedade. Certamente, nela subliñase como as actitudes de confianza e engano son dúas posturas que se presentan na práctica diaria da xente. Para superar estas situacións interesadas e de engado, aconséllannos que máis que amparámonos nas opinións da xente da rúa, o que se debe é facer caso ó asesoramento dos parentes máis achegados; tal é a lectura que se pode facer das diferentes versións deste relato de tradición oral.

En *quinto lugar* apréciase que os contos do lobo avogan todos eles pola primacía da liberdade sobre calquera outra aspiración social. Tal como se aprecia nos relatos, ó lobo gústalle a liberdade e de ningún modo quere ser domesticado. Este aspecto de defensa a ultranza da liberdade é unha constante en tódolos contos de animais. Vese como o lobo fracasa diante dos animais domésticos pero non aprende deles; el segue as súas leis e as súas normas. O lobo volve ó monte ó seu lugar e espacia naturais onde predominan as leis da natureza aínda non contaminada polas normas da sociedade. Semellante liberdade preferiraa, tamén, o rato do monte que non troca as propias carencias en liberdade natural pola comodidade do fogar condicionada á vixilancia do gato doméstico.

En *sexto lugar*, na serie de relatos examinados sobre o lobo e o home pódese apreciar un novo pretendido fin a conseguir. Trátase de *delimitar e explica-la condición humana no conxunto das demais especies e de inculca-la primacía do home e da conducta humana sobre os comportamentos das demais especies animais*. Esta idea da superioridade da especie humana sobre as especies animais é recordada continuamente por esta caste de contos que presentan o home respondendo á fidelidade animal con renovadas infidelidades. Tal superioridade preséntase e xustifícase neles por medio desa capacidade que se lle atribúe ó home de manexar instrumentos culturais (tenaces, escopetas, tambores, gaitas, etc.). Con respecto ós contos do lobo, en tódolos que enfrontan o home coa fera, a maior forza física que se lle atribúe ó animal polas potentes armas naturais que presenta aparece a cotío diminuída fronte á inxeñosidade humana⁵¹. Sabemos que na concepción hebrea do mundo, continuada no catolicismo occidental, Deus crea o home e os animais (salvaxes e domésticos); pero todos eles deberán permanecer sometidos ó home, que Deus presenta como o Rei da Creación e ó que tódolos animais deberán obedecer. Seguro que é esta idea base a que tratan de reflecti-los contos deste tipo, que conservamos

Subliñarei en *sétimo lugar*, que ó lobo, ó representa-lo *rei* dos nosos montes e o prototipo do poder sen control, por moitas comarcas de Galicia atribúeselle unhas propiedades transmisoras de enfermidades e de morte, que o converten

⁵¹ Tal como nos mostra o conto: «O gaitero e o lobo», recollido en Santa Baia (Carballedo), que se reproduce no traballo. (Cfr. Anexo, conto nº 12).

no animal máis temido: «O lobo —escribe L. Prieto— non cura as feridas lambéndoas como o can, porque ten veneno na punta da lingua e morrería envelenado»⁵², e as reses mordidas polo lobo tampouco se deben comer porque lles inxectou unha «enfermidade chamada lobado, da que dificilmente se salvan», que pode ser transmitida ás persas que as consuman⁵³. Doutro lado, aínda que existe o dito de que «un lobo non come a outro», durante os cruceiros de grandes e longas nevadas nos que o lobo sofre grandes fameas, polas terras da Gudiña —tal como informaron a L. Prieto—, «aparece unha vítima atácana e devórana en camaradería, pero dado o caso de que non apareza forman *circo*, e dicir, andan en circo, axexándose uns ós outros ata que o máis débil caia, momento que aproveitan os compañeiros para lanzarse sobre el; e algo parecido pode ocorrer incluso co home pois, se ben e tal como me informaron por Santiago de Paradela (Curtis): «se oes que un lobo comeu a un home non o creas porque é falso, pero si oes que unha manada de lobos comeron un home, podes crelo porque é verdade»⁵⁴, o que ven a reafirma-la sensación de medo e de angustia dos cidadáns actuais ante a proximidade da mítica fera.

Aparece, en *oitavo lugar*, un intento de supera-la oposición natureza/cultura que presentan os contos da serie o home e o lobo. Esta clara oposición é superada pola cultura popular coa axuda doutros relatos sobre os «*peeiros dos lobos*», é dicir, os relatos sobre un home ou unha muller que se acompañan dos lobos, que anda con eles, ó pé deles. Esta cooperación entre o animal salvaxe (a natureza) e o home (a cultura) ven a simboliza-lo desexo de integración e de harmonía coa natureza. A tradición oral preséntanos narracións que nos refiren casos da existencia de «*peeiros*» e «*peeiras*» dos lobos, que case sempre os presenta como mozos e mozas novos que van ó monte, xúntanse cos lobos, viven con eles, son amigos deles, aliméntanse do que os lobos lles dan e, xeralmente, son os seus xefes que entenden a linguaxe dos lobos e estes a súa. Por medio dese dominio que teñen sobre os lobos estes «*peeiros dos lobos*», rapaz ou rapaza, salvan a outras persoas das acometidas dos lobos, obrigan a estes a acompañalas e custodialas reservándoas de todo mal ou dano. O investigador V. Risco ofrécenos unha destas narracións⁵⁵ na que se mostra esta harmonía de ámbalas naturezas: animal e humana a través dunha heroína *peeira de lobos* que vivía nunha cova dun monte lucense, harmonía que soamente a rompe a cultura cando

⁵² Prieto Rodríguez, L.: «Notas etnográficas sobre animais domésticos y salvajes de La Gudiña (Orense)», en: *Douro-Litoral*. o.c., páx. 58.

⁵³ Cfr. Prieto Rodríguez, L.: «Notas etnográficas sobre os animais domésticos e salvaxes...», o.c., páx. 58

⁵⁴ Información proporcionada por D. Leonardo Sánchez Tizón. Pedraporral (Paradela-Curtis, A Coruña). 25-VIII-1992.

⁵⁵ Cfr. Risco, V.: «Creencias populares gallegas». El «lobishome», en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. o.c., páxs. 531-532.

non é fiel ó pacto (crebado na narración polo protexido no intre de rompe-lo segredo).

En *noveno lugar* consta nos relatos recollidos de historias pseudorreais sobre a fera, que ó lobo atribúeselle unha especie de circo ou forza misteriosa, é dicir, un *mana*. Del flúe un aire que o corpo humano capta para detecta-la súa proximidade, aínda que non se vexa, e que chega a producirles rouquén, que nalgúns casos chega a deixa-los homes sen voz («o lobo tolle a fala» expresa V. Risco nun traballo sobre o «Lobishome»⁵⁶, que ás veces non volve ata pasados uns tres días. Esta capacidade especial da que dispón o lobo tamén chega a producir que ás persoas que camiñan cerca del se lles arrepíen os pelos ata pórse de punta. Estas capacidades especiais que a cultura popular lle atribúe ó lobo son difíciles de explicar por canto na nosa tradición oral e escrita non atopamos ningunha explicación satisfactoria. Podería tratarse dun arquetipo incrustado na «alma» da humanidade. Agora ben, todas estas sensacións especiais prodúceas o lobo nun espazo territorial natural, salvaxe, marxinal, alleo á civilización; xa sexa nun camiño arredado e antes da entrada da xente nos asentamentos poboados. A sensación de medo máis intensa no momento en que o lobo entende que a presa (home, muller, vello, mozo) lle vai escapar por estar chegando ó poboado, á casa, é dicir, por estar entrando na «civilización». É así que soamente os seres socializados, culturizados, cristianizados, domesticados, podemos vencellos diferentes inimigos que se presenten no ámbito da natureza salvaxe, e, mesmo, da herexía e das crenzas non cristiás.

En *décimo lugar* nos contos observados aparecen outras mensaxes e ideas que igualmente se pretende difundir. Refírome ás nocións de Ben e de Mal, á de marxinação social, e mesmo á do poder das maldicións feitas polos familiares maiores, entre outras. Na súa obra *A volta dos lobos* (1990), Guilles Ragace presenta o animal nunha constante interacción co home occidental, para quen foi desde unha divindade guerreira e protectora, un signo de luz ou de fertilidade, ata a mesma encarnación do mal. Destinado a ser un servo do home na tradición cristiá, no repaso que o autor fai das relacións que o animal mantén co home ó longo dos dous mil anos de tradición cristiá, o lobo construíu un símbolo preferido para representar unhas veces o mesmo Demo, ou o «Inimigo», o falso profeta, a herexía, é dicir, ó «Mal» por excelencia, por contraposición ó «año» que en canto animal doméstico veu sendo utilizado na tradición cristiá para simboliza-lo «Amigo» auténtico, o ben por antonomasia. Isto é, a XesúsCristo. Doutra parte, esta idea de animal perigoso para o entorno, a de lobo herético, asocial e mal cristián, e de perenne ameaza tanto física como moral para o «rabaño», vai contribuír ó establecemento desas relacións sempre difíciles que o lobo mantén co home ó longo da historia do Cristianismo occidental das que

⁵⁶ Risco, V.: «Creencias populares gallegas. El "Lobishome"», en: *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*. Tomo I, Cuadernos 3º y 4º, Madrid, 1945. Páx. 520.

aínda non se ten librado, e que aparecen reflectidas nos contos. Desde moi antigo, o lobo preséntase como un medio para difundir ideas deste tipo ocupando por este motivo un lugar destacado nas campiñas espalladas pola xeografía do mundo occidental, e nas mentes das persoas que as poboaron desde os tempos máis remotos. Grande depredador dos rabaños e omnipresente nas campiñas europeas, o lobo aparece nas culturas indoeuropeas como un animal respectado e temido, circunstancia que favorecerá a elaboración destas variadas historias, nas que se proxectan desde os temores e as angustias humanas máis ancestrais, ata un acusado papel civilizador. Pola súa presenza abondosa desde os tempos máis antigos no mundo rural europeo, o lobo entrou moi axiña no ámbito da literatura popular dos pobos de Europa. Gracias sobre todo ás fábulas do grego Esopo e do romano Fedro, logo aparece transformado nun personaxe literario de primeira orde que serviu a estes autores para transmitir dunha forma lúdica e admitida polas súas sociedades, a propia crítica social ou moral. Do mesmo xeito, as persoas adultas e os educadores de tódolos tempos viron neste personaxe do «malvado lobo», dos relatos de tradición oral, un grande auxiliar para a educación das novas xeracións que se incorporan á sociedade naqueles valores nos que se queren introducir. Os contos do lobo, e mesmo o personaxe real, son vistos polos educadores como «un medio entre outros de inculcar un código moral ou de poñer en garda os rapaces contra os perigos da vida»⁵⁷, pero tamén como un mecanismo para elimina-las tensións sociais e as angustias persoais. Subliñando a súa simpleza antes da total degradación nas relacións sempre difíciles que establecerá cos demais animais máis débiles ca el, ou co propio home, a sociedade campesiña europea en xeral, e a galega en específico, sairá a cotío vencedora e airosa.

Como remate deste comentario analítico farei unha referencia, en *décimo primeiro lugar*, ó sentido que presentan as lendas e outros textos dispoñibles da mitoloxía antiga que tamén se refiren a este animal. Polo que respecta a Europa, é coñecida de todos a lenda que nos presenta a existencia de Roma moi relacionada cunha loba, que recolleu e amamantou a Rómulo e Remo, fillos da vestal Rhea Silvia e do deus Mars que tomara a forma dun lobo; e tamén sabemos que en Grecia o lobo foi consagrado a Apolo, o deus da beleza e tamén deus protector dos rabaños. Nun estudio de Mirelle Piarotas titulado «O lobo nos contos franceses», di a autora que nos tempos antigos o lobo ocupa un lugar de privilexio, precisamente porque estaba estreitamente ligado ós deuses. Na tradición exipcia o deus lobo era Osiris, deus guerreiro e deus dos mortos, o que remite sen dúbida ó carácter depredador do mítico animal. De igual modo, nas tradicións escandinavas e xermánicas, o lobo estaba continuamente presente e era o fiel compañeiro do deus dos guerreiros Wotan, (ou Odhin), dedicado a recolle-los mortos sobre o campo da batalla. Pero este animal ancestral así

⁵⁷ Ragache, G.: *Le retour des loups*. Editions Ramsay, París, 1990; páx. 133.

concebido como un compañeiro dos deuses, tampouco renega dos vagabundos e dos fóra da lei ós que tamén se ten asimilado nas crenzas e mentalidade popular dos pobos antigos, pois outra das características que se lle atribúe neste ámbito dos mitos e crenzas dos pobos máis antigos é, precisamente, esta de ser conductor dos fuxitivos e guía dos que se desprazan dun lugar a outro. Tal como sinala Piarotas no citado traballo⁵⁸, tódolos desprazamentos das poboacións antigas eran guiados xeralmente por un deus animal, xeralmente un lobo ou un touro, e, en Roma, de acordo con G. Ragache, o lobo constituíu xunto co xabaríl e co cabalo, «unha das insignias das lexións romanas antes da imposición da aguiá»⁵⁹ como insignia guía dos exércitos romanos. Este trazo, engadido ó papel de depredador e de recolledor de mortos no campo da batalla que tamén se lle dá, converte o lobo nun verdadeiro conductor dunha vida á outra ou mesmo nun símbolo da morte derivado do seu carácter combativo e guerreiro, destructor, depredador e consumado carniceiro. Esta idea de guía e de medio conductor dun estado a outro, e de reproductor de crenzas ancestrais tamén parece se-lo que tentan representalos relatos, (transmitidos en forma de conto, ou de lenda) do «lobishome». Nalgún destes relatos recollidos pola terra ourensá, o lobo non se contenta con ser un animal e convértese en home; pero cando ocorre isto, como acontece na lenda «O lobishome» á que V. Risco lle dedicou un interesante estudio, parece que o que se pretende é saír da animalidade librándose de todo ese amplo abano de trazos que aparecen asociados ó mundo non civilizado, maldito ou non asumido pola civilización e cultura oficiais. A crenza, popularmente admitida, nestes «homes-lobo» (Cfr. *Anexo*, contos nº 10 e 11) ou «lobishome» de lenda, non é propia dun lugar determinado, nin parece ter lugar en tal ou tal época concreta, por máis que o abade A Trin insista en que a súa orixe «se atopa na pel dun lobo que servía de vestimenta a certos pobos primitivos»⁶⁰. En realidade esta crenza no «lobishome» atopámola nos tempos máis antigos e perpetúase baixo formas máis ou menos diversas entre case tódalas nacións europeas. Pódese considerar como unha desas ideas comúns, case instintivas, que elaboran os homes por tódalas partes onde se atopan e viven en espazos habitados por lobos. Pretender localizala nun pobo primitivo ou moderno ou, como sinala Bourquelot, «querela relacionar cos Gregos ou cos Romanos, cos Galos ou cos Escandinavos, sería caer nunhas delimitacións erróneas porque estas serían exclusivas. O máis sabio segundo nós é aceptar na súa xeneralidade os feitos que dá a historia e admitir para as tradicións humanas certas formas fatais que as nacións aceptan

⁵⁸ Cfr. Piarotas, M.: «le loup dans le contes françaises». *Loup, qui es-tu?*. Etudes et Documents, nº 11. Centre de Recherches Ethnologiques du Musée alicé Taverne, Ambierle, 1986. Páx. 17-35, e especialmente as páxinas 18 e 19.

⁵⁹ Ragache, G.: *Le retour des Loups*. E. Ramsay, París, 1990; páx. 37.

⁶⁰ Texto extraído de Ménatory, G.: *La vie des loups. Du mythe à la réalité*. Éditions Stock, s./l., 1990. Pax. 151.

e que se transmiten sen que pareza que xamais foron inventadas»⁶¹. Aínda que podemos acepta-la cita como válida, tamén se pode admitir como certo que, por medio destas versións do tema que no noso pobo se transmitiron baixo a modalidade de lenda, conto ou de sucedido, se reproduce e perdura a crenza no poder das *maldicións* dadas polos maiores e a angustia que tal maldición ocasiona entre aqueles que comparten estas crenzas. O lobo (bruxo, malvado, malfeitor, culpable, indigno, abandonado pola sociedade) non retoma a configuración humana ata que non se esconxure e se anule cos procedementos culturais adecuados o poder da maldición á que esta sometido.

⁶¹ Citado de Belmont, N.: «Croyances populaires et légendes. A propos d'un dossier inédit d'Arnold Van Gennep sur les êtres fantastiques dans le folklore français», en: *Le Monde Alpin et Rhodanien*. Centre Alpien et Rhodanien d'Ethnologie, Année 1982. Páx. 217.

ANEXO

Transcripción dos contos citados no texto

CONTO Nº 1: *O LOBO E O RAPOSO*:

Un día o lobo e mailo raposo foron cavar ó monte, e levaron unha ola de mel para comer ó remata-lo traballo. Cando se puxeron a traballar díxolle o raposo ó lobo:

– ¡Oes oh!, chamáronme para asistir a un bautizo.

– Pois se te chamaron vai, díxolle o lobo.

O lobo quedou cavando mentres o raposo en vez de ir ó bautizo foise come-lo mel, xa que o bautizo era unha mentira. Cando voltou ó traballo preguntou o lobo:

– ¡Eh, oh!, ¿e logo como lle puxeron?.

– Empezadiño, —contestoulle o raposo—.

Continuaron traballando, e dentro dun cacho volveulle a dici-lo raposo:

– ¡Oes oh!, viñéronme chamar para outro bautizo.

– Pois se te chamaron vai, volveu contesta-lo lobo.

Entón o raposo volveu comer outro chisco de mel e cando regresou ó traballo o lobo preguntoulle:

– ¡Eh, oh!, e logo, ¿como lle puxestes?.

– Medianiño, díxolle o raposo.

Seguiron cavando de novo pero o nugallán do raposo volveulle dicir ó lobo:

– ¿Sabes oh?, viñéronme chamar para outro bautizo.

– Pois non os fagas esperar, contestoulle o lobo.

E o raposo foi outra vez todo contento a come-lo mel ata que o rematou. Cando volveu o lobo díxolle:

– ¡Eh, oh!. ¿E logo agora como lle puxeron?.

– Acabadiño, contestoulle o raposo.

Cando acabaron de traballar marcharon os dous a come-lo mel, pero atoparon a ola do mel baleira. Entón o raposo díxolle ó lobo:

– ¡Hai condenado, lambón!, e comíchelo mentres eu fun ós bautizos.

– ¡Diso nada larpeiro!. Fuches ti quen viñeches cando dixeches que ías ós bautizos.

– Pois, imos face-lo seguinte, contestoulle o raposo. Deitémonos a ver a quen lle súa o traseiro; porque ó que lle súa o traseiro foi quen comeu o mel.

E deitáronse os dous, pero como o lobo estaba moi canso de traballar, quedou durmido de contado. Ó ver que durmía foi o raposo mexarlle no traseiro ó lobo, e despois de mexalo espertouno e díxolle:

– ¡Eh, oh!, mira a quen lle súa o traseiro.

E así foi como logrou enganalo.

[Contado por D. Benito Blanco; Santa Cristina de Vilariño (Pereiro de Aguiar). Ano 1985].

CONTO Nº 2: *OS BAUTIZOS DA RAPOSA.*

Un ano de moitas neves tanto a raposa como o lobo pasaron fames moi grandes. E, falando delas, un día dixo a raposa:

– Compadre, o mellor que podemos facer é cavar unha rozada para ver se collemos pan para o gasto. Así, polo menos non morreremos de fame.

– Moi ben pensado, comadre, máis ¿que imos comer mentres andamos traballando?.

– Eso amañámolo moi ben. Cebamos un cocho e así que o matemos emprincipiámola rozada. E cebaron o cocho, matárono e enterrárono para que ninguén o vise, pero deixándolle o rabo por fóra, de sinal, non sendo que despois non souberan ben do sitio.

Puxéronse a cavar: o lobo puña todo canto tiña e sacaba moi boa xeira, máis a raposa, levando unha uciña de aquí para alí ou tirando da raíz dun fento, facía que facía e non facía nada. E aínda fixo máis pois, como é tan astuta, en canto lle deu a fame díxolle ó lobo:

– ¡Escoite, compadre!. Parece que me chaman.

E poñendo unha man na orella como se fose para oír mellor, engadiu:

– ¡Ai, é vostede, comadre!. ¡Agora vou!. ¡Agora vou!.

E díxolle ó lobo:

– É unha comadre miña que me chama para que lle sexa madriña dun fillo que tivo. Xa ve, compadre, que non lle podo faltar, con que vou alá e logo veño.

– Pois vaia, comadre, vaia, que é unha obra de caridade.

Marchou a raposa dereita ó cocho e colleu unha boa fartura. Deitouse un pouco e, ó que lle pareceu, voltou para onde seu compadre o lobo, dicíndolle:

– ¡Ai, que cansa veño!. Canto un ten que padecer neste mundo polos seus.

– E logo, ¿como lle puxo ó rapaz?, preguntoulle o lobo.

– Púxenlle «Empezadallo».

– Pois é un nome moi bonito.

Puxéronse a cavar outra vez e o pobre lobo, que tiraba polo legón todo o que podía, sentiuse canso e díxolle á raposa:

– Comadre, podíamos comer un anaco de cocho...

– Non, eso non pode ser. Se fartámo-la barriga despois non temos ganas de cavar. É mellor acaba-la rozada e despois fartarnos ben.

Seguiron cavando e, de alí a un pouco, fixo a raposa coma se volveran chamar por ela para bautizar outro pequeno. Marchou dereitiña ó cocho e colleu outra farta tan grande como a primeira e durmiu un bó pedazo.

Dende que espertou, voltou para onde o lobo, dicindo:

– É unha desgracia ser tan caritativa. ¡Veño que non me teño!. Tiven que ir moito máis lonxe cá da outra vez.

– Pois descanse un pouco, comadre. E, ¿como lle puxo ó pequeno?.

– Púxenlle «Mediadallo».

– Pois aínda me gusta máis ese nome có outro.

Pola media tarde, outra vez fixo a raposa que chamaban por ela para bautizar outro rapaz, pero o que fixo foi ir acabar de come-lo cocho.

Cando durmiu dabondo, volveu para onde o lobo que lle preguntou:

– ¿Como lle puxo ó rapaz, comadre?.

– Pois como foi o último, púxenlle «Acabadallo».

Deron o traballo por rematado e foron come-lo cocho. _chegaren onda el dixo a raposa:

– Vostede que ten máis forza, tire polo rabo, compadre.

O lobo deu un tirón e marchou de cu para atrás, dicindo:

– Tanto tirei que lle arrinqueei o rabo.

Puxéronse a escarbar, mais o cocho non aparecía e puxéronse a rifar. O lobo botáballe as culpas á raposa dicindo que comera o cocho cando fora ós bautizos. A raposa disculpábase co lobo dicindo que el, como era un larpeiro, aproveitara a ocasión de quedar só para comelo.

Por fin a raposa puxo fin á cuestión dicindo:

– Aquí non hai que discutir máis. Para sabérmo-la verdade, ímonos deitar e, ó primeiro que lle súa a barriga, aquel foi o que comeu o cocho.

– Xa está, dixo o lobo, que tiña a conciencia moi tranquila.

Mais, velái o que aconteceu: o pobre do lobo como estaba farto de traballar, en canto se deitou xa quedou durmido, roncando coma un crego en día de festa, pero a lista da raposa, como estaba ben descansada e farta de durmir, non pechou os ollos. Cando lle pareceu, ergeuse moi amodiño e foi e mexoulle na barriga ó lobo, e despois volveuse a deitar coma se nada fora. Máis tarde fixo como se espertara entón, facendo moito barullo ó espreguizarse para que tamén espertase ó lobo. Daquela, ergeuse e foi onda o lobo e díxolle:

– ¡Foi vostede quen comeu o cocho, compadre!. Mire como ten a barriga toda suada.

Entón o lobo, cando viu que tiña a barriga mollada, díxolle á raposa:

– E máis comín, ho, pero foi sen me dar conta.

[Recollido de BARRIO, M./HARGUINDEY, E:
Contos populares. Galaxia. Vigo, 1988. Páx. 14-15].

CONTO Nº 3: *O LOBO E O RAPOSO NA LEIRA DAS PATACAS.*

Dunha vez saíron xuntos o lobo e o raposo a buscar comida. Chegaron a unha leira de patacas e o raposo díxolle ó lobo:

– Ti comes da terra para riba e eu da terra para abaixo.

O raposo fartouse de comer patacas e o lobo cando estaba farto da rama díxolle:

– Pero ti enganáchesme.

Entón o raposo levouno a unha terra de centeo e díxolle:

– Bueno, pois agora para que non rifes, ti come da terra para baixo e eu da terra para riba.

E foi así como o raposo conseguiu enganar outra vez ó lobo.

[Contado por Don Alexandre. Sta. María de Vilar de Vacas (Cartelle). Ano 1985].

CONTO Nº 4: *O LOBO E A RAPOSA COLLENDO PEIXE NO RÍO.*

Unha vez era un lobo e unha raposa que eran moi amigos. E entón a raposa díxolle ó lobo:

– Oíches, ¿imos ós peixes ó río?.

– Pois vamos, contestou o lobo.

Entón foron e cunha cesta puxéronse a colle-los peixes. Entón a raposa díxolle ó lobo:

– É mellor que atémo-la cesta ó teu rabo porque é grande e os peixes que vaíamos atopando vounos botando eu na cesta.

– Bueno, xa está, ata logo, —dixo o lobo.

Pero a raposa tódolos peixes que atopaba íaos comendo a as pedras botábaas na cesta. Chegou un momento que a cesta estaba tan chea de pedras que o lobo non se podía mover. Entón o lobo dixo:

– E moito pesan os peixes, moi grandes deben ser.

– E que son moi grandes, —respondeu a raposa.

Nestes intres ela saíu do río e comezou a chamar ós veciños dicíndolles:

– “Vecinos; que haceis, que pensais, el lobo está comiendo vuestros peces en el río”.

Entón os veciños foron alí todos correndo e mataron o lobo.

[Contado por Dona Xusta. Sta. María de Vilar de Vacas (Cartelle). Ano 1985].

CONTO Nº 5: *O LOBO E A RAPOSA COLLENDO A CARNE DO POZO.*

O lobo e a raposa foron a un pozo onde había un trozo de carne. Entón o lobo díxolle á raposa:

– Baixa e colle a carne.

– Eu non baixo, baixa ti, —díxolle a raposa.

Foi o lobo, baixou ó pozo e comeu a carne. Despois que acabou díxolle á raposa:

– Dáme unha man que vou subir.

Entón a raposa respondeu:

– Se foses honrado como es bárbaro mirába-la saída antes da entrada.

E o lobo non puido saír e quedou no pozo ata que morreu alí.

[Contado por Dna. Xusta. Santa María de Vilar de Vacas (Cartelle). Ano 1985].

CONTO Nº 6: *O LOBO E A RAPOSA ASÓCIANSE PARA ROUBA-LA MANTEIGA E O AÑO.*

Unha vez eran un lobo e unha raposa que formaban un matrimonio. _raposa chamábanlle María e era máis fina, mentres que o lobo era máis bruto e máis burro.

Como tiñan fame e querían comer, sortearon a ver quen ía rouba-la manteiga e quen o año. A raposa, que era máis lista, dixo que ela ía rouba-la manteiga. E o lobo, que era máis forte, mandouno rouba-lo año.

A raposa conseguiu rouba-la manteiga entrando polo buraco do gato; colleu a manteiga e todo lle saíu ben. Pero o lobo, ó abri-la porta do curral para colle-lo año, foi un can grande e trabouno no rabo.

Cando volveron os dous ó monte, díxolle a raposo ó lobo:

– Deitate a durmir ó sol mentres preparo a manteiga para comela.

Pero a raposa en lugar de prepara-la manteiga puxo a ferver unha tarteira de auga, e mentres quecía a auga comeu a manteiga. Despois, cando o lobo xa estaba roncando ó sol, a raposa colleu a auga fervendo e ceiboulla polo lombo ó lobo. A auga levoulle todo o pelo ó lobo; só lle quedou o da cabeza e o das patas. O nota-la auga o lobo saíu correndo e outra raposa que pasaba por alí preguntoulle á raposa María:

– Oíche María, ¿quen é aquel cabaleiro que nas mans leva luvas e na cabeza un sombreiro?.

[Contado por Don Benito Blanco. Santa Cristina de Vilariño (Pereiro de Aguiar). Ano 1985]

CONTO Nº 7: *O CARNEIRO, O GATO E OS LOBOS.*

Unha vez eran un carneiro, un gato e mais uns lobos. O carneiro saltou á horta e comeu tódalas coias, polo que tivo que confesarse e o cura díxolle que era moito pecado, e deulle de penitencia que tiña que ir a Roma, á terra dos lobos. O carneiro díxolle:

– ¡Ai, por Deus señor cura!, eu non podo ir que teño moito medo, e ademais ¡é tan lonxe!.

– Pois tés que ir, senón non che perdoa Deus, —contestoulle o cura.

– Pois logo irei, —respondeu o carneiro.

O gato tamén saltou a un canizo e comeu os chourizos todos; só deixou a metade dun, e tamén se tivo que confesar, e o cura deulle de penitencia a mesmo ca ó carneiro. E o gato díxolle:

– ¿Pero como vou facer eu, tan pequeniño, sen sabe-lo camiño...?

– Pois tés que ir senón non che perdoa Deus, —contestoulle o cura.

– Pois logo terei que ir, —respondeu o gato.

O carneiro e mailo gato atopáronse no camiño, e entón díxolle o carneiro ó gato:

– E logo, ¿para onde vas?.

– Eu vou a Roma, ¿e ti?.

– Pois eu tamén.

– Logo entre os dous xa non temos medo.

E foron andando e, a pouco de camiño, encontráronse co lobo. Este díxolles:

– ¿Para onde ides?.

– Imos a Roma.

– Pois eu vouvos comer.

– ¡Ai, por Deus!, non nos comas que temos moito medo, e vains doer moito.

– Pois eu vouvos comer que teño moita fame, —respondéulle-lo lobo.

Vendo que o lobo seguía pensando en comelos, o carneiro díxolle:

– Para non senti-la morte ti poste na punta dun penedo cos ollos cerrados, a boca aberta, e o cu para abaixo; así nós imos correndo e metémonos dentro da túa boca.

O lobo foi tan listo que se puxo na punta dun penedo así tal como llo dixeron. O carneiro foi correndo e deulle unha topeñada que o tirou do penedo abaixo e matouse. Despois o gato coas patas arrebuñaballe o pescozo, e o carneiro, a bocados, sacáballe a cabeza, metendoa dentro dun saquiño que levaban. Chegaron á casa duns lobos e petaron na porta:

– ¿Quen?.

– Somos nós.

– Pasen, pasen, —responderon.

O pasar preguntáronlles se querían comer, que eles estaban comendo carne. O carneiro e o gato díxeronlles que non, que xa estaban fartos e que levaban carne eles; sacaron a cabeza do saco e ensináronllela ata dezanove veces. Os lobos, que eran dezaioito, dixeron:

¡Ai, somos perdidos!; xa mataron dezanove o nós somos dezaioito, a nós vannos matar tamén. Foron ceando e marcharon, qudando sós na cociña o «lanudo» e o «pequerrecho» tal como lle chaman os lobos.

Os lobos viñan guixar por debaixo da porta a ver se aínda estaban; pero eles non marchaban porque tamén lles tiñan medo ós lobos. Entón veu un lobo mirar e viuunos co que correu a decirlles ós outros:

– Pois non podemos ir que aínda estan.

Despois mandaron mirar a outro e veu o «pequerrecho», que estaba cas patañas lavando a cara, e o “lanudo”, que estaba topeñando co sono. _ ver esto o lobo foilles dicir ós compañeiros:

¡Ai, somos perdidos!, o «pequerrecho» di que nos vai afeitar e o «lanudo» dí que si. ¡Ai, non podemos perder que somos perdidos!

Deica un pouco volveron guichar. O gato e o carneiro subiron ó canizo porque tiñan medo de que os comeran os lobos. Veu un dos lobos mirar por debaixo da porta e non os viu; entón foi correndo dicirlles ós outros:

– Vamos, xa podemos entrar que xa se foron.

Entraron na cociña moi contentos e entón ó gato deulle a gana de mexar e díxolle ó carneiro:

– ¿E agora como vou facer pra mexar?, porque se mexo cáeme a baixo e séntennos eles e cómennos.

– Pois mexa pola miña la, e así non che cae abaixo —díxolle o carneiro.

O gato mexou así; pero despois ó carneiro tamén lle deu ganas de mexar e preguntoulle ó gato como facer. O gato respondeulle:

– Poste de patas pra riba e tamén mexas pola túa la.

E así o fixo, pero caeu pola trapela abaixo enriba dos lobos. Entonces empezaron a correr, a correr, e os lobos non volveron á cociña.

[Contado por Dona María Iglesias. Santiago de Carracedo (A Gudiña). Ano 1985].

CONTO Nº 8: *O MUIÑEIRO QUE ATOPA O LOBO E OUTROS ANIMAIS*

Era unha vez un muiñeiro que ía para o muíño e atopou o lobo. O lobo chegouse a el e díxolle:

- Muiñeiro, ¿onde vas?.
- Para o muíño, —dixo o muiñeiro.
- ¿Quéresme levar contigo?, —dixo o lobo.
- Pois ven, logo, —respondeulle.
- E, ¿que levas de comer?.
- Pan e viño.

Entón foron indo e ó chegar ó muíño díxolle o lobo:

- ¿Que facemos agora?.
- Ti vai roubar un carneiro, dixo o muiñeiro.
- ¿E despois?.
- Despois, xa veremos, —replicou o muiñeiro.

O lobo marchou rouba-lo carneiro e cando volveu díxolle o muiñeiro:

- Deixao aí que ves molladiño. Vaite deitar á cociña e sécate arredor do lar.

O lobo así o fixo e cando estaba durmido, o muiñeiro colleu un ferro, roxeouno no lume e así roxo meteullo ó lobo polo traseiro arriba. Cando o lobo sentiu o ferro, ¡patañas que te quero!, botou a correr e non volveu máis.

O muiñeiro seguíu camiñando e atopou ó oso.

- Muiñeiro, ¿vas para o muíño?, —preguntoulle o oso.
- Vou.
- ¿Quéresme levar contigo?.
- Ven home, ven logo.
- ¿Que levas de comer?.
- Pan e viño.

Cando chegaron ó muíño díxolle o oso:

- ¿Que facemos agora?.
- Ti vai roubar unha colmea de mel, —dixo o muiñeiro.

Cando voltou o oso puxéronse a fender leña, e o oso preguntou:

- ¿Que cuña lle meto?.
- Mételle unha pataña verás que ven che sae, —díxolle o muiñeiro.

Pero o oso ó ver o que lle quería facer botou a correr, fuxiu e non volveu máis.

Seguíu andando o muiñeiro e atopou a lebre, e a lebre díxolle:

- Muiñeiro, ¿para onde vas?.
- Para o muíño.
- ¿Que levas de comer?.

- Pan e viño.
- ¿Quéresme levar contigo?.
- Ven, muller, ven.
- Ó chegar díxolle a lebre:
- ¿Que facemos agora?.
- Vai busca-las verzas.
- ¿E despois?.
- Xa cho direi.

Cando o lebre chegou coas verzas, díxolle o muiñeiro:

- Levanta esa tapa da artesa e botaas aí.

A lebre levantou a tapa e o muiñeiro meteuna dentro ata que morreu.

Despois o muiñeiro topou co coello e díxolle:

- Muiñeiro, ¿vas para o muíño?.
- Vou.
- ¿Lévasme contigo?.
- Pois ven, home, ven.
- ¿Posme de cabeceira da mesa?
- Si que te poño, pero antes vai polo prixel.

Marchou polo prixel, veu con toda présa e díxolle ó muiñeiro:

- ¿Onde o poño?.
- Na artesa.

Pero o muiñeiro abriu a artesa, deixou cae-la tapa e matou o coello.

O muiñeiro seguiu andando, e topou coa raposa que lle dixo:

- Muiñeiro, ¿para onde vas?.
- Para o muíño.
- ¿Que levas de comer?.
- Pan e viño.
- ¿Queres que vaia contigo?.
- Ven, muller, ven.
- ¿Que vou facer?.
- Vai roubar pitas.

Marchou a raposa, trouxo catro ou cinco pitas, e díxolle ó muiñeiro.

- ¿Que facemos agora?.
- Méteas na artesa.

E deixou cae-la artesa pero a raposa é moi lista e escapou para o lar. Pero o muiñeiro díxolle:

– Déixate estar que che vou facer unhas sopas. Déixate estar aí ó redor do lume.

Pero a raposa botou a fuxir que non houbo quen a collera, e marchou. Ó chegar ó camiño encontrou o oso e o lobo, e díxolles:

– Eu son máis lista ca vós, que fun e non me fixo nada.

– Pois imos mirar polo alto da cheminea a ver que fai o vello muiñeiro.

Alá foron os tres e a raposa mirou e díxolles:

– Están sentados ó redor do lar. O home está calado, pero está outro señor á beira que está pasando as mans pola cara e di que por estas e por aquelas imosllas pagar. E o señor que estaba na beira era o gato.

[Contado por Dna María. Santa María dos Ríos (Riós). Ano 1985].

CONTO Nº 9: *O LABREGO, A RAPOSA E O LOBO*

Unha vez había un labrego que quería acabar co lobo e entón púxose de acordo ca raposa. A raposa díxolle:

– Se me dás un saco de pitas do teu galiñeiro axúdote a elimina-lo lobo.

– Pois si, —dixo el.

Entón subiu a raposa a un alto e berroulle ó labrego:

– ¡Ai, home que estás arando...!.

– ¿Que queres Marica?.

– ¿Que tés ó lado do carro?.

– Un madeiro —contestoulle o labrego.

– ¿Porque non o botas ó carro?.

Entón o lobo —que era o madeiro— contestoulle:

– Bótame, bótame.

E botouno no carro. Dalí a un momento voltou a raposa:

– ¡Ai home que estás arando!.

– ¿Que queres Marica?.

– ¿Que tes á beira do carro?.

– Unha corda.

– ¿E porque non áta-lo madeiro ó carro?.

– Átame, átame —díxolle o lobo.

E atouno ó carro. Entón volveu a berra-la raposa.

– ¡Ai home que estás arando!.

– ¿Que queres Marica?.

– ¿Que tés ó redor do carro?.

– Un machado.

– ¿E por que non llo cravas ó madeiro?.

Entón dille o lobo ó labrego:

– Fai que me cravas pero non me craves.

Pero o labrego cravouno e matou o lobo. Entón a raposa díxolle ó labrego:

– Agora dáme o ofrecido.

E vai o labrego e entregoulle un saco cargado. A raposa púxoo ó lombo e marchou polo camiño e segundo ía andando, dicía:

– ¡Pitos serán, pero úlenme a can!.

Ía cheirando e volvía a dicir:

– ¡Pitos serán, pero úlenme a can!.

Ó chegar a un sitio que lle pareceu apropiado para comer, parou e abriu o saco. Entón os cans empezaron a saír e a correr tras da raposa. Os cans corre que corre ladrando tras dela, e a raposa corría, corría, corría mentres dicía:

– ¡Arriba pernas, axudádeme zancas que neste mundo non hai máis ca trampas!.

[Recollido en Santa Eulalia de Beiro (Ourense). Ano 1985].

CONTO Nº 10: *O FILLO QUE SE CONVERTE EN LOBO-I.*

Vivía, hai moitísimo tempo, un home fero que xuraba e maldicía continuamente, e tiña un fillo que sempre quería telo traballando e non lle gustaba que o rapaz trátase de se divertir. Certo día, pai e fillo, discutiron porque o rapaz quería ir a unha festa e o vello insistía en que fose queimar un monte e preparalo para sementar.

– Un día de festa non se traballa; a queimada se non se fai hoxe pódese facer outro día, pero a romería se hoxe non se vai acabouse, —dicíalle o fillo.

– O que non se fai e ir de parranda mentres hai labor que atender, — respostaba o pai. Ti vai á festa, pero como vaias coas mozas aínda permita Deus que teñas que andar a catro patas coma os lobos.

Nunca tal dixera. Unha noite o rapaz sentiuse inquieto, moi inquieto, e levantouse, puxo os pantalóns e saíu á eira. Era coma se unha forza estraña o empuxara cara óo monte. Botouse por aí arriba, chegou a un prado, estomballouse na herba e non sabía porque facía aquilo. Pero cando tentou erguerse non puido facelo, estaba a catro patas e seguía correndo cara á cima, ouveando coma un lobo, e ía tras eles a catro patas coma se fose un can doente.

Na aldea empezouse a falar da desaparición do rapaz e tamén dun lobo moi grande que devorara moitos cabritos e cordeiros. E o pai do rapaz empezou a matinar no caso, lembrando a súa maldición. Ese lobo pode se-lo meu fillo, pensaba, e foise ver unha velliña que dicían que era meiga e conteulle o caso.

— Vaia home, vaia, a maldición dun pai é o peor que pode haber para un fillo. Un pai non debe maldici-lo seu mesmo sangue, —díxolle a vella. Mais se ese lobo é teu fillo, dareiche un remedio para volvelo á vida dos humanos.

Díxolle esto para tranquilizalo, pero tamén lle explicou que non era cousa fácil porque un dos dous podía morrer debido a que o fillo, convertido nunha fera, tiña perdido tódolos sentidos de home.

— ¿Que podo facer logo?, —preguntoulle.

— Pois mira a ver se podes facerlle sangue, pero que a ferida non sexa cousa de morte, porque se lle fas moito dano, ese mal quedaríalle ó recobra-lo seu ser.

O vello saíu moi pensativo da casa da meiga e moito cavilou durante o camiño en como debería de proceder. Ó día seguinte decidiu saír en busca do lobo, levou consigo un coitelo para evitar maiores males e mais un cabritiño que atou ó pé dun toxal detrás do que se agachou tamén el co coitelo na man. Cando chegou a media noite, viu como o cabrito se estremecía e soubo como a loba se achegaba. De seguida escoitou un pequeno golpe como se fose un salto do lobo para coller e leva-lo animal. Entón arrastrouse como puido e chantou o coitelo no lombo do lobo, que se revolveu ensinándolle os dentes. Pero el botoulle os brazos ó pescozo e empezoulle a dicir:

— !Fillo!. !Fillo!.

A ferida empezou a medar e a pel do lobo comezou a abrirse e a desprenderse do corpo. A fera empezou a fregarse entre os toxos e, pouco a pouco, o rapaz recobrava de novo o ser, moi desfalecido pero tal como era antes de ser maldicido polo seu pai.

[Recollido na parroquia de San Pedro de Cudeiro (Ourense). Ano 1985].

CONTO Nº 11: *O FILLO CONVERTIDO EN LOBO-2.*

Certo día andaban un pai e un fillo na sega. Cando chegou a hora de xantar díxolle o fillo a seu pai:

— A estas horas comía de boa gana unha tallada de carne.

— Pois oxalá te converterás en lobo para que nunca carne che faltase, — contestoulle o pai.

E fíxose a maldición. O mesmo día desapareceu o fillo e foise vivir ó monte. Unhas veces andaba de home e outras de lobo. O pobo estivo morto de medo, ata que un día conseguiron matalo, e foi entón cando deixou a forma de lobo e se volveu home.

[Recollido na parroquia de San Ciprián de Rouzós (Amoeiro). Ano 1985].

CONTO Nº 12: *O GAITEIRO E O LOBO.*

Había un home que nos seus anos mozos tocaba como ninguén a gaita e, como bo gaiteiro, era reclamado e asistía a tódolos fiadeiros dos lugares veciños.

Aconteceu unha noite que voltaba coma sempre tarde dun destes fiadeiros e cadrou de ter que vir el só para o seu lugar, e tiña que atravesar un souto espeso. Serían as doce ou a unha da noite cando se atopaba xa no medio del. Era unha noite nin clara nin escura, e, nesto, vai que lle saíron dous grandes lobos ó seu encontro. El, morto de medo e sen ocorrérsele outra cousa, agatiñou o máis lixeiro que puido ó piñeiro máis alto, xa que na cima se sentía a salvo.

Pero os dous animais non se deron por vencidos senón que a pesar do grosor do piñeiro, comezaron a roer e a rabuñar nel coas patas e dentes afiados coma coitelos.

O gaiteiro tremaba de medo porque viu que os dous lobos podían cortar na noite tres ou catro piñeiros máis coma o del. Compreendeu rapidamente o apurado da situación e decatouse do seu fin. Sen saber nada que facer agora, dispúxose a sacar da súa gaita as últimas notas, e posto a iso entooou a canción que máis lle gustaba a el. Pero cal non sería o seu pasmo, cando viu que aínda ben non empezou a soa-la súa gaita, os lobos que estaban para rematar co piñeiro empezaron a correr cada un polo seu lado, sen saberen onde se meter.

[Contado por Don Manuel. Santa Baia de Bubal (Carballedo. Lugo). Ano 1984].

CONTO Nº 13: *A RAPOSA E O LEÓN BAIXAN COME-LO QUEIXO Ó POZO.*

Nunha ocasión a raposa e o león eran compadres e ían paseando por unha terra onde había un pozo de auga. Era de noite e a lúa estaba moi resplandecente; era redondiña e tanto resplandecía na auga que pensaron que era un queixo.

Aquel pozo tiña un maquiadeiro de dous baldes e un subía cando baixaba o outro. Entón a raposa meteuse nun balde e baixou ó fondo para come-lo queixo, pero así que viu que non era nada, botou de contas e dixo:

– Se se mete el no outro balde, como eu peso menos afonda el e subo eu.

Entón colleu e díxolle ó león:

– Compadre, ponte no outro balde e baixa, senón como eu todo.

Vai o palastrán do león e meteuse; baixou ata o fondo e a raposa saíu. Pero o león, alí quedou ata que morreu.

[Contado por Dona Dorinda. Santa María de Vilar de Vacas (Cartelle). Ano 1985].

CONTO Nº 14: *LOBO*

Unha vez eran o raposo e mailo lobo. E aquí en Galicia, pois entre eles chamábanse, o lobo era Xan e o raposo Pedro —a señora ri—. E foron roubar mel entre dous. Pero o lobo sempre foi máis burro có raposo, ca Pedro. E esconderono e dixeron:

– Bueno, pois. Imos poñer un día para *comelo* (tono grave en esta palabra).

Bueno, quedaron de acordo en poñer un día. E habían de poñer un día pero ese día pois nunca viña. Encontrábanse moitas veces. E un día, dixolle Xan, dixolle a Pedro:

– Ai, Pedro, ho. ¿Onde vas?. (Sorprendido, como quienes se encuentran por causalidad).

– Pois mira, vou facer un bautismo.

– Arre. ¡Pues mira que ti tes sorte, ho!. A min nunca me chamaron para ir de padriño. Pois, e logo, ¿como lle vas poñer o fillado? (Mas alegre).

– Voulle poñer «Empezado» (casi susurrando).

Ía empezar agora o do mel (risa).

– Pois gústameche o nome, e tal.

Bueno, ala foi o raposo, pegoulle... e doulle un lambón a mel. Bueno, pasou. Ata que outro día dixo:

– Voulle dar outra lambida agora ó mel.

E volveu a encontrar a Xan de casualidade. E dixo Xan:

– ¿E cando poñer (día) para ir come-lo mel, ho?.

– ¡Bah! Eu non sei. Eu tamén moitas ganas non teño de el.

– ¡Home! (Ofendido y sorprendido).

Dixo:

– Hoxe non podemos porque vou facer outro bautismo.

– ¡Arre, coño!. ¡Que sorte tes! (Asombrado; oyentes se rien). E eu nunca teño un bautismo que facer. ¿Como lle vas poñer, ho?.

– Voulle poñer «Mediado».

Ben. Foise. E pasou unha temporeada e tal e dixo o raposo:

– Bah. Total, ahora pouco queda. Vou levalo, ho.

Pero ala encontrou a Xan outra vez. E dixo:

– Pedro, pero ¿cando comémo-lo mel? (Insistente). ¿E comémolo ou non o comemos?.

– Si, home si. Habémolo de comer un día (molesto). Fóra de hoxe, calquera día. Xa poñeremos un día.

E dixo:

– E logo, ¿por que non hoxe?.

– Home, vou facer outro bautismo.

– ¡Arre, coño!. ¡Tamén ti!. ¡Canta sorte tes, ho!. E logo, ¿como lle vas poñer?.

– «Rematado». (Oyentes se ríen; el narrador no).

Bueno. Alá que se vai o raposo, acabou co mel. Pasaron uns días e dixo Xan:

– Ese Pedro é o demo. Como non ven nada por aquí, vou ver se o encontro.

Alá se foi en busca de Pedro. Encontrouno durmindo e dixo:

– Pedro. ¿Comémo-lo mel ou non comémo-lo mel?. (Insistente).

– Si, ho. Agora mesmo imos alá, home. Xa tiña pensando ir alá xunto a ti pero estaba cansado e tal. ¡Vamos alí!.

Foron alí pero o mel estaba baleiro. Dixo Xan:

– ¡Arre, coño!. ¡Home!. ¿Fuches ti ou non fuches ti?.

– Eu non fun.

– E eu tampouco.

E díxolle, safu Pedro, como é máis pillo que Xan, e dixo:

– Bueno, pois ben. Fai un día de calor. Quentísimo. Se queres, ímon poñer coa barriga ó sol e ó primeiro que lle súa a barriga, foi o que comeu o mel.

E Xan, como era parvo, díxo:

– Pois vamos para alá, coa barriga ó sol (Narrador agora se ahoga de risa).

Xan colleu o sono. Entón Pedro levantouse e mexoulle na barriga (Oyentes se ríen). E díxolle:

– Ai Xan (a voces). Levántate. Xan, que che está suando a barriga (tono de burla).

(Risas).

O pobre do lobo levantouse e tiña a barriga toda mollada. Mexárao Pedro. E dixo (narrador y oyentes se ríen).

– A min suar, súame. Pero eu, o mel non o comín (personaje con tono inocente; narrador ahogándose de la risa).

– Non. Ti comíche-lo mel porque che está suando a barriga.

– ¡Que non o comín, ho!. (Tono de vítima falsamente acusada).

– Non. Ti comíche-lo mel porque se non comése-lo mel, pois non che suaría a barriga (acelerando la voz y amplificándola).

E o pobre de Xan cargou coas culpas e mais non comera o mel (tono de compadecimiento). E Pedro comera o mel e marchou todo contento.

[Recollido de: RAMOS, R.A.: *El cuento folklórico: una aproximación a su estudio*. Ed. Pliegos. Madrid, 1988, Págs.87-90.

CONTO Nº 15: *O LOBO E AS OVELLAS NAI E FILLA.*

Nun día frío de inverno estaba unha ovella coa súa filla pacendo no monte. Nestes medios díxolle a ovella filla á ovella nai:

– Miña nai, vaiámonos que vai vir por aí o da pelica torda e vainos levar.

– Come filla, come, que mañá ou choverá ou nevará e non poderemos vir acá.

De súpeto presentousélle-lo lobo e díxolles:

– Comadre, ¿e vostede dárame a súa filla?.

– Darei, si señor, —díxolle ela. Pero antes ten que facer unha cousa que eu lle mandarei.

– Farei, si señora, pero non me irá enganar, —respondeulle o lobo.

– Pois mire, corra alí arriba e mire como corre a auga polo cubo do muíño, —díxolle a ovella.

E o lobo foi correndo, e mentres tanto escaparon as ovelas e metéronse dentro da corte, e cando se pecharon ben díxolle a nai á filla.

– Vaia, vaia, que desde que son vella rufa nunca levei maior escaramuza.

E o lobo, que xa volvía do muíño, dándose conta de que lle escaparan, contestoulle desde fora:

– !E eu desde que son vello nunca levei maior carreira en van!.

[Contado por D.Benito Blanco. Sta. Cristina de Vilariño. (Pereiro de Aguiar). Ano 1985].

CONTO Nº 16: *O LOBO E OS SETE CABRITOS.*

Erase unha vez, unha casa na que vivían sete cabritos ca súa nai. Un día tivo que saír de viaxe e avisou ós cabritos que non lle abirían a ninguén a porta.

Cando a nai marchou acercouse o lobo a petar á porta e díxolles:

– Abrideme a porta que son vosa nai.

– Ti non es nosa nai, que tés a voz moi ronca; mete a pata por debaixo da porta, díxolle un cabrito.

O lobo marchou correndo a comer ovos para clarexa-la voz e, o mesmo tempo, untou unha pata con fariña. Volveu de seguida petar á porta dos cabritos e eles ó sentir que tiña a voz máis clara, e ó ver que a pata era branca abrironlle a porta.

O lobo púxose a comer ós cabritos e só se salvou un. Cando a cabra nai chegou á casa o cabritiño contoulle todo o que lles pasara co lobo. A cabra chamou polos homes e quitáronlle os cabritos da barriga ó lobo, metéronlle pedras no sitio e volvérono coser.

O lobo tivo moita sede e baixou ó río a beber. Cando se agachou tódalas pedras lle baixaron para a cabeza e afogou.

[Contado por Don Avelino. San Xoán de Seixadas (Cartelle). Ano 1985].

CONTO Nº 17: *O LOBO, O BURRO E O HOME.*

Unha vez estaban sentados un lobo e un burro e díxolle o lobo ó burro:

– O bicho máis valente que hai no mundo sono eu.

– Non, o bicho máis valente é o home, —díxolle o burro—.

– Non, non, o bicho máis valente son eu —replicou o burro—.

O lobo foi e deu cun rapaz moi pequeno, e díxolle:

– ¿Ti eres home?.

– Non, eu aínda o ei ser.

Volveu ir o lobo onde ó burro e dixo:

– Mira, mira como o bicho máis valente ue hoi no mundo son eu.

– Non o eres, non, é que non deches co home; volve ir a ver se dás co home.

Marchou o lobo e deu cun ferreiro que ía traballar a un pobo a levaba a amarra, as tenzas, e unha escopeta de dous cañóns. E foi o lobo e díxolle:

– ¿Ti eres home?.


– Son. Chegate se queres sabelo.

E chegouse, botoulle as tenzas ós narices e despois e contraman, co puño cerrado, e ca maza de malla-lo ferro, o ferreiro empezou a darlle golpes na cabeza que casi o escacharrou, e cando ía escapando, colleu e disparoulle ca escopeta. O volve-lo lobo xunto ó burro, este viuno e dixo:

– Sí, agora deches co home.

– Agora din co home, sí; —dixo o lobo—. Chegueime a el e votoume os dous dedos ós narices, despois deume co puño na testa e logo aínda puiden escapar; pero con todo fungoume ós narices. Fungoume unha vez, que se me chega a funga-las dúas matábame.

[Recollido na parroquia de San Xoán de Trasmiras (Trasmiras). Ano 1984].



DE LA COPLA AL CONTENIDO: ANALISIS CONTEXTUAL DE LA NARRATIVA POPULAR GALLEGA

Miguel M^a López Coira

Univ. Complutense de Madrid (*)

En este Simposium en memoria de la figura señera de Fermín Bouza Brey, me corresponde intervenir sobre uno de los tipos de tradición oral que más amplia difusión y mayor representación ha tenido en los corpus tradicionales: las coplas populares. Me atrevo a afirmar, sin temor a equivocarme, que todos los presentes podrían tararear, sin mucho esfuerzo, al menos media docena de coplas tradicionales, independientemente de su contenido o de la melodía que les corresponda. ¿Recuerdan cómo las aprendieron? ¿Recuerdan en qué contextos las han coreado en alguna ocasión? ¿Harían memoria para indagar quién se las enseñó? y, finalmente, ¿podrían ustedes intentar clasificarlas?

Pues bien, exactamente estos son algunos de los problemas que las coplas populares han arrastrado desde hace más de cien años. Y Galicia no es precisamente una excepción. Desde mediados del siglo pasado, un gran número de estudiosos e intelectuales dedicaron parte de sus vidas a resolverlos, y creo que aún no hemos llegado a conclusiones satisfactorias.

El primer paso para iniciar el camino fue el de recopilar los materiales, e intentar clasificarlos constituyó el segundo. De estos dos primeros intentos disponemos de amplias muestras en las que se recopilan una enorme cantidad de materiales o textos orales, que cristalizaron en lo que conocemos como «cancioneros». Del tercer y cuarto paso, es decir, la explicación e interpretación del significado sociocultural de las coplas, tenemos, desafortunadamente, pocos trabajos relevantes.

